

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 12.**

**SESION ORDINARIA (agosto) DO 8 DE SETEMBRO DE 2015**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO  
POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
Gago Bugarín, Diego José  
González Sánchez, Elena  
Muñoz Fonteriz, Elena  
Piñeiro López, Ángel (incorpórase no  
punto 3.3)

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE  
VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois  
López Barreiro, Margarida  
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTE:

Fernández Pérez, José Manuel (concelleiro g. m. Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día oito de setembro do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA

(agosto) conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Señores/as concelleiros iniciamos o Pleno do Concello, sesión ordinaria, convocada para o día de hoxe ás nove horas, a orde do día obra en poder das señores/es concelleiros, ábrese sesión pública.

## **PARTE RESOLUTIVA**

### **1.- ACTAS ANTERIORES.**

Non houbo.

### **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

### **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

#### **3.1(138).- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DATA 26. 07.15 REFERENTE Á DESIGNACIÓN DUN ESPECIALISTA EN TEMAS EDUCATIVOS NO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 17225/332 (REXISTRO PLENO 1150/1101)**

ANTECEDENTES.- A Alcaldía, en data 26.06.2015, emite a seguinte proposta:

“O Regulamento Orgánico de Organización e Funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV), que foi aprobado polo Pleno da Excma. Corporación en data 25 de xaneiro de 2010, no seu artigo 6, relativo á composición do CEMV, dispón que serán Conselleiros/as en representación do sector social “Dez membros elixidos por acordo do Concello Pleno, de entre as seguintes categorías de profesionais”, sinalando a continuación a representantes de distintos colectivos sociais, sendo estes colectivos os encargados de realizar a correspondente proposta.

Dentro de dito sector social recóllese a integración dun especialista, de recoñecido prestixio, en temas educativos, a proposta do Alcalde, polo que dentro das competencias regulamentariamente asignadas, veño en formular ó Pleno da Corporación a seguinte...”

A seguir o asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

A Comisión Informativa de Medio Ambiente, Festas, Turismo e Deportes, en data 1 de setembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Designar vogal do sector social do Consello Escolar Municipal (CEMV), con efectos do día seguinte ao do presente acordo, a D. ANTONIO VÁZQUEZ VÁZQUEZ, profesor do IES de Teis, como especialista de recoñecido prestixio en temas educativos pola súa dilatada experiencia docente, en cargos de responsabilidade de xestión educativa como a Dirección Xeral de FP, en labores de dirección no IES de Teis e movementos de renovación pedagóxica, participación activa en anteriores etapas do CEMV e polo recoñecemento do que goza na comunidade educativa da nosa cidade.

### **3.2(139).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DOS VOCAIS DO SECTOR SOCIAL DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 17226/332 (REXISTRO PLENO 1151/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 26 de xuño de 2015, o técnico do Servizo de Educación, co conforme da concelleira delegada de Educación, emite o seguinte informe proposta:

“O Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 25 de xaneiro de 2010, adoptou o acordo de aprobar definitivamente o Regulamento Orgánico de Organización e Funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo - CEMV (Expte. 10600/332) que foi publicado no BOP núm. 37 do 24 de febreiro de 2010.

No artigo 1º “Natureza” do citado Regulamento, defínese este órgano colexiado de ámbito municipal e de carácter consultivo, como unha peza básica para acadar unha eficaz instrumentalización da participación democrática de todos os sectores da comunidade educativa da nosa cidade. Igualmente nas súas disposicións adicionais establécese entre outros o seguinte proceso de constitución do CEMV:

- “Sesión constitutiva do CEMV”: A convocatoria e presidencia sesión constitutiva do CEMV será efectuada polo Alcalde do Concello de Vigo ou Concelleiro/a da Área de Educación en quen delegue.

- “Publicidade dos cargos do CEMV”: O Concello de Vigo publicará na súa páxina web, previa comunicación do secretario do CEMV, os nomes dos/as conselleiros/as en cada período de mandato, co obxecto de fomentar a transparencia e dar cumprimento ao principio de información á cidadanía.

O artigo 6.3 “Composición do CEMV”, recolle que o mandato dos/as conselleiros/as será de catro cursos académicos, excepto os representantes dos/as alumnos/as, que será de dous cursos académicos. Tendo en conta que a sesión de constitución do CEMV tivo lugar en data 12 de maio de 2010, ten transcorrido a totalidade do mandato que determina o seu regulamento; polo que seguindo instrucións da Concelleira-Delegada de Educación iniciáronse as xestións e trámites oportunos para concretar o proceso de nova constitución e renovación de representantes deste órgano consultivo de participación democrática en materia de educación no ámbito municipal.

O Regulamento do CEMV, no seu Capítulo II “Competencias e composición”, no seu artigo 6 “Composición do sector social do CEMV” recolle que o referido sector estará integrado por dez membros elixidos por acordo do Pleno da Excm. Corporación Municipal, de entre as seguintes categorías de profesionais:

- Dous directores/as de centros públicos, que serán propostos polas asembleas de directores/as, de primaria e secundaria, dos colexios públicos e institutos de Vigo.
- Un representante das centrais sindicais, que non estea vinculado ao ámbito educativo, a proposta dos sindicatos máis representativos.
- Un representante de asociacións de empresarios/as, que non estea vinculado ao sector educativo, a proposta da Confederación de Empresarios/as de Vigo.
- Un representante das asociacións de persoas con discapacidade, á proposta da Federación máis representativa deste ámbito en Galicia.
- Unha persoa titular de centros privados, a proposta da Asociación de centros privados.
- Un especialista, de recoñecido prestixio, en temas educativos, a proposta do Alcalde.
- Un representante das asociacións de veciños/as que actúen no municipio de Vigo, legalmente constituídas, a proposta da Federación de Asociacións de Veciños de Vigo máis representativa.
- Unha representante a proposta do Consello Municipal da Muller.
- Un representante dos centros públicos de ensinanzas artísticas, regradas ou non regradas, a proposta dos seus directores/as.

Unha vez rematadas as tarefas de nova constitución e renovación de representantes deste Órgano Colexiado e recibidas comunicacións das persoas propostas polas distintas categorías profesionais que integran o sector social;

PROPONSE ao Pleno da Excm. Corporación Municipal adoptar o seguinte acordo...

A seguir o funcionario asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

A Comisión Informativa de Medio Ambiente, Festas, Turismo e Deportes, en data 1 de setembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez,

Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

“Nomear vogais do sector social do Consello Escolar Municipal (CEMV) ás seguintes persoas”:

- ESPERANZA DACOSTA DAPENA, Directora do CEIP San Salvador de Teis, proposta pola Asociación de directores/as de colexios públicos de Vigo (ADICOPUVI).
- CARLOS BACELO BACELO, Director do IES Audiovisual de Vigo, proposto pola Asociación de Directores e Directivos de IES de Galicia (ADDIGA).
- XABIER PÉREZ IGREXAS, representante das centrais sindicais, non vinculado ao ámbito educativo, proposto polos sindicatos máis representativos.
- JOSÉ LUIS SANZ ESCRIBANO, representante de asociacións de empresarios/as, non vinculado ao sector educativo, proposto pola Confederación de Empresarios/as de Vigo.
- JAVIER SÁNCHEZ ÁLVAREZ, representante das asociacións de persoas con discapacidade, proposto por CERMI-GALICIA (Confederación de representantes de federacións de discapacitados de Galicia).
- JOSE ÁLVAREZ CARPINTERO, representante de centros privados, proposto pola Asociación provincial de centros de ensinanza non estatal de Pontevedra.
- ANTONIO VÁZQUEZ VÁZQUEZ, especialista de recoñecido prestixio en temas educativos, proposto polo Excmo. Sr. Alcalde.
- MARÍA PÉREZ GONZÁLEZ, representante das AA.VV. de Vigo, proposta pola Federación Veciñal “Eduardo Chao”.
- ISABEL LÓPEZ LORENZO, representante do Consello Municipal da Muller, proposta polo Consello Municipal da Muller.

•CÁNDIDO CABALEIRO PAZ, Director da Escola Municipal de Música, representante dos Centros Públicos de Ensinanzas Artísticas, regradas ou non regradas, proposto polos seus directores/as.

### **3.3(140).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA PARA A TRAMITACIÓN DUN SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA SUFRAGAR OS CUSTES DOS CONTRATOS DE RECOLLIDA DE LIXO E LIMPEZA VIARIA. EXPTE. 2125/106 (REXISTRO PLENO 1175/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2015, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, formula o seguinte informe proposta:

“Modificación orzamentaria núm: (61/2015).

Tipificación da Modificación: Suplemento de Crédito

Expediente: 2125/106

Contía do Suplemento de Crédito: 3.797.493,55 euros

Finalidade: Atender a insuficiencia de crédito das aplicacións que figuran na memoria xustificativa do servizo de limpeza

Normativa:

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP).

Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Decreto de Delegación de competencias de 19 de xuño de 2015.

Bases de Execución do Orzamento que rexen para o ano 2015

Antecedentes

En execución da Resolución do Sr. Alcalde - Presidente do 7 de agosto de 2015, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (61/2015), que está conformado da seguinte documentación acreditativa: Memoria xustificativa do Sr. Xefe do servizo de limpeza asinada o 06/08/2015, conformada polo Concelleiro da Área de Fomento e o de Orzamentos e Facenda (Delegación do Sr. Alcalde de data 19 de xuño de 2015) e Resolución da Alcaldía Presidencia, na que en base a memoria técnica, xustifícase a inaprazabilidade do gasto que hai que acometer.

A vista da documentación, para a continuación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no art.123.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa, á adopción do seguinte acordo:"

Deseguido o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 10 de agosto, o interventor xeral do Concello informa do que segue:

Incoado por Resolución da Alcaldía de data 7 de agosto do ano en curso e proposta do Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda (Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015), tivo entrada con data 07/06/2015 nesta Intervención Xeral o expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 61/2015, que se financia con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais obtido da Liquidación do Orzamento do 2.014, e presentada a proposta de modificación acompañada da Memoria xustificativa que conforma un documento independente da Resolución de incoación, o funcionario que subscribe, en cumprimento do previsto polo artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, artigo 37.3 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril e artigo 4.1.g) do Real Decreto 1174/87, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

#### *I.- Lexislación aplicable.*

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP).

Real Decreto 1174/87, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, RXLEP.

Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro.



Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008.

ORDE HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.

Resolución do Sr. Alcalde Presidente de data 19 de xuño de 2015.

Bases de Execución do Orzamento.

Remítese a esta intervención xeral o expediente de referencia para a súa fiscalización. Vista a Resolución de incoación do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 177.2 do TRLRFL, informa

O expediente de modificación orzamentaria que se tramita, contén un suplemento de crédito por un importe de 3.797.493,55 euros. Os suplementos de crédito son aquelas modificacións do Orzamento de Gastos pola que se asigna un crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio posterior, sendo o crédito vixente é insuficiente para facer fronte ao gasto que se propón.

Esta clase de modificación orzamentaria atópase regulamentada nos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL) e artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP), así como na Base 8ª das de Execución do Orzamento vixente.

O Remanente de Tesourería que se propón como recurso para para financiar a modificación orzamentaria por importe de 3.797.493,55 euros regúlase no artigos 177 e 191 de devandito corpo legal e artigos 36, 101 a 105 do mencionado Real Decreto 500/1990.

## ***II.- Descrición da modificación de crédito proposta.***

A normativa que se vén citando, esixe unha serie de requisitos que deben reunir os gastos para os cales proxéctase este tipo de modificación de créditos, requisitos por outra banda, que son comúns tanto para os suplementos como para os créditos de carácter extraordinario.

En síntese, tales requisitos concréntanse en que os gastos haberán de ter carácter específico e determinado, non podéndose demorarse para o exercicio seguinte.

Así mesmo, debe cumprirse a premisa da non existencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado á finalidade específica a que se orienta o gasto a realizar no nivel establecido na vinculación xurídica, para o caso das dotacións de créditos extraordinarios; ou para o suposto de suplementos, a constatación de que é insuficiente o saldo de crédito non comprometido na aplicación correspondente do estado de gastos do orzamento a que se debe imputar o gasto proposto, e iso no nivel establecido na bolsa de vinculación xurídica dos créditos aprobada polo Pleno da Corporación, non podendo ser obxecto de ampliación.

Por Resolución do Sr. Alcalde Presidente de data 19 de xuño de 2015, delegouse

no Sr. Concelleiro delegado da Área de Fomento, D. David Regades Fernández, as competencias do servizo de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos, Limpeza Viaria, Tratamento de Residuos, contenerización, recollida selectiva e todas as competencias do servizo de limpeza

### *III.- Xustificación para non demorar o gasto ao ano seguinte:*

O seu fundamento xurídico está na propia Lei do contrato, polo que, o técnico ten a obriga de informar sobre a pretensión do contratista e ao amparo da Lei do contrato, cuantificar o novo prezo, e se é o caso, informar sobre os atrasos, configurándose a revisión de prezos como unha obriga da Administración, ao estar expresamente prevista nos pregos de cláusulas administrativas particulares, compételle á Administración o seu cumprimento, previa verificación da concorrencia dos requisitos establecidos na normativa vixente para que proceda a revisión de prezos no prazo de execución do contrato, obriga que continúa subsistente aínda cando se refira a anualidades xa vencidas. No é o caso, xa que os expedientes de revisións de prezos foron tramitados e as actualizacións que daqueles se derivaron, foron imputadas ao orzamento, polo que, neste caso, o Sr. Xefe do Servizo está a xustificar a modificación para atender o custe do servizo ata remate do ano, sendo os mes de novembro e decembro onde se producirán as insuficiencias orzamentarias.

A Revisión de prezos e os atrasos foron informados por esta intervención en cumprimento do PCAP e da proposta, no informe facíase constar o déficit, aínda que tal situación non era causa para non tramitar o expediente, a insuficiencia de créditos faríase efectiva ao final do exercicio económico, polo que era necesario tramitar un expediente de modificación orzamentaria, que xa se fixo constar nas tramitacións dos expedientes que contiñan a revisión 8ª e 9ª.

A formación do orzamento do ano 2014, fíxose no mes de setembro - outubro do ano 2013, polo que a dotación ao servizo de RSU, LV, Tratamento, Recollida selectiva e contenerización, tivo a súa base no custe que a esa data tiñan os servizos.

A dotación orzamentaria vixente é suficiente para atender ao custe anual do servizo tendo en conta todas as revisións de prezos tramitadas, incluída a nº 10 en trámite, aínda que as revisións xeran a súa vez actualizacións polos atrasos de facturar do ano anterior ou dos anteriores a prezos sen revisar, polo que, os contratos están dotados orzamentariamente de xeito correcto atendendo a unhas previsións de índices, aínda que a actualización de atrasos non está prevista por descoñecer as contías, sendo complexo facer unha previsión, aínda que en parte si estaba orzamentada.

A prórroga orzamentaria non posibilitou facer o axuste orzamentario axeitado ás necesidades do servizo, polo que, as dúas actualizacións que estaban pendentes das revisións, son o orixe do déficit das aplicacións orzamentarias que afectan ao servizo, que tendo en conta a súa contía, non pode ser financiada con baixas noutras aplicacións orzamentarias.

Na memoria tamén se fai constar o prexuízo que podería xurdir de non tramitar e aprobar a modificación orzamentaria, xa que dos atrasos na tramitación dos devengos do contrato do mes de novembro e decembro, poden producir xuros por demora, que tendo en conta que terían a cualificación de créditos comerciais, se lle aplicaríase o previsto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, coa modificación operada pola

Lei 15/2010, de 5 de xullo, os xuros aplicables serán os publicados para cada semestre. A Resolución de 29 de xuño de 2015, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, publicou o tipo legal de interese de demora aplicable ás operacións comerciais durante o segundo semestre natural do ano 2015, fixando este no 8,05 por 100. En consecuencia, para evitar eses custes, o Sr. Xefe do Servizo xustifica a modificación orzamentaria en trámite.

Ademais do anterior, o orzamento do ano 2016 non tería capacidade para afrontar este gasto dentro das limitacións previstas no teito de gasto, cuxa Taxa de Referencia do Crecemento do Produto Interior Bruto a medio prazo para a Economía Española foi fixada polo Consello de Ministros o 10 de xullo no 1,8% .

Estas son as causas que se xustifican no expediente para a tramitación do suplemento de crédito, do que a propia memoria incorpora un epígrafe sobre a inaprazabilidade do gasto.

#### **IV.- Recurso de financiamento proposto .**

O recurso financeiro que se propón para o financiamento desta modificación de crédito é o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais obtido na Liquidación Orzamentaria do último exercicio liquidado, isto é, o exercicio do 2014.

Recurso financeiro este que admite o apartado 4 do artigo 177 do TRLRFL e o artigo 36.1.b) do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, para financiar os créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

O Remanente de Tesourería para gastos xerais que se obtivo da Liquidación do orzamento da entidade no ano 2014, cuantificouse en 74.324.280,18 euros, dos que se utilizaron para financiar a modificación de orzamentos número 6/2015 (Incorporación de remanentes de crédito): 4.767.246,17 euros, a modificación 9/2015, para amortización anticipada de débeda 10.576.254,68 euros, a modificación 10/2015, para o financiamento dos compromiso das obras no Estadio de Fútbol de Balaidos e campos de fútbol 3.438.677,38 euros, sendo o Remanente de Tesourería dispoñible por unha contía de 55.542.101,95 euros, polo que a proposta de financiar o suplemento de crédito por unha contía de 3.797.493,55 euros, axústase a legalidade.

Achégase ao expediente o informe de seguimento do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible.

Recursos, orixes RTGX				Empregos, aplicacións			
Apli/concepto	Antes da mof.	Baixa	Final	Aplicacións	Inicial	Sup.Crédito	Final
87000	55.542.101,95	- 3.797.493,55	51.744.608,40	1621.2270000	8.688.054,38	1.241.338,40	9.929.392,78
				1621.2270015	2.487.068,22	193.508,72	2.680.576,94
				1632.2270000	18.521.636,77	2.362.646,43	20.884.283,20
Total		-			Total	3.797.493,5	33.494.252

	3.797.493, 55			5	,92
--	------------------	--	--	---	-----

#### V.- Cumprimento da Regra de Gasto

O cumprimento da Regra de gasto que está a establecer o artigo 12 da LOEOeSF, limita a que orzamento tanto na súa aprobación como na súa liquidación, debe estar en función da Liquidación do ano anterior multiplicada pola TRCPIB.

De acordo co previsto na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro e na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, o Remanente de Tesourería que financia o expediente, imputarase ao Capítulo VIII do estado de ingresos (activos financeiros), artigo 87 (Remanente de Tesourería), subconcepto 870.00 (Remanente de Tesourería para de Gastos Xerais).

En relación coa obriga de emitir o informe sobre o cumprimento da Regra de gasto coa aprobación do orzamento, neste caso coa tramitación da modificación orzamentaria nº 61/2015, o artigo 3.c) da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información prevista na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que será unha obriga de remisión de información antes do 31/01 de cada ano, o informe da intervención de avaliación do cumprimento do *obxectivo de estabilidade e do límite da débeda*.

A diferenza entre esta redacción e a contida no mesmo artigo da Orde HAP/2105/2012, é inequívoca. O artigo 3.c) da Orde HAP 2105/2012, establecía que o informe da intervención de avaliación da regra de gasto debe conter o cumprimento do *obxectivo de estabilidade, da regra de gasto e do límite da débeda*, mentres que a Orde HAP/2082/2014, limita o informe ao cumprimento do *obxectivo de estabilidade e do límite da débeda*.

Non é necesario emitir informe sobre o cumprimento da regra de gasto na tramitación do orzamento, neste caso, na tramitación da modificación orzamentaria.

Aínda así, vaise a incorporar a análise conxunta da Regra de Gasto e da Estabilidade Orzamentaria, facendo unha proxección da execución orzamentaria a 31 de decembro de 2015, coa finalidade de verificar se se da cumprimento a ambos obxectivos.

A proxección que se está a facer foi a prevista na remisión de información que se fixo ao MINHAP correspondente ao segundo trimestre do ano.

$$\text{Variación} = ((\text{GCONF previsto 2015} / \text{Liqui.ONF2014}) - 1) \times 100 \leq \text{TRCPIB}$$

$$\text{TRCPIB}_{2015} = 1,3\%$$

$\Sigma$  GNFLiq. 2014 x TRCPIB  $\pm$  Cambios normativos + Gasto invest. sustentables  
(DA sexta LOEOeSF)  $\geq$   $\Sigma$  GCNFLiq. 2015

**VI.- Cumprimento do obxectivo de Estabilidade orzamentaria.**

En canto ao cumprimento da estabilidade orzamentaria nos termos do previsto no art. 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e art. 4 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, o apartado 4 do artigo 11 da LOEOSF, establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

En cumprimento do acordado na reunión do Consello de Ministros celebrada o día 27 de xuño de 2014, e conforme ao establecido no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o acordo polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2015-2017 e o límite de gasto non financeiro do Orzamento do Estado para 2015, son os que se relacionan a continuación:

OBXECTIVO	ANOS		
	2015	2016	2017
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade) EELL	0,0%	0,0%	0,0%
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade) CCAA	-0,70%	-0,30%	0,00%
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade) AC	-2,90%	-2,20%	-1,10%
Débeda Pública para o Conxunto de Entidades Locais, sobre PIB	3,90%	3,80%	3,60%
Débeda Pública para o Conxunto das CCAA , sobre PIB	21,50%	21,30%	20,60%
Débeda Pública para a Administración Central, sobre PIB	76,30%	76,40%	74,30%
Taxa de referencia (para el cálculo do gasto no financeiro), TRCPIB	1,30%	1,50%	1,70%

A análise da incidencia que produce o expediente que se está a informar sobre os orzamentos municipais pola aplicación da Lei Orgánica 2/2012 e do RXLEP sobre o equilibrio ou superávit, entendéndose por situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, cando os Recursos financeiros son iguais ou maiores cos Empregos de igual cualificación.

O cálculo faise para todos os capítulos, aínda que os capítulos V e VI sería cuantificados polos dereitos recoñecidos, para o resto dos capítulos, estase a tomar a recadación neta.

$(\Sigma \text{Recadación ejercicio corrente e pechados dos capítulos I -VII ingresos} - \Sigma \text{capítulos I -VII gastos}) \geq 0$ , cos axustes preceptivos .

En igual sentido, o Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais, no seu artigo 4 dispón que o grupo de entidades locais coa regulación que lle está a dar, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria. O obxectivo de estabilidade ten que se estar a cumprir de xeito continuo.

En canto ás consecuencias do incumprimento deste principio de estabilidade orzamentaria, recóllense no artigo 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012 e consisten, de non alcanzarse tal obxectivo, na obriga de aprobación polo Pleno da Corporación, dun plan económico-financieiro de reequilibrio a un prazo de un ano, cos prazos de presentación, aprobación e implementación que regula o artigo 23.1 da Lei. En igual sentido, o artigo 19 e 21 do Real Decreto 1463/2007, establece os requirimentos e prazos, aínda que neste último artigo, está a establecer un prazo de tres meses para a aprobación do PEF, polo que será de aplicación o previsto no artigo 23.1 da Lei Orgánica 2/2012.

A modificación de crédito nº 61/2015, supón un incremento no Capítulo II (Gasto non financeiro) por un importe de 3.797.493,55 euros, mentres no Estado de Ingresos o financiamento faise mediante a modificación do Orzamento de ingresos, concepto 87000 (Ingreso financeiro), é dicir, capítulo VIII. Hai polo tanto, un recurso financeiro que vai a financiar empregos non financeiros. En consecuencia co anterior, prodúcese un desequilibrio orzamentario no citado importe, xa que o sumatorio dos Capítulos I ao VII do Estado de Gastos é superior ao sumatorio dos Capítulos I ao VII do Estado de Ingresos. Tendo en conta o anterior, a Modificación de orzamento 61/2015 por si soa non cumpre co previsto no art. 4 do RD 1463/2007.

Inicialmente a modificación orzamentaria xera un desequilibrio ou déficit, non entanto o anterior, ao amparo do regulamentado no artigo 21 do RD 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei 18/2001, de Estabilidade Orzamentaria, no seu apartado 1, exceptúa da obriga da aprobación dun Plan Económico-Financieiro, cando a modificación orzamentaria sexa financiada con remanente de tesourería para gastos xerais, non precisa a aprobación do Plan económico financeiro ata a liquidación do orzamento se concorresen as circunstancias de déficit calculado de acordo ao previsto no SEC-95 e nas normas do Ministerio de Facenda, é dicir, que a recadación dos capítulos I ao VII tanto dos estados de corrente como de pechados, cos axustes que procedesen, fose inferior cas obrigas recoñecidas nos mesmos capítulos, cos axustes precedentes, só neste caso, habería que elaborar e aprobar un Plan Económico Financeiro.

Polo tanto, a modificación que está financiada con Remanente de Tesourería para gastos Xerais por un importe de 3.797.493,55 euros, aínda estando a xerar desequilibrio inicial, non require a presentación do Plan Económico Financeiro, neste intre, ademais, tampouco se prevé que se xere desequilibrio ao remate do ano, nin en termos incumprimento do obxectivo de estabilidade como do cumprimento da Regra de Gasto.

Axustes a computar para facer a análise da regra de gasto.

Subvencións finalistas recibidas que son obxecto de diminución no cómputo da regra de gasto:

Concepto	Institución/CONCEPTO	Importe
45002	Xunta de Galicia/ Plan Concertado, SAF	1.504.971,85
345003	Xunta de Galicia/Cedro	550.000,00
45006	Xunta de Galicia/Libre concorrencia, SAF	95.028,15
Total CA		2.150.000,00
42091	Administración Central/Sub. Transporte	1.148.746,19

Transferencias a outras Administracións, aportacións que fai o Concello que non son finalistas e polo tanto non computan na regra de gasto, si computan a quen as recibe:

Aplicación	Institución	Importe
1650.4890000	FUNDACIÓN FAIMEVI	37.003,51
3230.4670000	CONSORCIO GALEGO IGUALDADE	66.420,00
3231.4890000	UNED	80.000,00
3330.4890003	FUNDACIÓN MARCO	605.000,00
3330.4890001	FUNDACIÓN LAXEIRO	80.000,00
3330.4890000	FUNDACIÓN LISTE	140.000,00
3410.4890002	FUNDACIÓN VIDE	125.000,00
4320.4890000	FUNDACIÓN CONVENTIUN BUREAO	95.000,00
46700	Transferencia Consorcio CV. Personal adscrito	36.799,25
TOTAL		1.265.222,76

Análise da estabilidade orzamentaria e da Regra de gasto

Capítulo Gastos	Inicial	M 6, 9, 10,61/15	Definitiva	Obrigas	%	Cap	Recadación corrente	Recadación.p
1	58.907.159,24		59.757.159,24	59.257.159,24	99,20	1	93.887.275,01	7.453.600,44
2	107.053.714,95	4.542.553,20	111.598.774,60	109.466.799,10	98,10	2	7.143.156,69	58.379,38
3	1.063.719,00		1.063.719,00	396.000,00		3	34.063.709,59	2.357.363,54
4	39.253.678,62		39.253.678,62	38.272.336,65	97,5	4	71.711.391,22	248.849,55
5	200.000,00		200.000,00		,00	5	2.416.101,23	84.653,24
6	4.046.071,96	13.015.477,87 <sup>1</sup>	17.061.549,83	12.922.872,45 <sup>2</sup>	75,74	6	,00	,00

7	965.056,26		965.056,26	868.550,63	90,00	7	45.383,92	219.122,10
Gasto non financeiro	211.489.400,03	17.558.031,07	229.899.937,55	221.183.718,07			209.267.017,66	10.421.968,25
Ingreso non financeiro								219.688.985,91
+ operacións pendentes de aplicar ao orzamento				4.800.000,00 <sup>3</sup>				,00
+ Liquidación PIE 2008-2009							2.674.558,58	
Empregos/ Recursos non financeiros				216.383.718,07				222.363.544,49
-Capítulo 3				-396.000,00				
Empregos SEC-95				215.987.718,07				
- Transferencias a OO.AA				13.676.328,90				
-Gasto financiado con fondos finalistas								
Ingresos C. Autónoma				2.150.000,00				
Estado, ingresos, T. Público				1.148.747,00				
Fundación				-				

- 1 9.576.800,49 euros de incorporación de remanentes e 3.438.677,38 de Balaídos e Campos de fútbol (3.213.677,38 e 225.000,00).
- 2 Das obras da bancada de Tribuna máis a de Río, vanse a executar no ano 800.000 euros, da contía de 1.136.000 da bancada de Río, as obrigas imputadas ao ano 2015, van a estar aorredor de 350.000,00 euros, e na bancada de Tribuna, o expediente administrativo foi aprobado o 07/08/2015, polo que, se prevén uns acopios de 450.000,00 euros. En consecuencia, polo que, máis de 3,5 millóns dos orzamentados no capítulo 6, non van a xerar obrigas neste orzamento. Así mesmo, tamén hai que considerar o remanente da aplicación 1710.6190005, que é por unha contía de 664.031,48 euros, que non vai ter execución no ano 2015, polo que os dous proxectos xeran unha inexecución de 4.164.031,48 euros, aínda que a dedución da inexecución da bancada de Río primeira fase, xa está deducida nos créditos por execución do superávit. No entanto, hai que engadirlle o investimento en campos de fútbol por 2250.000 euros, que non vai ter execucion no ano. Además, na incorporación de remanentes está incluído o subministro de bancos por 75.000 euros cuxo contrato está resolto, e algúns outros axustes, por un valor de 291.121,73 euros, correspondente ao ADREM 201500010241.
- 3 A conta 413, operacións pendentes de aplicar ao orzamento, vai ter unha minoración en relación co ano 2014, vai pasar dos 5,8 millóns a 1 millón, que é o correspondente ao mes de decembro do Transporte Urbano. Non hai déficit nos contratos de RSU nin LV, o mesmo está a ser computado na modificación orzamentaria en trámite e xa computada no capítulo 2, polo tanto, hai unha merma de gasto computable na regra de gasto de 4,8 millóns.



s				1.265.222,76				
Outras Administracións, E.M.BEMB. E MAIV				-541.069,52				
Aplicación superávit				3.370.079,73				
Gasto computable				193.836.270,16				222.363.544,49
Límite legal coa TRCPIB 1,3%				194.392.885,81				
Regra gasto/Superávit				-556.615,65				5.979.826,42

Transferencias a MAIV e EM.

Aplicación	Institución	Importe
9420.4630000	MANCOMUNIDADE DE VIGO (MAIV)	269.822,09
9420.4680000	ENTIDADE MENOR DE Bembrive	274.515,11
TOTAL		544.337,20

Non se toman en consideración os gastos financiados con fondos finalistas distintos dos previstos inicialmente no orzamento, xa que os mesmos computan como tales aínda que tamén son axustables negativamente, polo tanto, o seu efecto é nulo.

En canto ao 2º 25% da Paga extraordinaria do ano 2012, está incluída na execución do capítulo I, polo tanto, o gasto xa está computado nesa execución do 99,20%.

Das previsións que se están a facer, que requiren un seguimento e control, hai un escenario orzamentario de peche do exercicio con 6 millóns de euros de superávit e con 0,6 millóns por debaixo do teito de gasto permitido.

En resumo, o expediente cumpre co previsto no artigo 11.4 e 12 da LOEOSF.

A Execución prevista do orzamento no ano 2015, da cumprimento aos obxectivos de estabilidade e regra de gasto, estando a preverse uns índices de execución maiores que os realmente executados nos últimos sete anos, a estes efectos nos remitimos ao informe de liquidación do ano 2014 e os indicadores que nel se incorporan.

### VII.- Sustentabilidade financeira

En cumprimento do previsto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, enténdose por tal, a capacidade para financiar os compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites do déficit e da débeda.

Así mesmo, o artigo 7 do mesmo corpo legal, establece que os actos administrativos, os contratos e os convenios, deberán avaliar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de xeito estrito ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Na mesma liña, o artigo 12, supedita o gasto ao cumprimento da regra e do teito de gasto, que non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española.

O investimento non suporá en ningún caso un custe adicional con efectos nos orzamentos futuros, máis ben terá que ter un efecto positivo, requirirá menos gastos de mantemento. O instalacións do campo de fútbol de Balaidos, están cedidas ao Real Club Celta, SD, polo que, non están a xerar gastos con cargo ao orzamento e tampouco o van a xerar entanto concorran as circunstancias da cesión de uso.

#### Situación de débeda financeira

Débeda	P. 01/01/15	A.ord/extr.15	P. 31/12/15	Amt. Ord.16	P.31/12/16	A.ord/extr.17	P. 31/12/17	Amt. Ord.18	P.31/12/18	Amt. Ord.19	P.31/12/19	Amt.20
C.galicia 2005	1.509.390,26	- 1.509.390,26	,00	,00	,00							
Pt. BCL2008	6.216.103,06	- 1.554.025,76	4.662,077,30	- 1.554.025,76	3.108.051,54	- 1.554.025,76	1.554.025,78	- 1.554.025,78	,00	,00	,00	,00
C.nova 2009	3.027.218,14	- 605.443,63	2.421,774,51	- 605.443,63	1.816.330,88	- 605.443,63	1.210.887,25	- 605.443,63	605,443,62	- 605,443,62	,00	
Pt. BBVA 2010	11.216.699,37	- 8.369.449,89	2.847,249,48	- 569.449,90	2.277.799,58	- 569.449,90	1.708.349,68	- 569.449,90	1.138.899,78	- 569.449,90	569,449,88	- 569,449,90
Pt. BSCH 2014	4.756.254,68	- 4.756,254,68	,00		,00		,00		,00			
D. Financieira	26.725.665,51	- 16.794,564,22	9,931,101,29	- 2.728,919,29	7.202,182,00	- 2.728,919,29	4.473,262,71	- 2.728,919,31	1.744,343,40	- 1.174,893,52	569,449,88	- 569,449,90

Con data 30/06/2015, executouse o acordo plenario de data 23/02/2015, procedéndose á amortización extraordinaria de débeda por unha contía de 11.256.254,68 euros, sedo a débeda financeira bancaria viva a esta data por una contía de 15.469.410,83 euros .

O coeficiente de endebedamento a 30/06/2015, é do 6,66%

O coeficiente de endebedamento previsto a 31/12/2015, é do 4,23%, sendo a amortización ordinaria prevista para o 30/12/2015 de 5.538.309,54 euros.

A débeda financeira bancaria a 31/2/2015, será de 9.931.101,29 euros.

#### VIII.- Sustentabilidade da débeda comercial

Lei 3/2004, Lei 15/2010, Artigo 216 do TRLCSP, aprobado polo RDL 3/2011		
Trimestres	PMP/días	PMPP/Días

<b>Ano 2014</b>		
Primeiro Trimestre	19,93	10,7
Segundo Trimestre	15,63	9,31
Terceiro Trimestre	12,04	7,8
Cuarto Trimestre	10,46	1,12
<b>Ano 2015</b>		
Primeiro Trimestre	27,93	15,5
Segundo Trimestre	24,5	19,19
Terceiro Trimestre		
Cuarto Trimestre		

<b>PMP , Real Decreto 635/2014, ano 2014</b>				
<b>Institución</b>	<b>Setembro</b>	<b>Outubro</b>	<b>Novembro</b>	<b>Decembro</b>
Entidade Local	-9,95	-12,64	-14,36	-15,63
EMAO	-9,37	-15,6	-22,95	-22,23
MARCO		33,91	9,47	13,51
XMU	-17,97	-17,2	-15,15	-17,6
IMD	-15,42	-14,97	-11,97	-14,89
VIGOZOO	-15,67	-11,47	-11,18	-21,24
PMP GLOBAL	-10,14	-12,16	-13,88	-15,54

<b>PMP , Real Decreto 635/2014, ano 2015</b>												
<b>Institución</b>	<b>Xaneiro</b>	<b>Febreiro</b>	<b>Marzo</b>	<b>Abril</b>	<b>Maio</b>	<b>Xuño</b>	<b>Xullo</b>	<b>Agosto</b>	<b>setembro</b>	<b>outubro</b>	<b>Novembro</b>	<b>Decembro</b>
Ent. Local	-1,13	-6,6	-7,46	-10,91	-12,36	-7,49	-9,57					
EMAO	-4,93	-11,35	-17,32	-15,53	-21,08	-21,53	-9,45					
MARCO	-1,83	9,64	-8,51	-1,63	-6,64	29,74	56,67					
XMU	-7,44	-12,13	-11,8	-15,49	-11,37	-14,02	-19,1					
IMD	-7,16	-10,62	-24,98	-4	-16,22	-8,18	-12,49					
VIGOZOO	-6,66	-16,16	-15,31	-11,2	-16,17	-12,94	-19,99					
PMP global	-1,34	-6,64	-7,92	-10,69	-12,39	-7,38	-9,37					

Os pagos estanse a facer dentro dos períodos que establece a Lei de morosidade 3/2004 coa modificación operada pola Lei 15/2010 e artigo 216 do TRLCSP, aprobado polo RD lexislativo 3/2011, e o Decreto 635/2014.

#### ***IX.-Tramitación e aprobación do expediente.***

Ao amparo do previsto nos artigos 177.2 do TRLRFL e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación aos expedientes de Suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e o réxime de recursos na xurisdición contencioso-administrativo aplicables aos Orzamentos, é dicir:

- ✓ Proposta coa Memoria xustificativa do Presidente.
- ✓ Informe preceptivo do Interventor.
- ✓ Ditame da Comisión Informativa competente en materia de Facenda, preceptivo a teor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.
- ✓ Aprobación inicial polo Pleno da Corporación.
- ✓ Non se require quórum especial para a aprobación destes expedientes de modificación de créditos, será aplicable o réxime xeral da maioría simple de votos a favor (artigo 47 da Lei 7/1985).
- ✓ Exposición ao público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante devandito prazo ante o Pleno.
- ✓ O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).
- ✓ O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será inserido no Boletín Oficial da Provincia.
- ✓ Da concesión do suplemento de crédito definitivamente aprobada, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- ✓ A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.
- ✓ Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do

recurso non suspenderá por se só a aplicación do suplemento de crédito.

✓ A modificación entrará en vigor unha vez produciuse a publicación no BOP, sendo executiva dentro do mesmo exercicio da súa aprobación.

✓ Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario ou suplemento de crédito.

✓ De acordo co previsto no artigo 169.7 TRLRFL, unha copia do Orzamento e de todas as súas modificacións debe acharse a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio.

#### **X.- Conclusión**

Visto o contido do expediente nº 2125/106, relativo a modificación de créditos nº 61/2015 (Suplemento de Crédito) e a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, esta Intervención Xeral conclúe:

O recurso financeiro proposto como financiamento para a modificación de créditos que é obxecto de informe, axústase ao previsto no artigo 177.4 do TRLRFL e artigo 36.1 do RD 500/1990, sendo o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais un dos recursos previstos no ordenamento xurídico citado.

O gasto é concreto e específico, estando xustificada a modificación orzamentaria que é obxecto de informe.

A modificación orzamentaria da cumprimento ao previsto no artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Dáse cumprimento ao previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, xa que da proxección da execución do orzamento do ano 2015 a un escenario de Liquidación, hai cumprimento da Regra de Gasto.

Dáse cumprimento ao principio de sustentabilidade financeira, xa que a execución deste investimento non vai ter efectos futuros negativos sobre o orzamento da Entidade.

O órgano proposto para a aprobación do expediente, de acordo ao previsto no artigo 177.2 do TRLRFL, artigo 38.1 do Real Decreto 500/1990, artigo 123.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, é o competente.

A tramitación administrativa do expediente é a axustada a Dereito.

En consecuencia, infórmase favorablemente, quedando sometido o mesmo á tramitación regulamentaria que se establece na proposta e neste informe.”

Con data 28 de agosto de 2015, a Xunta de Goberno Local presta conformidade ó informe proposta.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 1 de setembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. ANEIROS PEREIRA: Con esta modificación trátase de aprobar un suplemento de crédito para satisfacer as revisións ordinarias dos contratos de limpeza que este concello teñen contratados, deben lembrar todos vostedes que se trata dun servizo de prestación obrigatoria de acordo coa Lei de bases de réxime local e polo tanto é un servizo que este Concello ten que prestar.

O pago destas revisións, que son revisións ordinarias, realízanse con cargo ao remanente de Tesourería que quedou da execución do Orzamento do ano 2014, polo que non ten incidencia nas políticas de gasto deste ano 2015 e tampouco condiciona a formación dos orzamentos de exercicios futuros. Esta aprobación de Suplemento de Crédito é necesaria para cumprir co establecido tanto na Lei de contratos das administracións públicas, como no establecido no propio contrato de prestación de servizo de limpeza e por suposto para cumprir co prego de condicións particulares. Polo tanto, realízase incumprimento da lexislación vixente. A empresa concesionaria, hai que sinalar que presentou esta solicitude de revisión de prezos por escrito mediante solicitude no Rexistro Xeral, a partir de aí iniciouse a tramitación desta revisión ordinaria do expediente, unha vez verificado polos técnicos que se cumpren os requisitos para a actualización e que se aplican os índices oficiais publicados, apróbase esta Modificación pola Xunta de Goberno Local. A revisión de prezos impútase ao Orzamento 2015, hai que lembrar que se trata dun Orzamento prorrogado do Orzamento do ano 2014 e que o Orzamento do ano 2014 elaborouse no último trimestre do ano 2013, polo tanto, debido a que hai que imputar esta revisión ordinaria a este Orzamento 2015, que insisto, é un Orzamento prorrogado e que ten a súa orixe na elaboración que se fixo no 2013, é necesario acudir a este Suplemento de Crédito. As partidas son adecuadas pero esta situación da prórroga orzamentaria unida a subida do IVE e a outras condicións que afectaron a vía do contrato, fai que as diferencias entre a partida

inicialmente prevista e o que finalmente debe abordar o pagamento desta revisión, teña que ser suplementada no importe que se solicita.

Polo tanto, cúmprense os requisitos legais tanto da Lei de contratos das administracións públicas como do contrato e do prego e, polo tanto, trátase dun gasto concreto, específico, existe un crédito orzamentario que debe ser ampliado e que non pode ser demorado ao exercicio seguinte, baixo a posible ameaza de ter que pagar intereses e compensacións á contratista se demoramos este exercicio.

Polo tanto, cúmprense tamén os requisitos legais, cumprimos os prazos de pago previstos na lei de pago a provedores, cumprimos o escenario de estabilidade orzamentaria e tamén cumprimos o Teito de Gasto, dentro da legalidade, solicítase a aprobación deste Suplemento de Crédito.

SR. PÉREZ CORREA: Nós temos unhas serias dúbidas sobre este incremento, é certo que hai unha revisión de prezos, que a empresa concesionaria propón unha serie de actualizacións de prezos e polo tanto traslado ao Concello como fan moitas concesionarias privadas, esa necesidade de revisar prezos, pero nós temos serias dúbidas dos procesos que se están a seguir para auditar verdadeiramente cales son eses custos que a concesionaria alega para estes incrementos de prezos, por que? Porque, primeiro sobre unha concesión a unha empresa privada de 27 millóns de euros que aquí se consignan 3.797.000 euros de incremento, que supoñen un 13%, case un 14% de incremento do que o Concello vaille pagar a unha concesionaria privada, gustaríanos que os informes tiveran máis información sobre cales son os argumentos da empresa concesionaria para solicitar esa revisión de prezos. Primeiro, porque nós vendo o convenio colectivo, as cláusulas de revisión salarial, sabemos que gran parte dese incremento para nada vaise ver reflectido no conxunto dos salarios da concesionaria primeiro, porque as cláusulas de revisión salarial establecen tal e como están nos acordos entre a empresa e os representantes dos traballadores, establece que simplemente no caso de que o IPC suba un punto porcentual, só nese caso produciríase a actualización de salarios. E os incrementos do IVE que se colocan como un dos argumentarios, nos pensamos que están moi por debaixo dese incremento do 13,95%.

Polo tanto, a nós gustaríanos ter máis información de cales son as argumentacións que a concesionaria inclúe para un incremento tan notable que supón nese

exercicio orzamentario un 13,95%, supón efectivamente, vai contra un remanente de Tesourería, nos pensamos e gustaríanos que os remanentes de Tesourería non foran precisamente para engordar a conta de resultados dunha concesionaria privada porque imos a empregar case o 7% dese remanente no pago a esta concesionaria. Primeiro, porque é unha concesionaria tamén como tódalas concesionarias deste Concello que polo menos a Marea de Vigo como novo grupo neste Corporación gustaríanos saber como é ese cálculo de custes que moitas veces se converten en fórmulas e despois en prezos públicos. Nós consideramos que ten que haber máis información, sabemos e somos conscientes de que as actualizacións de prezos no caso de non pagarse provocan xuros e nós estamos completamente en contra incluso de que un atraso administrativo provoque máis gasto á administración pública, o noso grupo vai absterse neste punto, primeiro porque descoñecemos cales son o escangallo de custes que se pon enriba da mesa, cales son os verdadeiros incrementos que supoñen para nós esta evidencia que pasamos a un 13, 95% de incremento de pago a unha concesionaria privada.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sorprendente Sr. Aneiros que parece que non quixeran nin sequera dar unha explicación sobre unha modificación de crédito de nada menos que 3,8 millóns de euros, que para os que aínda nos lembramos das pesetas, son máis de 630 millóns de pesetas, por un recargo no servizo do lixo e a limpeza de rúas e así se quedan tan tranquilos como que é algo moi normal e habitual.

Ademais, Sr. Aneiros o que di o expediente non é o que vostede nos contou, o que di o expediente é que xa se pagaron estas revisións e o que agora falla é cartos para facer fronte ás mensualidades, iso é que o di o expediente. Estamos a falar ademais da revisión do contrato máis importante que paga directamente o Concello, o máis importante, 27,2 millóns de euros, un contrato adxudicado no ano 2001, e por outra banda tamén estamos a falar dunha revisión doutro contrato que é o da recollida selectiva. SOGAMA, di no expediente, que baixou o canón de SOGAMA e gracias a iso teñen cartos para pagar este servizo.

Por outra banda, estamos a falar tamén do contrato da recollida selectiva que está aprobada dende setembro de 2003, un contrato de 2,5 millóns de euros anuais e que ambos, estes dous contratos, xa lles aviso porque despois sempre lles pilla o tren e lles pasa o prazo, rematan o 31 de marzo de 2017, dígoos para non andar



logo coas prórrogas, logo os traballadores que hai que subrogar, vostede xa me entende, o que acabamos de ver co contrato de CEPSA.

Con Fomento de Construcións e Contratas que é a adxudicataria, a empresa das Koplowitz, este desfase segundo o servizo de limpeza prodúcese no ano 2012 cando vostedes, cando o Sr. Alcalde nos vendeu o que se demostrou como unha gran mentira, vendeunos unha conxelación das tarifas a cambio de que? De non construír un centro ecolóxico que recollía ese contrato. Sobre a recollida selectiva o que están facendo vostedes é cargar sobre o peto dos vigueses unha renovación da flota de vehículos e de medios materias que a empresa realizou no 2013 e no 2014, e por iso non nos cansaremos de repetir que este goberno é un auténtico choio para as concesionarias, porque o que están a facer é unha auténtica trampa aos vigueses, de golpe e “porrazo” liquidan as revisións dos prezos desde xuño do ano 2011, estamos falando de máis de catro anos, liquidan eses flocos que son nada menos que 3,8 millóns de euros, e dígolle máis, esta Modificación de Crédito é mala por que? Porque dio o expediente, produce un desequilibrio orzamentario, é mala e ademais de dubidosa legalidade porque vai en contra do que di a Lei de desindexación da economía española aprobada este ano en marzo que prohibe, estea atenta Sr. Abelairas que lle interesa, por Lei actualizar os contratos de xestión de servizos en función do IPC, vostedes están atentando en contra da Lei de desindexación. Ademais é mala porque pode estar producindo unha vulneración do principio de devengo, vostedes que son profesores universitarios, que di que os gastos hai que imputalos no exercicio no que se devenga.

Hoxe non imos entrar a valorar as partidas de onde quitan eses cartos, son remanentes pero hai partidas que se minoran, eu creo que haberá tempo e non é o día para ver de onde quitan esas partidas porque é interesante e require unha análise profunda e unha maior explicación, pero por iso anunciamos dúas cousas, que imos como grupo a facer reclamacións sobre o expediente e por iso tamén insistimos que é urxente convocar esa comisión municipal de control das concesionarias que o Alcalde se nega.

SR. ANEIROS PEREIRA: Sr. Fidalgo, hai que saber ler, ou ao menos ler adecuadamente, e sobre todo non infundir cousas que non están no expediente, no expediente deixase todo claramente definido, e ademais hai que preguntarse

tamén de onde veñen eses contratos, contratos asinados no 2001, no 2003, pola Sra. Porro e ese goberno popular, igual que outros contratos como o da hora e outros tantos contratos que temos pendentes. En calquera caso, no expediente detállase correctamente e está a disposición de tódolos grupos cales son as partidas que se incrementan, polo tanto hai que saber ler ou ao menos ler ben e non facer lecturas touticeiras dos datos que están no expediente. No expediente reflíctense que son gastos de persoal, gastos derivados da subida do IVE do 8 ao 10%, e iso pregúntelle ao Sr. Rajoy porque se debe a iso, ou gastos derivados da subida do imposto de hidrocarburos, e ten diante de vostede a conselleira responsable de subir ao máximo o imposto sobre hidrocarburos en Galicia que tamén afecta a esta contrata e concesión, entón as preguntas case para ese grupo e non tanto para este grupo.

Sr. Pérez, o que facemos é cumprir coa legalidade deste contrato, insisto, cumprimos coa legalidade deste contrato, non é máis que o que está previsto no prego de condicións particulares, no contrato de concesión e o que está previsto sobre todo na Lei de contratos das administracións públicas. Por suposto que si que controlamos ás concesionarias, día a día, os servizos controlan día a día o que fan as concesionarias e este concelleiro de Facenda e os seus servizos tamén están controlando os custos das concesionarias e os custos dos distintos servizos que temos concesionados neste Concello. Polo tanto, non é máis que un cumprimento da legalidade e calquera persoa que queira verter calquera sospeita, calquera infundio, porque son infundios de manipulación deste contrato, mente, e a opinión pública ten que saber que mente, a revisión do contrato realízase dentro da legalidade e son contratos asinados hai anos que teñen as súas condicións de revisión fixadas especificamente nos pregos do contrato, calquera outra dúbida sobre estas cuestións é fallar á verdade.

**VOTACIÓN:** Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez

Escudero, Silva Rego e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 61/2015, Suplemento de Crédito, por unha contía de 3.797.493,55 euros, cos seguintes recursos e empregos:

Recursos, orixes RTGX				Empregos, aplicacións			
Apli/concepto	Antes da mof.	Baixa	Final	Aplicacións	Inicial	Sup.Crédito	Final
87000	55.542.101,95	-3.797.493,55	51.744.608,40	1621.2270000	8.688.054,38	1.241.338,40	9.929.392,78
				1621.2270015	2.487.068,22	193.508,72	2.680.576,94
				1632.2270000	18.521.636,77	2.362.646,43	20.884.283,20
Total		-3.797.493,55			Total	3.797.493,55	33.494.252,92

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partires do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse denegadas en calquera caso se non se resollen no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Aprobado definitivamente a modificación de créditos, procederase a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

QUINTO.- De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

SEXTO.- Da concesión do Suplemento de Crédito definitivamente aprobado, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

SÉTIMO.- Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito

poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do suplemento de crédito.

### **3.4(141).- PROPOSTA DE FESTIVIDADES LOCAIS PARA O ANO 2016. EXPTE. 1424/110 (REXISTRO PLENO 1166/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 18 de agosto de 2015, o concelleiro delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, formula o seguinte informe proposta:

“Por escrito de data de saída do 27 de xullo, número 78307, o Servizo de Relacións Laborais da xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Vigo, solicita a este Concello a remisión da proposta de festividades locais antes do día 30 do mes de setembro.

Con data de 18 agosto o concelleiro delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, de conformidade co disposto no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, que indica que corresponde ao Pleno da Corporación, ...”

Deseguido o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, en data 1 de setembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Fixar as seguintes festividades locais para o ano 2016:

- 1.- O Día da Reconquista desta cidade, luns 28 de marzo
- 2.- O día de San Roque, martes 16 de agosto

**3.5(142).- PROPOSTA DE INCREMENTO DA PARTIDA DE PRODUTIVIDADE CON CARGO Á PARTIDA ORZAMENTARIA DE CRÉDITOS NON CONSUMIDOS. EXPTE. 26983/220 (REXISTRO PLENO 1173/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 26 de agosto de 2015, a técnica de Avaliación e Formación co conforme da xefa da Área de Réxime Interior e dos concelleiros delegados da área de Xestión Municipal e Persoal e de Orzamentos e Facenda, formulan o seguinte informe proposta:

“Vista a instrucción do servizo dada polo Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal en data 26/08/2015, e tendo en conta o custo do os compromisos adquiridos co persoal municipal, derivados da aplicación do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, así como das Instrucións sobre Plantilla e Cadro de Persoal, e Relación de Postos de traballo vixente, con costes susceptibles de ser imputables a partida 92001500000 e compromisos acadados coa representación sindical dos empregados/as públicos locais, resulta necesario o incremento da dotación existente na actualidade na devandita partida.

O Pleno do Excmo Concello de Vigo, na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, aprobou con carácter definitivo o Orzamento Xeral do Concello e os seus Organismos Autónomos Administrativos -Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo-Zoo, Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo, orzamento prorrogado para o ano 2015.

O crédito inicial aprobado para a partida orzamentaria 920.0.150.00.00-Productividade- é de 301.437,49 €, habéndose realizado transferencias de crédito ata acadar o límite máximo para a aplicación orzamentaria disposto na Base sétima das de execución do Orzamento xeral , aprobadas na sesión plenaria citada anteriormente.

A cantidade máxima a aboar con cargo a aplicación 92001500000 “Productividade”, segundo as estimacions realizadas tendo en conta os posibles aboamentos que por este concepto poidan ser aprobado o seu aboamento polo Órgano competente ascendería a un total máximo de 2.025.000,00€ no ano 2015.

Dito incremento poderá financiarse e realizarse con cargo os créditos non consumidos ata a data das prazas e postos de traballo asociados ás mesma, que se atopan vacantes, e partidas orzamentarias correspondentes.

As vixentes Instrucións de Plantilla -aprobadas xunto coa Relación de Postos de Traballo (RPT) na sesión da Xunta de Goberno Local de data 20/09/2010- constitúen normas xurídicas de carácter regulamentario, se ben de alcance limitado ao ámbito interno dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

A instrución terceira establece que con cargo ao complemento de produtividade retribuirase o especial rendemento e a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa coa que o funcionario desempeña as súas funcións. Sen prexuízo de que a Xunta de Goberno Local estableza no exercicio das competencias reservadas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, outros parámetros de asignación, retribuiranse con cargo a este concepto, entre outros:

A actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia, autorizada pola Alcaldía.

O especial rendemento derivado dun posto de traballo de categoría superior por ausencia do seu titular, con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes.

A dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida.

A toxicidade do persoal adscrito ao Servizo de Desinfección e as Brigadas de pavimentación, que manipule produtos tóxicos e perigosos.

- A utilización de maquinaria pesada contemplada para os oficiais conductores.
- A actividade extraordinaria derivada da conducción dun vehículo lixeiro municipal non sendo oficial conductor.
- A actividade extraordinaria pola realización de campañas de desinfección, desinsectación e desratización do Laboratorio Municipal.
- O especial rendemento e dedicación pola plena disponibilidad que se lle esixe ao persoal que presta servizos como conductor da Alcaldía.
- Os programas de dispoñibilidade horaria que fose necesario acometer en atención a obxectivos de rendemento e optimización dalgún servizo, nas condicións que regulamentariamente aprobe a Xunta de Goberno Local.

Asemade, se contemplan todas aquelas productividades que se outorguen en atención a criterios obxectivos de asignación determinados pola propia Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, o aboamento daqueles complementos de produtividade recollidos en Instrucións de Plantilla resulta obrigado sempre que concorran os supostos fácticos xeneradores dos mesmos, xa que o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/09/2010 aprobatorio das referenciadas Instrucións goza da executividade propia daqueles actos que non teñen sido recorridos en prazo, recollida nos artigos 56 e 94 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, onde se sinala que os actos da Administracións Públicas suxeitos ao Dereito Administrativo serán executivos con arranxo ao disposto na propia Lei, presumíndose válidos e producindo efectos dende a data na que se dicten, salvo que neles se dispoña outra cousa, ou ben a salvo do previsto nos artigos 111 e 138 da referida Lei 30/1992, e naqueles casos nos que unha disposición estableza o contrario ou necesiten aprobación ou autorización superior.

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público (EBEP).*

*Sen prexuízo do anterior, o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*-A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*-En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local establece no seu artigo 5 que o complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo. O artigo 5.2 establece que a apreciación da produtividade deberá facerse en función das circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desenvolvemento do posto de traballo e obxectivos asociados ao mesmo.*

*Polo tanto ,o complemento de produtividade configúrase no ordeamento xurídico como unha remuneración ao especial rendemento, adicación e actividade extraordinaria , non contempladas a través do complemento específico e ao interese ou iniciativa no desempeño do traballo, non podendo considerarse como unha retribución complementaria inherente a un posto de traballo.*

*O artigo 93.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, consigna expresamente que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado. No seu apartado 3, o mesmo artigo sinala que as Corporacións Locais reflectirán anualmente nos seus presupostos a contía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública.*

*En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.*

*Asemade, as propias Instrucións de Plantilla anteriormente descritas establecen expresamente (instrucción terceira, parágrafo segundo) que corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade.*

Por último, o artigo 123.1.h) da referida Lei de Bases do Réxime Local -en canto que atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación dos presupostos- reforza a competencia plenaria para autoriza-lo incremento da partida presupostaria 9200.0.150.00.00-productividade en cantidade necesaria para facer fronte aos gastos que se poidan devengar ata finais do presente ano, sen prexuízo de que a operación económica da transferencia de crédito se materialice pola Alcaldía-Presidencia ex artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e Base 9ª das Bases de Execución dos Presupostos Municipais para o exercicio económico 2014, vixentes na actualidade.

Estas bases na súa disposición adicional sétima "Contía máxima para o ano 2014 a distribuír polos complementos de produtividade, gratificacións e horas extraordinarias" determinan que:

*"Ao obxecto de dar cumprimento ao regulado nos artigos 5 e 6 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril e facelo executable co previsto no artigo 127.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, os complementos mínimos polos conceptos de gratificacións e produtividade para o ano 2014 serán os seguintes:*

*O complemento de produtividade e o seu equivalente para o persoal laboral non rebasará a contía de 1,2 millóns de euros, o de gratificacións para funcionarios e horas extraordinarias para o persoal laboral os 2,5 millóns de euros, ambos os dous límites deben estar dentro das porcentaxes que fixa o artigo 7 do Real Decreto 861/1986 do 30 e 10 por 100 respectivamente da masa salarial, sobre a base de restar a masa retributiva global presupostada, a referida ao persoal laboral e a correspondente as retribucións básicas e ao complemento de destino do persoal funcionario.*

*Hai que sinalar, que non se está a deducir as retribucións do persoal laboral, xa que na contía da produtividade e de gratificacións, estase a computar a totalidade dos empregados.*

*Para a formación da Masa salarial, teranse en conta os seguintes conceptos orzamentarios:*  
*Retribucións Básicas (120).*  
*Retribucións complementarias (121).*  
*Retribucións do persoal laboral fixo (130).*  
*Incentivos ao rendemento (150,151).*  
*Prestacións sociais (161).*

*Unha vez feitas as deducións sobre a Masa salarial, ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, estarase ao cálculo que se faga en cada caso, sendo os límites cuantitativos en contías absolutas as seguintes: para produtividade 4,3 millóns de euros e de 1,6 millóns para gratificacións, para todo o ano.*

*A contía que se está a especificar, está por debaixo do límite previsto no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, polo que, ao Pleno da Corporación, lle quedaría marxe legal para incrementar a masa de produtividade e de gratificacións ata o límite que se establece nesta Base.*

*Ata acadar a devandita contía, o órgano competente poderá incoar as modificacións orzamentarias necesarias dentro do capítulo I dos orzamentos, tendo en conta os postos dotados e os efectivos cubertos, sen que en ningún caso o gasto do capítulo I do estado de gastos do orzamento poida experimentar incremento como consecuencia das devanditas modificacións orzamentarias . No caso de precisar un incremento das contías sinaladas,*



*deberá ser o Pleno da Corporación quen autorice aumentar estes complementos.*

*Para os OO.AA, tamén será de aplicación a dotación ou incremento da masa de produtividade, sempre dentro do créditos do capítulo I, ata o límite do 3 por 100 da contía aprobada do capítulo I. No suposto de existir dotación aprobada na aplicación 150, e esta tivese unha dotación inferior que o 3% do capítulo I, poderanse aprobar propostas de distribución por unha contía ata chegar a ese límite. No caso de que non exista dotación algunha, poderanse facer propostas de distribución con cargo a aplicación 150 que se creará dentro da bolsa de vinculación xurídica dos créditos. A partires desa porcentaxe, será o Pleno da Corporación quen autorice o incremento desa masa.*

*En ningún caso, será obxecto de incremento o capítulo I, polo que, os incrementos serán con cargo a diminución doutras aplicacións deste capítulo."*

Segundo os cálculos efectuados se estima que sería necesario incrementar a sinalada partida 920.0.150.00.00-productividade nunha contía de 825.000,00 € sobre o límite fixado no parragafo segundo da disposición citada, permitindo así facer fronte ás obrigas económicas que poidan xenerarse ata finais do presente exercicio presupostario 2015.

Dada a insuficiencia de crédito existente na partida 920.0.150.00.00 para facer fronte ao gasto en concepto de produtividade que poida xerarse en aplicación do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, así como das Instrucións sobre Plantilla e Cadro de Persoal e Relación de Postos de traballo vixente así como dos compromisos acadados coa representación sindical dos empregados/as públicos locais con costes susceptibles de ser imputables a dita aplicación orzamentaria, resulta necesario o incremento da dotación existente na actualidade na mesma, polo que, en consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que sexa emitido pola Intervención Xeral nos termos do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como o dictame da Comisión Informativa de de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, sométese ao criterio do Pleno deste Concello a seguinte PROPOSTA DE ACORDO..."

Deseguido a funcionaria informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Así mesmo consta no expediente o informe do interventor xeral, de data 27 de agosto de 2015.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, en data 1 de setembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. ANEIROS PEREIRA: Con esta modificación trátase de ampliar, incrementar a partida de produtividade en 825.000 euros máis da dotación orzamentaria prevista

inicialmente. Incremento que deriva do cumprimento do Pacto de condicións salariais asinado cos traballadores do Concello, e que deriva tamén do cumprimento da Lei de Orzamentos para o ano 2015, é dicir da Lei 36/2014, e do artigo 7 do Real Decreto que regula as retribucións do persoal funcionario das Corporacións Locais. Polo tanto, trátase tamén dunha modificación en cumprimento da normativa en vigor da legalidade e que non afecta tampouco á execución do gasto do 2015, posto que se fai con cargo á dotación das prazas vacantes, que por certo non podemos dotar pola limitación que fai a Lei de orzamentos en canto a taxa de reposición, polo tanto, con cargo a esa dotación orzamentaria para as prazas que están actualmente vacantes e que, insisto, non podemos dotar pola limitación da Lei de orzamentos, pese a que este Concello é un concello saneado e con débeda cero, polo tanto non debería ter problema para ampliar a súa oferta de emprego público e contratar aquelas vacantes, é dicir, con esas partidas orzamentarias, satisfácese este incremento de produtividade para o que se solicita a votación deste Pleno.

SR. PÉREZ CORREA: Obviamente nós imos votar favorablemente esta ampliación pero queríamos facer dúas observacións. En primeiro lugar, efectivamente estamos nun problema que transcende deste concello, que ten que ver moito coa posibilidade da contratación que teñen os concellos deste país por culpa desa lexislación que impide as taxas de reposición minimamente dignas para que o emprego público se consolide e sexa adecuado aos servizos que da un concello. Pero nós tamén poñemos enriba da mesa, estando de acordo, consultado tamén as seccións sindicais de que é necesario este incremento para cumprir precisamente esa realidade, nós tamén poñemos enriba da mesa que hai unha oferta pública de emprego por desenvolver que solventaría non toda pero si gran parte da necesidade de uso deste tipo de créditos para pagar horas extras e cousas semellantes. Polo tanto nós pedimos e facemos tamén unha petición para que a Oferta Pública de Emprego 2010-2011 se desenvolva e incluso se sume coa de 2013-2014 e que polo menos a pesares de que gran parte desa Oferta Pública de Emprego por desgracia de promoción exclusivamente interna por esa taxa de reposición cero, que non é responsabilidade temos claro deste Concello senón é unha responsabilidade do Goberno Central, pero consideremos que este tipo de

usos de horas extras e de incrementos por enriba do que son as categorías laborais debería ser amortizado co desenvolvemento da Oferta Pública de Emprego e polo tanto, pola maior dotación de persoal ao cadro de persoal do Concello.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Nós imos absternos neste punto porque a pesares de que si é verdade que esas retribucións teñen que ser entregadas polo traballo e as horas extras dos traballadores do Concello, cremos que isto é a consecuencia dunha xestión errónea porque en moitas ocasións vemos que están poñendo como excusa esa taxa de reposición cando cremos que é verdade que se poderían ter cuberto cerca das 200 prazas de emprego público pendentes de resolver dende o ano 2010, con máis de 2.300 aspirantes esperando, porque si é verdade que son prazas ademais de servizos sociais, políticas locais, parque de bombeiros, é dicir, todas de servizos necesarios e que en moitas ocasións están colapsados e cremos que se evitaría o exceso de traballo nalgúns funcionarios deste Concello se se puxesen en marcha e se quitasen esas prazas pendentes. Ademais hai persoas e aspirantes que xa pagaron as súas taxas e estanse preparando por anuncios anteriores.

Polo tanto, nós abstémonos porque cremos que esta xestión hai que facela de maneira adecuada e si é verdade que xa esiximos o meu compañeiro o Sr. Fidalgo, nalgunha comparecencia pública que se cubran preto desas 200 prazas de emprego público pendentes de resolver. Polo tanto, nese caso nos absteremos para que os funcionarios reciban as retribucións, pero cremos que a xestión pódese facer dunha maneira máis responsable.

SR. ANEIROS PEREIRA: De que están a falar? Quen cortou a posibilidade de repoñer as prazas nas administracións públicas? Creo que foi un tal Sr. Rajoy acompañado dun tal Sr. Montoro o que alá por un Decreto Lei no ano 2010-2011 estableceu unha taxa de reposición, é dicir, a posibilidade de contratar novo persoal no 10%, practicamente nada, de cada 10 persoas que se xubilan unha podería repoñerse, polo tanto, non nos veñan a contar milongas que as milongas son boas cancións pero malas compañeiras nos argumentos, nada que ver coa xestión deste Concello. Este goberno municipal cumpre coa legalidade vixente, este mes de novembro sairá a Oferta de Emprego Público que permite, se a tramitación parlamentaria da

Lei de Orzamentos non o remedia, só a reposición da metade das prazas que se xubilan polo tanto, imos ir ao máximo posible na reposición desas prazas, nese 50% de taxa de reposición que vostedes, señores do Partido Popular, teñen previsto aprobar nesa Lei de orzamentos para o ano que ven, se se aproba esa Lei de orzamentos.

Polo tanto, son vostedes os que bloquean esa contratación de empregados públicos e esa mellora nos servizos municipais, así que non nos veñan a falar nin a dar leccións de xestión municipal. Estamos a traballar niso e este goberno municipal está traballando na cobertura desas prazas de reposición e, polo tanto, o que facemos neste momento é aproveitar esas dotacións orzamentarias das prazas que actualmente están vacantes para satisfacer estes complementos de produtividade do persoal, que por certo, o ten ben merecido porque está a traballar por enriba das súas posibilidades en moitas ocasións.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

“PRIMEIRO.- Autorizar o incremento da contía máxima asignada á partida orzamentaria 920.0.150.00.00 “Produtividade”, nunha contía de 825.000,00 € sobre o límite fixado no paragrafo segundo da disposición adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento pasando a ser o crédito máximo de 2.025.000,00 €, financiando dito incremento con cargo aos créditos non consumidos correspondentes ás dotacións económicas asignadas a prazas

vacantes de persoal e postos de traballo asociados, coa finalidade de dispoñer de cobertura orzamentaria suficiente e necesaria para os aboamentos que sexan aprobados pola Xunta de Goberno Local con cargo a partida 920.01500000, conceptos recollidos na Instrución 4ª de Cadro de Persoal e RPT vixentes, así como outros acordos da Xunta de Goberno Local que sexan adoptados no presente exercicio 2015.

SEGUNDO.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á materialización das correspondentes transferencias de crédito á partida 920.0.150000 con cargo aos créditos non consumidos, correspondentes ás vacantes de persoal ao abeiro do disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e disposición adicional sétima das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o ano 2014, vixente na actualidade.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, significando que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos, termos e condicións recollidos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

**3.6(143).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE “REAXUSTE ALIÑACIÓN PARCELA NA AVDA. ATLANTIDA Nº 107-109-111. EXPTE. 14705/411.(REXISTRO PLENO 1176/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 7 de agosto de 2015, a técnica de Administración xeral, co conforme do director de Desenvolvemento Urbanístico, formula o seguinte informe-proposta:

“O día 03.09.2014, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 140105332) o escrito presentado por D. Arturo Ramírez González, en representación da entidade “Vicis Vivenda, S.L.” solicitando a tramitación do Estudo de detalle redactado polo

arquitecto, D. José Antonio Comesaña, con visado do COAG do 01.09.2014 e achegando o informe da Oficina de Planeamento e Xestión de data 21.05.2014 emitido en resposta á Consulta urbanística especial sobre liña e rasante formulada pola solicitante (exp. 14518/411).

Obran no expedientes os informes do Servizo municipal de Medio Ambiente de datas 22.09.2014 e 23.01.2015 e do Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 04.11.2014.

O día 27.01.2015, o Topógrafo municipal emitiu informe de comprobación das cotas e rasantes da edificación sita en Avda. Atlántida, nº. 109, en Vigo.

O 02.03.2015, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 150024630) o escrito presentado pola mercantil peticionaria achegando documentación complementaria. O día 05.03.2015 o Xefe de Desenvolvemento Urbanístico emitiu o informe que obra no expediente de referencia.

O día 13.03.2015, Xunta de Goberno Local aprobou inicialmente o Estudo de Detalle na Avda. da Atlántida nº. 107, 109 e 111, promovido pola entidade "Vicus Vivenda, S.L." e redactado polo arquitecto, D. José Antonio Comesaña García, con visado colexial do 01.09.2014.

Con data 17.04.2015 publicouse a parte dispositiva do dito acordo no Faro de Vigo (páx. 5) e DOG nº. 82, do día 04.05.2015 (páx. 17382).

O día 27.07.2015, o Secretario da XMU asinou o certificado no que consta que durante o trámite de información pública non se presentaron alegacións.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada.

-R.D.Lex 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo.

-Lei 8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

-Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

-R.D. 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

-R.D. 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión.

-Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de bases de réxime local (LRBRL).

-RDlex. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

-Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

-Instrucción para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeorreferenciadas aos instrumentos de natureza urbanística do Concello de Vigo, aprobada pola Vicepresidenta da XMU en Resolución do 12.11.2014 (BOP nº. 238, do 10.12.2014)

-PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

## II. Ámbito de aplicación e obxectivos do Estudo de Detalle

O ámbito delimitado no Estudo de Detalle está integrado pola parcela catastral 9444407NG1794S0001EZ (Avda. Atlántida nº.107) e parte da parcela catastral 9444406NG1794S0001JZ (Avda. Atlántida nº.109), ambas clasificadas polo PXOM como solo urbano consolidado e cualificadas coa Ordenanza 7 "Residencial de Media Densidade". Tamén inclúe a parcela catastral 9444405NG1794S (Avda. Atlántida nº. 111).

O obxectivo deste Estudo de Detalle é o de axustar as aliñacións das parcelas afectadas (excluída a sita no nº. 111 da Avd.Atlántida), de acordo co informado polos servizos municipais na consulta urbanística tramitada no expediente 14518/411, dado o desencontro producido nas aliñacións reflectidas no plano 10-G da Serie 2 e no plano de ordenación da «AOD-2-33» do PXOM.

Como resultado do axuste proposto, fíxase unha cesión para o viario público (a incorporar á beirarrúa) de 128,50 m2 no fronte da Avda. Atlántida, nº. 107.

O Estudo de Detalle realiza tamén unha proposta de ordenación de volumes que, de acordo co informado con data 05.03.2015 polo Xefe de Desenvolvemento Urbanístico, cumpre as condicións de ordenación da Ordenanza nº. 7 de aplicación nas parcelas da Avd. Atlántida nº. 107 e 109. Pola súa parte, a edificación existente na parte da parcela catastral 944406NG1794S da Avenida Atlántida 109 cualificada coa Ordenanza 7 (en situación de fóra de ordenanza) debe desaparecer coa nova ordenación, polo que non figura xa na ordenación de volumes.

Ademais, no presente expediente tivéronse en consideración as recomendacións realizadas polo Servizo de Medio Ambiente no informe do día 23.01.2015 e que foron recollidas na documentación complementaria presentada pola entidade solicitante o día 02.03.2015, na que se formula unha proposta de mantemento e transplante de determinadas especies arbóreas, que deben atenderse. É por elo, que o acordo que se adopte deberá notificarse aos Servizos municipais competentes por se procedera tamén adoptar medidas de conservación, mantemento ou traslado do arborado existente en zonas libres ou espazos

públicos.

### III. Natureza e procedemento de aprobación

A LOUGA regula os Estudos de Detalle dentro da Subsección 5 da Sección 4 “Planeamento” do Capítulo I “Clases de instrumentos de ordenación” do seu Título II. Trátase, por elo, de instrumentos derivados ou complementarios que non poden ser utilizados de modo orixinario nin autónomo como figura de ordenación independente, senón que sempre presupoñen a existencia dun planeamento superior e previo. No presente caso, o Estudo de Detalle proposto depende xerarquicamente do PXOM/08 cuxas determinacións propias deberá respectar en todo caso, constituíndo un límite a súa utilización.

Dada a súa natureza, en cumprimento do disposto no artigo 86.2 da LOUGA, os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de 20 días mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia. Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal os aprobará definitivamente coas modificacións que resultasen pertinentes.

Logo da súa aprobación definitiva polo órgano competente, observarase o disposto no artigo 92 da LOUGA.

### V. Órgano competente.

A competencia para a adopción deste acordo a ten atribuída o Pleno do Concello en virtude do disposto no artigo 123.1. letra i) da LRBRL na súa relación cos artigos 73 e 86 da LOUGA, previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local (artigo 127.1. letra c) da LRBRL), e a proposta do Consello da XMU en cumprimento dos Estatutos da XMU e do regulamento orgánico do Pleno.

Polo anterior, propónse a adopción do seguinte ACORDO,...

Deseguido a funcionaria informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 3 de setembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do



Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle “Reaxuste Aliñación Parcela” na Avda. Atlántida nº. 107 a 111, promovido pola mercantil “Vicus Vivenda, .S.L.” e redactado polo arquitecto, D. José Antonio Comesaña García, con visado colexial do 01.09.2014, de acordo cos informes técnicos obrantes no expediente.

SEGUNDO: Comunicar o presente acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e darlle traslado de copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran debidamente dilixenciados nos termos esixidos no artigo 92 da LOUGA.

TERCEIRO: Publicar este acordo no DOG no prazo previsto no artigo 92 da LOUGA facendo constar a data de remisión do instrumento á Consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo e publicar os documentos que contiveran, de ser o caso, a normativa no BOP.

CUARTO: Publicar este acordo xunto co instrumento definitivamente aprobado na web municipal.

QUINTO: Notificar o presente acordo ás Oficinas municipais competentes en materia de Licenzas, Medio Ambiente e Parques e Xardíns para o seu coñecemento e efectos oportunos.

SEXTO: Notificar o presente acordo aos interesados, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o mesmo cabe interporen recurso contencioso-

administrativo perante os órganos da xurisdición contencioso-administrativa competentes, no prazo de dous meses contado a partir do seguinte da súa publicación, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo, sen prexuízo de calquera outro que se estime pertinente.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan tres minutos de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero e singularmente en memoria de dona Divina Mendes Pereira, vilmente asasinada nun crime machista antonte nesta cidade.*

#### **4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

##### **4.1(144).- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DATA 4.09.2015, REFERENTE AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN QUE NON DESEMPEÑEN O CARGO EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA NIN PARCIAL DE 26 OU 13 HORAS. REXISTRO PLENO 1181/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 4 de setembro de 2015, a Alcaldía emite a seguinte proposta:

“O Pleno do Concello, na súa sesión de data 29.06.2015, ó amparo do sinalado no artigo 75.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), acordou as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial así como o réxime de dedicacións destes últimos.

O Alcalde propón ao Pleno:

Primeiro.- Modificar dito acordo engadindo un décimo cuarto parágrafo co seguinte texto:

Aqueles membros da Corporación que non desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva ou en réxime de dedicación parcial de 26 ou 19 horas, poderán decidir desempeñalo, salvo que noutras Administracións Públicas desempeñen cargos en réxime de dedicacións exclusiva, nun réxime de dedicación parcial de 9 horas que substituirá o importe que, por indemnizacións, lles corresponda por asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Corporación ou dos seus organismos autónomos.

Segundo: Notificar a presente Proposta aos voceiros dos grupos municipais, advertindo que os que desempeñen o cargo en réxime de dedicación parcial de 9 horas deberán, no prazo dos tres días seguintes á notificación, dirixir escrito a esta Alcaldía a través do Rexistro do Pleno no que se manifeste os concelleiros que optan por este réxime de dedicacións.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a proposta presentada pola Alcaldía, con data 4 de setembro de 2015, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **5.- MOCIÓNS:**

### **5.1(145).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A TRAMITAR O CARÁCTER GRATUÍTO DO APARCADOIRO DO NOVO HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO. REXISTRO PLENO 1170/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 27 de agosto de 2015, número 1170/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

"O 29 de xuño pasado, o Novo Hospital privado de Vigo, pertencente ao complexo

Hospitalario de Vigo, comezou progresivamente a súa actividade asistencial. Dende entón, e cada día con máis intensidade, son continuas as protestas de pacientes, profesionais, organizacións sindicais e sociais sobre os déficits funcionais e estruturais cos que comezan a funcionar esta importante dotación sanitaria que estaba chamada na súa orixe a cubrir os déficits estruturais da Área e as súas referencias.

Á xa coñecida falta do Laboratorio Central no NHV, úneselle o atraso inxustificable na finalización das obras; o coñecemento progresivo da redución drástica respecto ao proxecto funcional orixinal e ás propias e reiteradas promesas do Goberno do Sr. Feijóo; a falta sinalización de acceso; o custo para o paciente e profesionais do aparcadoiro; a suspensión xudicial e atrasos dos concursos de equipamento pola pésima xestión realizada, así como a precaria forma xestionar o traslado e implantación da tecnoloxía necesaria e imprescindible para que o hospital pode abrirse en condicións de calidade.

Especial relevancia e impacto social en pacientes, acompañantes e profesionais, está a ter o cobramento abusivo do aparcadoiro do propio centro hospitalario, que incide e incidirá aínda máis negativamente nos dereitos, na economía e accesibilidade dos pacientes á sanidade pública.

Por todo o cal, en nome do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, e facéndonos eco das demandas formuladas por cidadáns e profesionais solicito o Pleno deste Concello aprobe o seguinte

#### ACORDO

Solicitar do Goberno da Xunta de Galicia que con carácter inmediato proceda a tramitar o carácter gratuíto do aparcadoiro referido.”

Con data 1 de setembro de 2015, a Comisión Informativa de Transporte, Proxectos, Emprego, Economía, Parques e Participación ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. LÓPEZ FONT: A Sanidade é un dereito básico, é o dereito máis apreciado polos cidadáns, a consecución da súa universalidade, da calidade e da gratuidade é sen dúbida o logro máis importante da nosa democracia, e o Partido Popular esnaquizou ese dereito en Galicia, especialmente na área sur de Pontevedra. A necesidade histórica dun hospital para Vigo e para a súa área sanitaria o Partido Popular converteuno nun negocio, un hospital privado que agora se comproba o modelo, dixémolo centos de veces neste Pleno, que era un hospital privado que se

converteu nun negocio e hoxe se comproba, aínda que ausente para o que lles gustan as pesetas o que custaba 7.500 millóns de pesetas, vostedes convertérono en 22.500 millóns de pesetas, 15.000 millóns máis de pesetas, Sr. Fidalgo, converteron vostedes, esa é diferenca, pero non o digo eu, non o dicimos nós, dío o DOG, e quen paga esa diferenca? Os cidadáns, este é modelo do Partido Popular, construír un hospital privado para favorecer aos empresarios. Por iso hai que pagar o aparcadoiro, porque se converteu e o é, nunha das xoias deste negocio. O aparcadoiro, señores do Partido Popular é noso, é público, forma parte dun hospital que debe ser público e que o reclamamos e que polo tanto ten que estar a disposición de traballadores do hospital e de aqueles que acoden ao hospital, pero en cambio entrégase a unha empresa para facer negocio. Ás cousas hai que poñerlle nome, no goberno do Sr. Touriño deseñouse este hospital con 4.000 prazas de aparcadoiro absolutamente gratuítas, chegou o Sr. Feijóo cambiou o proxecto e converteron en 3.000 prazas pagando, iso si cun informe da Interventora naquel momento a Sra. Muñoz, en dúas horas, que converteu e que xustificou o público no privado, e por moito que se ría cando diga isto, tráeme totalmente sen coidado porque foi así, porque foi vostede o brazo executor desa actuación.

O aparcadoiro é á vez un castigo máis do Sr. Feijóo á cidade de Vigo, un copago máis, nada máis entrar no hospital comézase a pagar, e non se pararon a pensar como afecta isto á economía dos traballadores, pois simplemente fundíndoos, falan de melloras salariais, de reactivación económica e en canto chega un traballador, unha persoa ao hospital empeza a pagar nese momento, vostede poden cambiar de candidato, poden cambiar de moitas cousas, pero sempre contra Vigo.

Vostedes son o Partido Popular anti Vigo, porque non existe outro caso igual de aparcadoiro nun hospital, non existe aquí nin en ningunha cidade de Galicia, non hai ningunha opción, os cidadáns non teñen unha opción para aparcar fora, a diferenca dos hospitais que hai en toda Galicia e que hai nesta cidade. No Meixoeiro en torno ao Meixoeiro construíuse un aparcadoiro, construído polo propio centro, claro a diferenca é que gobernaban os socialistas, no Xeral tamén se pode aparcar no seu entorno. Polo tanto, este é, señores do Partido Popular, un castigo máis do Sr. Feijóo á cidade de Vigo, como é posible que o Partido Popular sexa tan insensible, que o Partido Popular de Vigo e os seus concelleiros non reclamen da Xunta de Galicia que este aparcadoiro sexa gratuíto? Porque esta é unha decisión

política, que se soluciona rapidamente dun día para outro, e isto é o que instamos na moción, a que o Sr. Feijóo tome a decisión como Presidente de Goberno, de que mañá, pero non dentro dun mes nin dentro duns días, este aparcadoiro sexa gratuíto, a pregunta é por que vostedes non o piden, que deben defender aos cidadáns de Vigo non o piden? Por que aínda cambiando de candidata, vostede representa o peor do Partido Popular á hora de defender os intereses do Sr. Feijóo e non os intereses de Vigo? Como é posible que sexan tan prepotentes? Como é posible que pensen que 200.000 cidadáns que se manifestaron non teñen razón? Téñenllo que facer ver.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: O grupo municipal da Marea de Vigo imos votar a favor desta moción xa que aínda nós consideramos que o Concello de Vigo tamén ten a súa parte de responsabilidade neste tema por non facer a presión suficiente para que o hospital non fose construído e xestionado da forma que o foi, e mesmo facilitar a cometida de certos accesos no seu día para así obter os favores do Partido Popular na aprobación duns orzamentos que de non ser por iso non se terían aprobado. Aínda así, como digo, sabemos que a máxima responsabilidade recae sobre o Partido Popular e o seu goberno na Xunta de Galicia, permitindo que un centro hospitalario destas características non posúa un aparcadoiro gratuíto nas súas inmediacións, e parécenos dun cinismo supremo que agora lle voten toda a culpa ao Concello de Vigo por non facilitar dito aparcadoiro.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Eu creo que é importante que non perdamos a memoria e que sexamos capaces de lembrar toda a vida e todo o que pasou nesta cidade ata que por fin tivemos un hospital público. Que Vigo necesitaba hai anos un hospital novo era algo que non negaba ningún vigués, tódolos vigueses recoñecíamos e esixíamos que se construíra un novo hospital na cidade, e ante a necesidade da cidade, dun novo hospital o único que facía o goberno bipartito da Xunta de Galicia era presentarnos folletos e maquetas, este é un folleto, un encarte que viña con tódolos xornais da cidade en xullo do ano 2006 sobre as bondades do novo hospital que se ía construír de forma inminente na cidade, pois pasou o ano 2006 e só tiñamos isto, pasou o ano 2007 e seguíamos tendo isto, pasou o ano 2008 e seguíamos tendo isto, isto e maquetas, é dicir, o que había era un conxunto de

promesas incumplidas e me pregunto onde estaba o goberno municipal socialista nese momento para esixir á Xunta de Galicia bipartita que cumprira con Vigo e que fixera ese hospital.

Pero vostedes sabían que non se podía facer, a Xunta de Galicia do Bipartito tamén o sabía, que había que analizar as formulas para facelo e que o financiamento tradicional, porque sabían aínda que non querían recoñecerllo a tódolos cidadáns que estabamos en crise e que as fórmulas tradicionais non valían para poder afrontar a construción desa infraestrutura, e por iso estaban explorando e exploraron de feito, outras alternativas. Alternativas entre as que estaba, que casualidade, o financiamento e a colaboración público privada para a construción do Hospital, isto non o digo eu, isto dio ademais e o lembra unha noticia que saíu en tódolos xornais, aquí está por exemplo a do Faro de Vigo na que se di que a Xunta de Galicia Bipartita, abre a porta a participación privada para o financiamento do novo hospital, que casualidade, estaban a analizar exactamente a mesma fórmula de construción que agora critican, e lembro declaracións do Secretario Xeral do SERGAS, por certo, concelleiro neste goberno municipal, que dicía que era unhas das fórmulas que se podían utilizar e ademais defendeu e poño literalmente “que se manterían os parámetros de calidade na atención sanitaria aminorando o crecente gasto”. Entón non nos veñan agora a negar o que era unha evidencia que vostedes tamén tiñan ese proxecto cando nós chegamos ao goberno no ano 2009.

Polo tanto, menos hipocrisía política e máis realidade, a realidade é que a vostedes lles molesta moito que sexa o Partido Popular o que construíra o maior hospital público que ten a cidade, e que ten Galicia. Moléstalles, si, o que querían era telo construído vostedes, pero non foron capaces de facelo e o fixo o Partido Popular no peor momento de crise e cun proxecto e cunha forma que é a colaboración público-privada que non é nova nesta cidade, que non é nova en España e que non é nova en Europa, que se utilizou por moitas administracións. Eu comprendo que non lles interese oír isto pero é a verdade.

E a verdade é que esta fórmula garante a prestación sanitaria pública que é a temos que garantir, e aí cada un ten as súas competencias, e é competencia da administración da Xunta de Galicia de dar unha asistencia sanitaria de calidade e construír hospitais, certo, pero tamén é competencia dos concellos dar os servizos

a tódalas infraestruturas que se constrúen na cidade, e por iso e esa competencia municipal é a que inspirou ese famoso convenio que asinou tamén como conselleira unha concelleira deste goberno e que nunca cumpriu o Concello, porque nunca estivo interesado en cumprilo, en facilitar a construción dun hospital público e onde viña moi claramente que a competencia municipal é dotar de servizos ao hospital entre os que se atopa sen dúbida habilitar zonas de aparcadoiro.

Só dixo unha verdade en toda a súa intervención, Sr. Font, é que os cidadáns non teñen opcións para aparcar fora, non as teñen porque o Concello de Vigo tendo a posibilidade, os terreos e a aprobación suficiente dentro do Plan Xeral, non quixo, porque lle interesou seguir incrementando e seguir facendo crecer o conflito cidadá prexudicando aos cidadáns, por iso non se fixo porque o SERGAS e a Xunta de Galicia fan hospitais que son da súa competencia e é o que hai que esixirlle e dende logo este grupo municipal esixiralle sempre.

SR. LÓPEZ FONT: Con respecto ao grupo municipal de Marea de Vigo, é un clamor que a convocatoria estaba feita por parte do Alcalde con tódolos sindicatos e tódalas forzas sociais de acordo e as veces no discurso de vostedes paréceme que hai moitas similitudes coas do Partido Popular.

Sra. Muñoz que broma é esta do aparcadoiro municipal? Pero que broma é esta, como é posible que vostedes a estas alturas saian dicindo isto, vostede non dixo na súa intervención unha soa verdade, hai un aparcadoiro de 3.000 prazas, e a vostede vana xulgar os cidadáns por se pide a gratuidade ou non, por que non pide a gratuidade? Iso é o que hai que facer. Mañá cunha sinatura do Sr. Feijóo, os vigueses e os cidadáns da área sur de Pontevedra temos aparcadoiro gratuíto, esta é realidade, e a realidade de tódalas mentiras que vostede dixo é que precisamente vostede en primeira persoa é pola que se cae todo o argumento que vostede da. O hospital co goberno do Sr. Touriño estaba formalizado dende o ámbito público en 450 millóns de euros, e vostede, só vostede, Sra. Muñoz foi a cambiou cun informe en dúas horas, de público a privado, si Sra. Muñoz, ten que lembrarse do que fixo como interventora, eses foron os méritos para que vostede fose candidata aquí. Pero a contestación a vostede non lla dou eu, dánlla os 200.000 vigueses que saíron á rúa. Os 200.000 vigueses que piden aparcadoiro gratuíto, e algo máis Sra. Muñoz e eu non sei como durmiu vostede o día 3 de



setembro. Os vigueses e os cidadáns da área sur de Pontevedra teñen medo a ir a ese hospital, non queren ir a ese hospital porque vostedes no traslado non foron capaces de garantir a calidade asistencial dese hospital, e vostede por moito que tivese cinco ou cincuenta minutos, o que ten que dicir aquí é que se está a favor de que esas 3.000 prazas sexan públicas ou non, teno que dicir e non o dixo, foise pola xestión hospitalaria e demais.

Sabe cal é gran mentira do Partido Popular? Se vostedes o primeiro día que empezan a construír o hospital anuncian publicamente que se vai cobrar polo aparcadoiro, non acaban de construír o hospital, dígollo eu, non acaban de construílo. Pero vostedes estiveron mentindo, e a vostede en primeira persoa agora a utilizan para dicir dunha finca municipal de zona franca, pero que é isto? Pero que mentira, que insulto aos vigueses se xa nos insultou o Sr. Feijóo a 200.000, que representamos a tódolos cidadáns e ven vostede agora cunha parcela, é o colmo.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 27.08.2015 (Rex. Nº 1170/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.2(146).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A PROMOVER UN AUMENTO EN DIVERSAS DOTACIÓNS ORZAMENTARIAS NOS PRESUPOSTOS XERAIS DO ESTADO PARA O EXERCICIO DO 2016, EN RELACIÓN AO CONCELLO DE VIGO. REXISTRO PLENO 1171/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 27 de agosto de 2015, número 1171/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

O proxecto de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016 aprobado polo goberno central, reflicte diversas dotacións que foran demandadas polo Alcalde na reunión mantida ca ministra de Fomento, como a estación Tom Mayne, a humanización da Avenida de Madrid ou o AVE directo de Vigo con Madrid por Cerdedo.

Pero as partidas consignadas resultan nalgúns casos claramente insuficientes, a vez que existe outro tipo de investimentos necesarios para o noso concello que non se ven reflectidos no documento orzamentario aprobado polo executivo central.

Así, a partida contemplada para promover a realización da liña de alta velocidade ferroviaria entre Vigo e Ourense por Cerdedo, resulta ridícula por cativa e non chegaría para financiar nin o 5 % da licitación do seu proxecto previo, cuestión que deberá ser abordada sen máis demora no exercicio 2106; consignación que ademais non contempla as necesarias anualidades futuras que posibiliten a execución de tal cuestión, prioritaria para a nosa cidade.

Igualmente figura unha dotación anual única para o 2016 para a rehabilitación da Avenida de Madrid, pero nunha cantidade que resulta insuficiente para financiar a totalidade das obras necesarias, polo que sería preciso ampliála.

Sucede o mesmo con outras infraestruturas que aparecen con contías tremendamente deficientes, como son as que corresponden ás obras para promover no eixo atlántico a realización do tramo ferroviario entre Vigo e a fronteira portuguesa, ou acadar un maior investimento que o contemplado - unicamente por importe de 5.000 € - para a futura conexión por autovía libre de peaxe entre Vigo e Pontevedra; proxectos que requirirían dun maior dinamismo e axilidade que é imposible cas escasas dotacións contempladas. Igual acontece ca dotación para o Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo, que, de acordo cos presupostos aprobados para este ano 2015, debera ascender a seis millóns de euros no 2016 e non aos 100.000 € agora orzamentados; o que constituiría un claro apoio á I+D da nosa cidade.

Por outra banda non aparecen no proxecto de Presupostos Xerais do Estado para o

ano 2016 unha serie de investimentos que veñen sendo demandados polo cidade, como os que se refiren á recuperación da fronte litoral da praia de Samil, á recuperación do borde litoral de Alcabre ou a realización da Biblioteca viguesa.

Por último, se considera que debera aparecer dun xeito concreto o aporte a realizar dende a administración central ao financiamento do museo MARCO da nosa cidade.

Por todo o anterior, se propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

#### ACORDO

Instar ao Goberno de España a que promova as actuacións necesarias para acadar un aumento significativo en diversas dotacións orzamentarias previstas nos Presupostos Xerais do Estado para o exercicio do 2016 en relación ao Concello de Vigo:

- Liña de alta velocidade Vigo-Ourense por Cerdedo: incremento de 10 millóns de euros.
- Tramo ferroviario Vigo- fronteira portuguesa: incremento de 2 millóns de euros-
- Instituto de Investigacións Mariñas: incremento de 3 millóns de euros.
- Rehabilitación de Avenida de Madrid: incremento de 1,5 millóns de euros.
- Recuperación da fronte litoral da praia de Samil: nova partida de 3 millóns de euros
- Recuperación do borde litoral de Alcabre: nova partida de 500.000 euros.
- Nova dotación para a Biblioteca Municipal: nova partida de 2 millóns de euros.
- Financiamento do Museo do MARCO de Vigo: nova partida de 300.000 euros.

Con data 1 de setembro de 2015, a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Estes Orzamentos do Goberno do Partido Popular son unha discriminación absoluta á cidade de Vigo, non nos sorprende, vense repetindo ano tras ano que os gobernos do Partido Popular se teñen que sentar a facer uns orzamentos sempre de costas á cidade e sempre co amparo dos sete concelleiros do Partido Popular que están representados nesta Cámara.

Discriminación absoluta, a cantidade de 35.000 euros de achega do Ministerio de Cultura para a xestión do Museo Marco, parece unha discriminación absoluta, sobre

todo comparándoo co que reciben cidades como a A Coruña ou Santiago de Compostela en materia de Cultura.

O goberno ignora o Patrimonio medioambiental da cidade de Vigo, esquecese das Illas Cíes, en cambio reserva 4,8 millóns de euros para o Consorcio Turístico Cultural de Santiago de Compostela. Escaseza de investimentos para a cidade no relativo ao Fomento, cativas os investimentos para Vigo, o mesmo a previsión de 1,3 millóns para impulsar o AVE directo por Ourense, unha cifra que dificilmente suporá a licitación do proxecto, xa non falamos de que poida realizar a obra. Ridículo os 100.000 euros para o Instituto de Investigacións Mariñas, que invalida calquera investimento verosímil para o ano 2016, non aparece a prometida construción do edificio da Tesourería Xeral da Seguridade Social e a A-59 tampouco aparece neses orzamentos, o goberno réndese ás autoestradas de pago, non son capaces de apostar por unha alternativa como a A-59 gratuíta para tódolos cidadáns deste territorio, e a previsión de 5.000 euros, si, non me trabuco, parécenos absolutamente irrisoria para unha cidade de Vigo para apostar por unha infraestrutura tan necesaria como é a A-59.

Tódalas semanas chamo ao Ministerio de Fomento, incluído onte, para pechar a reunión que temos prevista dende hai dous meses, dende que houbo a reunión entre o Alcalde e a Ministra, que dixeron que se ían propoñer a remodelación da Avenida de Madrid, e tódalas semanas recibo a mesma resposta, non hai resposta. A directora de gabinete e o resto dos responsables dese ministerio sempre están reunidos, eu déixolle o meu número persoal, déixolle o meu número do Concello e estou aberto as 24 horas do día e non recibo esa chamada de resposta, preocúpame porque debuxar nos Orzamentos Xerais do Estado unha cifra menor e pequena que non serva para contentar a ninguén, porque a realidade é que non hai vontade política de facer ningún investimento en Vigo senón, eu espero estar equivocado, esa reunión xa se tiña realizada no mes de xullo ou no mes de agosto, reunión que de momento non se está realizando.

E dígovos máis, estes orzamentos son discriminatorios coa cidade de Vigo, son cativos para a cidade de Vigo, son uns presupostos ridículos comparados co resto de Galicia e co resto de España e son uns orzamentos novamente trabucados para unha cidade como a nosa. O Partido Popular volveuse a trabucar á hora de facer uns Orzamentos, por iso instamos ao Goberno de España a que promova ás actuacións

necesarias para acadar un aumento significativo das diversas dotacións orzamentarias previstas nos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, unha liña de alta velocidade de Vigo-Ourense por Cerdedo cun incremento de 10 millóns de euros, un tramo ferroviario Vigo-fronteira portuguesa cun incremento de dous millóns de euros, o Instituto de Investigacións Mariñas cun incremento de tres millóns de euros, a rehabilitación da Avenida de Madrid, cun incremento 1,5 millóns de euros e a vontade real de traballar, a recuperación do fronte litoral da praia de Samil con tres millóns de euros, a recuperación do borde litoral de Alcabre, a dotación para a Biblioteca Municipal con dous millóns de euros e o Museo Marco cunha dotación non ridícula de 30.000 euros senón unha dotación de 300.000, sobre todo porque a cidade de Vigo aporta ao Museo Marco 650.000 euros.

SR. PÉREZ CORREA: Nós coincidindo, como coincidiu toda a oposición parlamentaria no Congreso dos Deputados e no aspecto negativo sobre todo estes Orzamentos que sexan pretendidamente inscritos nunha recuperación económica, nós aquí nesta moción si que votamos en falla unha reflexión colectiva que se fixo no Congreso dos Deputados, primeiro, que esa redución de case un 5% dos Orzamentos con respecto ao ano 2015 no que ten que ver co gasto non financeiro, gran parte desa redución, polo menos a crítica colectiva que esta a facer a oposición parlamentaria é que nos capítulos sociais practicamente é onde máis se incide na destrución de dereitos sociais, os orzamentos para o Estado 2016 recortan un 22% en prestacións en políticas activas de emprego, lembro que nesta cidade aos cidadáns que levan moitos anos en situación de desemprego a case o 50% das persoas desempregadas de longa duración que xa non reciben ningunha prestación, supoño que as prioridades ferroviarias que propón esta moción lle parecerán absolutamente secundarias. Nós votamos en falla que dentro das reclamacións que fai o Partido Socialista, e a parte dicímolos de acordo coa emenda á totalidade presentada polo partido Socialista no Congreso dos Deputados, que aquí as prioridades sexan exclusivamente de políticas ferroviarias a maior parte iso incide nesta a posta do Partido Popular, porque a maior parte do gasto público para Galicia sexa exclusivamente alta velocidade, logo poderemos discutir se realmente o que se constrúe e o que se está a tramitar para Galicia é a alta velocidade ou simplemente un apaño co que ten que ver, incluso coa maior parte dos tramos que

se están introducindo en Galicia non son alta velocidade ou polo menos non é AVE cos requisitos técnicos que marca ese tipo de infraestrutura ferroviaria. Estando de acordo nalgunhas partidas, que obviamente se tamén aparecen e desaparecen, por certo, nos Orzamentos en determinados anos, hai anos que aparece a partida das melloras na A-55, hai anos que desaparecen, volven aparecer, estamos sistematicamente nesa arquitectura financeira que se coloca nos orzamentos onde as partidas vanse poñendo ou quitando dependendo do curso político, e logo tamén nos parece bastante curioso que se fale da recuperación da fronte litoral da praia de Samil, precisamente cando foi o Partido Socialista a que introduce un elemento arquitectónico como é o edificio hostaleiro que ocupa o actual Jonathan que practicamente vai poñer en dúbida gran parte dese desenvolvemento da rexeneración do fronte litoral da praia de Samil que moito ten que ver coa existencia dese paseo.

Nós seguimos pensando que as dotacións en Cultura non só neste Orzamento que historicamente as dotacións de cultura que se puxeron para o Concello de Vigo van moi por debaixo dunha cidade destas características pero tamén no seu día o goberno socialista as partidas que tiñan que ver coas habilitacións para as bibliotecas, as que tiñan que ver cos museos eran cativas, e nós pensamos que non é unha prioridade para esta cidade, seguramente, agora mesmo a alta velocidade tal como se está a propoñer. Lembro que a variante de Cercedo que publicitariamente soa moi ben e que podemos facer millóns de roldas de prensa sobre a súa variante, o custe técnico que o ADIF argumenta son máis de 1.900 millóns de euros, imos gastar 1.900 millóns de euros máis en gañar media hora ou unha hora cun tránsito ferroviario a Madrid. Este grupo municipal está radicalmente en contra da política de alta velocidade neste país, e si que tendo claro que Vigo ten que ter unha conexión importante ferroviaria coa meseta poñemos en dúbida o gasto ferroviario, poñemos un dato, nos Orzamentos deste ano cada cidadán español vai pagar 720 euros máis no pago da débeda, segue sendo un dos grandes montantes dos Orzamentos destes anos, incluso por enriba de partidas sociais moi importantes, todo por unha política errónea de política aeroportuaria, lembro ademais algúns tramos ferroviarios inaugurados a todo correr porque había procesos electorais próximos, e iso significa que vai computar a débeda pública, que a débeda pública vai condicionar porque temos unha reforma constitucional

pactada co Partido Socialista e o Partido Popular que di que antes imos pagar eses millóns de euros que gastamos en ferrocarril de alta velocidade, en infraestruturas aeroportuarias antes que pagar a sanidade e a educación.

Polo tanto, dentro desa lóxica nós non entendemos que sigamos falando de 1.900 millóns por unha variante que nós poñemos en dúbida que no seu día os promotores desta iniciativa que era a Unión Xeral de Traballadores lle dixemos que poñíamos en dúbida ese investimento e polo tanto nos pensamos que hai prioridades antes que as que se están a propoñer nesta moción, sobre todo porque nos preocupa ese 22% de merma de prestación de recursos económicos para prestacións de desemprego que é a prioridade.

SR. FIGUEROA VILA: A min cando me dixeron que o Partido Socialista presentaba unha moción sobre as políticas e os investimentos do Goberno do Estado en Vigo, díxenlle aos meus compañeiros, seguramente esa proposta irá na liña dun nomeamento da Sra. Pastor como viguesa distinguida. Eu vou explicar porque entendín que iso podería ser así, porque cando chega ao meu poder a moción vese claramente que esta son unhas emendas ao Presuposto do Estado que piden dende os partidos políticos, que nos piden sempre cando chega o momento de presentar emendas porque suman 23 millóns de euros, loxicamente é unha cifra pechada e a maiores trae unha serie de contradicións que se tivese tempo suficiente gustaríame explicalas.

As contradicións son claras, non se len os orzamentos porque hai unha serie de partidas da Seguridade Social, Sr. Regades, está en licitación ese edificio polo que tanto traballamos todos, e digo todos porque foi un traballo de todos e se quere doulle a partida, actualmente está en proceso de adxudicación dos créditos de aplicación orzamentaria 41616221/20 no orzamento da Tesourería da Seguridade Social, son cantidades que son importantes, estamos falando de 19 millóns de euros, que están en proceso de licitación, primeira cuestión que matizamos.

Segunda cuestión, co tema do litoral da praia de Samil, eu creo que nós puxemos todo enriba da mesa para que iso se levase a cabo, tanto na toma de decisións como na primeira decisión que se tomou das Dornas, que asineino eu o derribo das Dornas, na liña de que todos foran derribándose ata ter a finalización e empezar co proxecto que todos sabemos que é un proxecto de ampliación das dunas, hai un

segundo vial e se remodelarían tamén as instalacións deportivas.

Polo tanto, é un erro que debido a unha situación concreta e puntual pois agora temos unha dificultade.

Cando me falan de biblioteca eu creo que deberían ser un pouco máis respectuosos porque a biblioteca do Estado tivo nos tres últimos anos oito e nove millóns de euros nos orzamentos para que Vigo fixese a cesión deses terreos e nunca se fixo, falouse que primeiro podería ser na panificadora, despois no Auditorio, etc. a biblioteca do Estado tiña contemplado oito millóns de euros durante tres anos consecutivos e non se levou a cabo.

Polo tanto, sorpréndenos tamén esta cuestión.

A maiores dicirlles que aquí hai unha decisión tomada nos últimos anos importante que ninguén quere reflectir, a redución da peaxe, a peaxe reduciuse nunha cantidade importante no 50% para automóbiles e agora entre o 35 e o 50% para transportistas, polo tanto, eu creo que é unha decisión valente e que politicamente e socialmente é importante para todas aqueles persoas que teñan conexión Vigo-Pontevedra pois agora moito máis, reflectida nesta propia Corporación.

Estamos a falar que nos catro anos hai unha serie de investimentos que superan os 1.200 millóns de euros e que eu creo que é unha decisión histórica, que non ten precedentes e que tardará moito en volver a repetirse este investimento que ten a cidade de Vigo. Agora neste orzamento, estamos a falar case por enriba dos 400 millóns de euros no orzamento deste ano que están previstos, dende o saneamento da ría, á depuradora, á Tesourería da Seguridade Social o edificio que está contemplado, a recuperación da muralla do Castro, a Avenida de Madrid que hai unha partida que supoño que haberá que implementar no futuro, a autovía A-57, a autovía A-59, a autovía Vigo-Porriño, en investimentos mariños hai máis de seis millóns de euros, en medio ambiente, Sr. Regades é que non se leu os orzamentos, temos unha partida de 2.700.000 euros e 2.800.000 nese orzamento para contemplar, no Museo Marco unha cantidade que pode ser incrementada evidentemente, a Autopista do Mar, para o AVE máis de 69 millóns de euros, está a terminación do Aeroporto de Peinador en tódalas súas dimensións, no Porto de Vigo hai contemplados máis de 15 millóns de euros dende a terminal ata os investimentos que se fixeron nestas instalacións, o Consorcio da Zona Franca que creo que están a facer un investimento importante, na ampliación de Rande, eu



creo Sr. Alcalde que deberían rectificar porque o investimento do Goberno do Estado en Vigo é exemplar.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: O Sr. Figueroa dicía se non me lin os Orzamentos, eu linnos e entendinos, pero vostede leunos e non os entendeu, pero non pasa nada. Iremos empezando polo final, cando fala de Zona Franca e do Porto, claro, é que Zona Franca e o Porto se autopagan, cos ingresos dos impostos das empresas que hai instauradas no Porto e na Zona Franca se autofinancian Sr. Figueroa, entón non é son cartos públicos, son cartos de Vigo que se quedan en Vigo Sr. Figueroa, pero é normal. A Sra. Pastor viguesa distinguida non vai ser, porque non o merece, se o merecese seguramente a faríamos viguesa distinguida.

Edificio da Seguridade Social, onde están os 18 millóns Sr. Figueroa, isto é como “onde están as chaves materile, ríle, ríle”, eu creo que debe ler os orzamentos con atención e senón que llos expliquen.

Sr. Figueroa, biblioteca do Estado, os gobernos do Partido Popular cero, os gobernos do Partido Socialista en tódolos orzamentos 1.500.000 de euros, repítolle Sr. Figueroa, Partido Popular cero.

As autoestradas de pago, nos falaba das subvencións, todo políticas económicas de empresa, nos o que estamos reclamando dende aquí políticas económicas de empresa, campañas para atraer máis clientes de empresas privadas, como o hospital privado, autoestradas privadas, o que lle estaba pedindo eu, que ao mellor llo repito por se non me entendeu era, autoestradas sen peaxe, o que lle chaman autovías, e que se constrúan xa, que xa están debuxadas, proxectadas e non están nos orzamentos, non lle faga tanto caso Sr. Figueroa, aos seus xefes de Madrid e aos de Santiago de Compostela, fágalle caso aos vigueses, aos 300.000 vigueses, deixen de facerlle caso aos seus xefes de Madrid que os están levando á ruína, o peor resultado do Partido Popular que tivo na historia da cidade de Vigo.

Señores do Partido Comunista e da Marea de Vigo, os únicos metros que se gañaron de praia neste cidade nos últimos corenta anos, foron con este goberno, con este Alcalde, gañáronse metros de praia na praia do Vao, na de Samil co derrube das Dornas, gañáronse metros en Bouzas co derrube da estrutura de madeira. Sr. Figueroa, se as Dornas se tiraron abaixo seis anos despois de que o Sr. Abel Caballero fora alcalde, como que as tirou vostede? A quen quere enganar?

Pero os vigueses saben cando se tiraron as Dornas, eu a verdade que hai cousas que non podo entender. O que hai que facer é pelexar por uns orzamentos que defendan a toda a cidade.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e dez abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 27.08.2015 (Rex. Nº 1171/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.3(147).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO MINISTERIO DE FACENDA A DITAR AS INSTRUCCIÓNS NECESARIAS PARA QUE O COMPUTO DO TEITO DE GASTO TEÑA EN CONTA O ESTADO DE GASTOS DO ORZAMENTO EN EXECUCIÓN. REXISTRO PLENO 1172/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 27 de agosto de 2015, número 1172/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O teito de gasto non financeiro é un dos límites legais a ter en conta na

elaboración e execución dos Orzamentos. Esta regra se regula no artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira que establece que *“la variación del gasto computable ... de las Corporaciones Locales, no podrá superar la tasa de referencia de crecimiento del Producto Interior Bruto de medio plazo de la economía española”*.

A reunión do Consello de Ministros celebrada o día 10 de xullo de 2015, e conforme ao previsto no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o acordo polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2016-2018 e o límite de gasto non financeiro do Sector Público Local para o período 2016-2018, é o seguinte:

OBXECTIVO	ANOS		
	2016	2017	2018
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade) EELL	0,00%	0,00%	0,00%
Débeda Pública para o Conxunto de Entidades Locais	3,40%	3,20%	3,10%
Débeda Pública para o Conxunto das CCAA	22,50%	21,80%	20,90%
Débeda Pública para AC	72,60%	71,50%	69,20%
Débeda pública total	95,50%	96,50%	93,20%
Débeda Pública avaliada de xeito individual EE.LL (endebedamento)	110/75%	110/75%	110/75%
Taxa de referencia de variación do PIB (para o cálculo do gasto non financeiro TRCPIB)	1,80%	2,20%	2,60%

O artigo 30 da LOEPSF establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus Orzamentos. A TRCPIB para o ano 2016 aprobada polo Consello de Ministros celebrada o día 10 de xullo de 2015 é do 1,8%.

En esencia, o teito de gasto consiste en limitar o gasto en operacións que non consistan en pagar a débeda pública da Entidade Local pero non ten en conta a situación dos Concellos, como é o caso do de Vigo, na que a importancia da débeda pública e residual ou inexistente.

Por outra banda, esta regra tampouco ten en conta a evolución da recadación ou dos ingresos da Facenda Local ou a situación de tesourería.

A falta de consideración destes elementos perxudica o desenvolvemento das políticas públicas de Concellos como o de Vigo que contan cunha situación de “débeda cero” e cuns ratios de tesourería que se concretan nunha ratio de liquidez inmediata de 2,46 segundo os datos da conta xeral de 2014. Do mesmo xeito, non se ten en conta o prazo de pago aos provedores que, no caso do Concello de Vigo, é o segundo mellor de toda España, dacordo cos datos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

Instar ao Ministerio de Facenda que proceda a ditar as Instrucións necesarias para que o cómputo do teito de gasto teña en conta o estado de gastos dos Orzamentos dacordo cos datos do orzamento en execución, elaborado en situación de equilibrio orzamentario, e non dacordo cos do último exercicio pechado.”

Con data 1 de setembro de 2015, a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. ANEIROS PEREIRA: A moción que se presenta en nome do grupo do Partido Socialista de Galicia pretende modificar unha plasmación na lei das políticas centralistas que chegaron ao Goberno alá polo ano 2011 e non só políticas centralistas que se plasmaron nunha lei a Lei de estabilidade orzamentaria senón tamén unhas políticas alongadas da realidade como demostra que tódolos grupos que forman parte da Federación Española de Municipios e Provincias están de acordo en modificar esta regra do Teito de Gasto.

A regra do Teito de Gasto consiste basicamente que non é pouco, en limitar o gasto dos concellos en todo aquilo que non sexa o pagamento das débedas, da débeda pública, parece que está tan afastada da realidade que non se coñece, non se comprende que os concellos son a administración máis próxima aos cidadáns e polo tanto é a administración a que debe facer fronte as principais necesidades dos cidadáns.

Compre lembrar que este Concello de Vigo así o fai dende hai anos, dende que o Alcalde o Sr. Abel Caballero é alcalde desta cidade e actualmente adicamos a políticas sociais un importante importe dos nosos orzamentos suplindo o que outras administracións como a Xunta de Galicia e a Administración Central non fan, adicamos un total de nove millóns de euros a política social para facer fronte ás necesidades das persoas, dos cidadáns que viven en Vigo coa tarxeta da dignidade, coas bolsas de comedor, coas de libros e tantas outras políticas sociais. Tamén suplimos o que non fan outras administracións coa política de emprego, o Plan de Emprego Municipal adica un importante número de recursos, máis de cinco millóns de euros ás políticas de emprego e por outra parte tamén facemos investimentos.

O Consello de Ministros fixou, na súa reunión de 10 de xullo do ano 2015, o acordo de estabilidade, o límite de endebedamento dos concellos utilizando como taxa de referencia o 1,8%, pero esta taxa de referencia non ten en conta a situación dos diferentes concellos e a situación do Concello de Vigo que se atopa nunha situación de débeda cero, un concello saneado financeiramente e sen débeda pública e polo tanto descoñece a realidade de concellos como o de Vigo, tampouco teñen en conta a evolución da recadación dos impostos e das taxas municipais e a situación de Tesourería das corporacións locais como é o caso da administración financeira do Concello de Vigo, que ten unha ratio de solvencia financeira moi superior a doutros concellos.

Polo tanto, esta regra do Teito de Gasto non ten en conta as peculiaridades dos Concellos Saneados, é un límite inxusto para os concellos saneados e cumpre, é necesario que o Ministerio de Facenda dite as instrucións oportunas para que o cómputo do Teito de Gasto non teña en conta os gastos executados do Orzamento pechado senón os gastos elaborados en situación de equilibrio orzamentario, de estabilidade financeira do orzamento corrente, polo tanto que non limite inxustificadamente as políticas de gasto dos concellos como o de Vigo, concello como digo saneado economicamente e financeiramente, mostra diso é, hai que lembrar unha vez máis, que somos o segundo mellor concello de España en pagamento a provedores, polo tanto, a moción que presente este grupo municipal consiste en instar ao Ministerio de Facenda a que proceda a ditar as instrucións necesarias para que o cómputo do Teito de Gasto teña en conta o Estado de Execución dos gastos do Orzamento corrente e non os gastos de Orzamento

pasado, este gasto do Orzamento corrente sae agora, insisto, en situación de equilibrio orzamentario.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos de acordo en primeiro lugar porque efectivamente é unha demanda histórica non só nos últimos anos da FEMP senón de toda a oposición parlamentaria de que está a suceder coas limitacións do Teito de Gasto en tódalas administracións, pero sobre todo polo agravio comparativo que o obxectivo de estabilidade que aprobou o Consello de Ministros para este exercicio nos parecen absolutamente lesivos para os intereses das entidades locais, non entendemos ese 2,8% de déficit que se espera, o cálculo de déficit que espera o goberno, sabemos que os cálculos de previsión de déficit do goberno nunca son exactamente os que formulan, e sobre todo que aí se introduza o déficit do 2,2% para a administración central e do 0% absoluto para as administracións locais, sendo as administracións locais as que atesoiran gran parte dos servizos sociais deste país, non só para o caso do Concello de Vigo, independentemente desa lectura de situación saneada, preocúpanos o que está pasando con estes criterios porque o día 24 de maio houbo cambios en moitas corporacións e este feito, herdanzas de gobernos anteriores, están limitando a novos gobernos incluso poderá levar adiante políticas sociais que son as que directamente actúan sobre a cidadanía dende os concellos.

Nós estamos de acordo en esa revisión, sabemos que na Federación Española de Municipios e Provincias hai unha Mesa de Traballo precisamente para unha demanda que non é exclusiva dos gobernos municipais das Mareas, de Esquerda Unida en todo o Estado, senón que moitos concellos do Partido Popular tamén están propoñendo as limitacións deste Teito e o que si pensamos é que o Concello de Vigo debería participar activamente nesa fronte común de concellos para cambiar dunha vez estes criterios de déficit que se aplican de maneira absolutamente irresponsable coas administracións locais e que se lle permite ao Estado certa licencia no que é o déficit público.

Imos votar polo tanto a favor desta moción, e pero imos sobre todo a poñela enriba da mesa como unha moción colectiva para tódolos concellos, máis alá da súa situación, porque consideramos que hai moitos novos gobernos municipais que non son culpables das situacións herdadas do estado económico dos concellos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Señor concelleiro de Facenda, antes dicíame que había que saber ler, vostede a verdade é que me sorprende porque ten bastante perigo porque eu cría que ía falar con máis rigor, que non ía contar mentiras porque é vostede un profesor universitario, se vostede aos seus alumnos lles conta estas mentiras pois non sei o que van aprender.

Primeiro, voulle dicir que o contrato de Vigo Recicla que é o da recollida selectiva, asinouse o 29 de setembro que é o meu santo de 2003, gobernaba o Sr. Pérez Mariño agora o que tanto admiran. Dime que non sei ler, que minto, o que mente é o Sr. Aneiros.

Logo falaba de Orzamentos e fala do Orzamento, póñanse vostedes as pilas, mírense vostede ao espello, aquí en Vigo non temos orzamento, teñen 17 concelleiros pero non teñen orzamento en 2015, a ver se fan un orzamento así non traemos produtividades, non traemos modificacións de crédito, etc.

Fala do Partido Comunista, pero son cos que van pactar en toda España. O Partido Comunista son os que tanto están vostedes adorando o “Zapatero bis” que agora presentan vostedes para presidente do Goberno, non escarmentaron co Zapatero primeiro e agora presentan ao “Zapatero bis”, que é o Sr. Pedro Sánchez.

Falando de Teito de Gasto que para iso nos traía hoxe a moción, creo que o primeiro que debería vostede clarexar Sr. Aneiros, con todo o cariño e con toda a boa intención, é o concepto, dicía o Sr. Manquiña “o concepto é o concepto”, un actor de Teis que tanto admiro, o Sr. Manuel Manquiña, e no concepto vostede mistura, fala de Teito de Gasto cando entendo que quere referirse a Regra de Gasto, esta que define o artigo 12 da Lei de estabilidade, unha de tantas leis que tivo que facer o goberno do Partido Popular para resolver os problemas de descontrol do gasto, porque a vostedes lles encanta gastar, iso de gastar lles priva, pero gobernar non é gastar, gobernar é administrar e facer como fan as familias e como fan as empresas, é priorizar.

Esa é unha lei das tantas que fixo o Sr. Rajoy, o Sr. Montoro ese que tanto puxo a España na senda do crecemento atopánda absolutamente quebrada, a Lei de estabilidade, a Lei de racionalización e sostibilidade, a Lei de control da débeda comercial, a Lei de factura electrónica, todos son normas que vostedes non fixeron cando gobernaron, todo o contrario, normas para facer unha administración que

funcione mellor, que sexa máis transparente, se sexa máis eficaz e que sexa máis eficiente.

O que ven a dicir a Regra de Gasto, e agora explícollo, aínda que non son profesor, a Regra de Gasto é que o gasto non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do PIB a medio prazo da economía española, o cal paréceme que é lóxico, a vostede lle parece lóxico? Que non se poida gastar máis do que se vai recadar porque o Sr. Regades crese que os cartos veñen do aire, non ven dos impostos, no é que Zona Franca e o Porto págano as empresas de Vigo, e os presupostos de Vigo de onde saen? Do aumento dos impostos que vostedes lles cobran e ben que lles cobran, o IBI, a auga e tódalas taxas aos vigueses, o que non queren falar ademais os vigueses non é de Teito de Gastos, é de Teito de Ingreso de Vigo porque vostedes non teñen límite á hora de subir os impostos, falan de que son saneados, teñen o mantra da débeda cero que é mentira, que non hai débeda cero, é falso, a débeda financeira de máis de 12 millóns de euros e hai liquidacións negativas que hai que devolverlle ao ministerio, é falso non hai débeda cero. E fala de Teito de Gasto, pero o que queren os vigueses é que paren de subir os impostos, que falemos en Vigo dun Teito de Ingresos, a santo de que están a subir os impostos?

PRESIDENCIA: Déixeme que lle diga unha cousa para informalo, o Sr. Aneiros que é profesor da Universidade de Vigo, é seguramente o profesor que máis veces foi elixido padriño por promocións de estudantes en toda a historia da universidade, o profesor que máis veces foi elixido padriño polo seus estudantes na historia da universidade, hai moitos outros profesores que lle podería citar pero non o vou a facer, que nunca foron elixidos padriños e no caso e fun o catedrático que deu a lección inaugural desta universalidade, que é un gran honor que teño na miña vida, pero no caso do Sr. Aneiros case houbo que facer un decreto especial para que non fora repetindo ano tras ano porque o resto dos profesores tamén tiñan dereito.

SR. ANEIROS PEREIRA: Contestando en primeiro lugar ao Sr. Pérez de Marea de Vigo, lémbrolle que o único partido que está liderando a reforma do Teito de Gasto e a reforma de Lei de estabilidade orzamentaria é o Partido Socialista Obreiro Español, singularmente o Alcalde de Vigo, o Sr. Abel Caballero coa súa presenza na



Federación Española de Municipios e Provincias, polo tanto, celebro que se sume a esta aprobación, modificación da Regra de Teito de Gasto, pero insisto, somos o partido que estamos a liderar esta modificación da Regra do Teito de Gasto de estabilidade orzamentaria, en Vigo, na FEMP e proximamente o lideraremos con maior impulso dentro da FEMP.

Sr. Fidalgo, moitas gracias polas súas agarimosas palabras e verbas, pero eu o convido, que estamos en prazo aínda a que se matricule na Universidade porque os artigos e as leis hai que lelas dende o principio ata o final e non quedarse na primeira parte, non tocar de oído, parece que vostede sabe moi ben o que é tocar de oído, é un músico excelente neste caso, pesca unha idea e a repite.

Un breve paréntese, os acordos plenarios da concesión da contrata do servizo da recollida de limpeza son do ano 2001, despois pasou a Sra. Porro polo goberno.

En canto a Regra do Teito de Gasto, o Partido Popular deixou unha débeda neste concello de 100 millóns de euros, débeda que este goberno local a reduciu a cero, débeda cero, Sr. Fidalgo, por máis que non lle guste este goberno do Partido Socialista deixou a débeda que vostedes deixaron en cero, e cuns ratios de solvencia excelentes por parte deste concello.

Polo tanto, compre modificar esa Regra de Teito de Gasto, esa regra de límite de gasto non financeiro para os concellos para permitir que concellos saneados como o de Vigo poidan desempeñar as súas políticas de gasto, poidan empregar os ingresos que obteñen por ingresos dos cidadáns vía impostos e polas transferencias do Estado nas políticas de gasto, no que precisan os cidadáns desta cidade.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago

Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 27.08.2015 (Rex. Nº 1172/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.4(148).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA O INICIO DO PROCESO DE REVERSIÓN Ó ÁMBITO PUBLICO DO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 1190/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 4 de setembro de 2015, número 1190/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O 29 de xuño pasado, o Novo Hospital privado de Vigo, pertencente ao complexo Hospitalario de Vigo, comezou progresivamente a súa actividade asistencial. Dende entón, e cada día con máis intensidade, son continuas as protestas de pacientes, profesionais, organizacións sindicais e sociais sobre os déficits funcionais e estruturais cos que comezan a funcionar esta importante dotación sanitaria que estaba chamada na súa orixe a cubrir os déficits estruturais da Área e as súas referencias.

Á xa coñecida falta do Laboratorio Central no NHV, úneselle o atraso inxustificable na finalización das obras; o coñecemento progresivo da redución drástica respecto ao proxecto funcional orixinal e ás propias e reiteradas promesas do Goberno do Sr. Feijóo; a falta sinalización de acceso; o custo para o paciente e profesionais do aparcadoiro; a suspensión xudicial e atrasos dos concursos de equipamento pola pésima xestión realizada, así como a precaria forma xestionar o traslado e implantación da tecnoloxía necesaria e imprescindible para que o hospital pode abrirse en condicións de calidade.

Por todo o cal, en nome do grupo municipal do PSdeG- PSOE, e facéndonos eco das demandas formuladas por cidadáns e profesionais solicito o Pleno deste Concello aprrobe a seguinte

## ACORDO

Solicitar do Goberno Galego:

- Iniciar o proceso de reversión ó ámbito público do Novo Hospital de Vigo.
- Dotar ao Novo Hospital de Vigo do Laboratorio Central da Área Sanitaria de Vigo.
- Establecer a gratuidade do aparcadoiro do Novo Hospital de Vigo.
- Corrixir todas aquelas deficiencias construtivas e técnicas denunciadas polos profesionais.
- Paralizar o traslado ó Novo Hospital de Vigo ata que éste se poda desenvolver con tódalas garantías técnicas e asistenciais para os pacientes e para os traballadores.”

DEBATE.-

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Con gran responsabilidade especialmente no día de hoxe, en nome do grupo Socialista desexo presentar esta moción que realmente todos e cada un dos membros do grupo quixéramos non habela tido que presentar nunca.

O 29 de xuño pasado, o novo hospital privado de Vigo pertencente ao Complexo hospitalario, comezou progresivamente a súa actividade asistencial, dende entón e cada día con máis intensidade, son continuas as protestas de pacientes, profesionais, organizacións sindicais e sociais sobre os déficits funcionais e estruturais que levan consigo a funcionar esta importante dotación sanitaria que está chamada a ser na súa orixe para cubrir os déficit estruturais da área sanitaria e da súas referencias.

Á xa coñecida falla de laboratorio central do novo hospital de Vigo, únese o atraso inxustificable no financiamento das obras, o coñecemento progresivo da redución drástica con respecto ao proxecto funcional, orixinal e licitado, ás propias e reiteradas promesas do goberno do Sr. Feijóo sobre as capacidades do mesmo, á falla de sinalización do acceso, aos custes para o paciente e profesionais dos aparcadoiros e outros servizos, á suspensión xudicial e atraso dos concursos do equipamento pola pésima xestión realizada, así como a precaria forma de xestionar e trasladar a implantación da tecnoloxía necesaria e imprescindible para que o hospital poida abrise en condicións de calidade. Ademais de tódolos sucesos que lamentablemente se produciron nos últimos días e que son coñecidos de todos

vostedes e que precisamente pola especial sensibilidade, con elementos que concorren nos mesmos, non queremos xerar debates sobre os mesmos.

Por todo o cal, e en nome do grupo municipal do Partido Socialista e facéndonos eco das demandas formuladas por cidadáns e profesionais, solicito ao Pleno deste Concello o seguinte: Primeiro, iniciar o proceso de reversión ao ámbito público do novo hospital de Vigo,.

Segundo, dotar ao novo hospital de Vigo de laboratorio central para a área sanitaria propia.

Terceiro, establecer a gratuidade de aparcadoiro do novo hospital de Vigo.

Cuarto, corrixir todas aquelas deficiencias construtivas e técnicas denunciadas polos profesionais.

Quinto, paralizar e trasladar o novo hospital de Vigo ata que este se poida desenvolver con tódalas garantías técnicas e asistenciais para os pacientes e para os traballadores.

Unicamente nesta primeira fase desta moción desexo deixar dúas posicións claras, primeiro, é rigorosamente non certo, por non dicir mentira, que realmente o Concello de Vigo haxa estado ao marxe e non se opuxera a este proceso dende o mesmo orixe en que por parte do Goberno do Sr. Feijóo optouse por unha vía que realmente por parte deste concello considerouse e como ven sendo agora demostrado por parte dos cidadáns como realmente un intento de perversión do modelo creado. Non só aquí, só dende o coñecemento da realidade municipal, e a realidade social desta cidade pódese dicir que dende este concello non se fixera nada, fixéronse mocións que tiveron o honor de defender e debater neste mesmo foro. Fixéronse manifestacións cidadás incluso masivas nos primeiros momentos, lideradas e apoiadas por este Concello.

Polo tanto, quero deixar clara a posición militante non dun modelo concreto en contra dunha posición, senón polo modelo da sanidade pública da cal nunca xamais deberíamos de ter saído.

Un chamamento ao Partido Popular para que realmente apoie o que forma parte do clamor popular, un clamor popular que non se manifesta só nunha manifestación multitudinaria, senón realmente a través do motivo esencial do por que vostedes son hoxe catro e non eran trece, é dicir, perderon as eleccións e non as perderon vostedes por outros motivos nada máis que de obrar en contra dos intereses dos

cidadáns, especialmente e neste caso simbolicamente no tema sanitario.

Polo tanto, fago unha reflexión para que dunha vez apoiem o que forma parte do patrimonio dos cidadáns e non dos intereses de certos políticos de Santiago de Compostela.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Nós imos a votar a favor desta moción evidentemente xa que o grupo municipal da Marea de Vigo está de acordo coa moción presentada polo grupo Socialista porque consideramos que este modelo de sanidade non é modelo que a cidadanía deste país merece, que é un modelo que deu moi malos resultados nos lugares onde se implantou e que só responde ao interese de facer da sanidade un negocio a explotar polo capital privado que ve un filón de ingresos millonarios nun sector que ata o de agora aínda pertencía case na súa totalidade ao eido público, e como ben dixo don Luís Campos Villarino, presidente do Colexio Oficial de Médicos de Pontevedra, a xestión do hospital Álvaro Cunqueiro debería ser única, global e pública pero Sr. Font o pacto do Partido Popular co Partido Socialista para quitar adiante os Orzamentos do 2015 a cambio de dar luz verde á cometida da luz, volva repetir, de auga e de saneamentos despois de presumir, de defender a sanidade pública, non facilitando de entrada as acometidas finalmente preferiu pactar con quen promovía un hospital privado.

Sr. Abel Caballero, vostede é o que goberna a maior cidade da área onde se asenta este hospital, creo que ten a obriga de darlle unha alternativa a tódolos problemas que aquí se presentan e discutir, facer, falar co Partido Popular para que entre os dous dean unha resposta a todas estas dúbidas que estamos a sufrir os cidadáns/ás, traballadores/as deste macrohospital que máis que un hospital parece un centro comercial.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sr. Rodríguez Escudero, que sexa precisamente vostede agora o que pida a reversión da concesión do hospital cando, como acabo de ler na miña anterior intervención, era vostede mesmo o que defendía o modelo de colaboración público-privada para a construción dun hospital realmente parece sorprendente, parece canto menos sorprendente.

O modelo de colaboración público-privado eu vou perder trinta segundos en explicar ao Sr. Font algo que descoñece é que é bo que teña toda a información

cando se pon a comentar a tramitación administrativa.

PRESIDENCIA: Sra. Muñoz, a intervención fíxoa o concelleiro de Cultura, o Sr. Rodríguez Escudero, se lle contesta ó Sr. Font voulle dar a palabra ao Sr. Rodríguez Escudero e ao Sr. Font. Este Pleno o dirixe o Alcalde, cando vostede teña a maioría o dirixirá vostede, pero vostede perdeu estrepitosamente, como ninguén na historia desta cidade.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: E por iso non teño dereito a falar, iso é o que lle gustaría a vostede, Sr. Alcalde, que non faláramos.

PRESIDENCIA: Estou dicindo que esta moción, Sra. Muñoz, presentouna o Sr. Rodríguez Escudero, non a presentou o Sr. Font, polo tanto se vostede fala co Sr. Font non está falando desta moción e estamos a debater unha moción, a cortesía política require que se fale da moción e das persoas que a presentaron. Polo tanto, rógolle que reanude a súa intervención pero a moción presentouna o Sr. Rodríguez Escudero. Voulle descontar o tempo, non se preocupe.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Aplicando estritamente o Regulamento como parece que se lle aplica a esta voceira e non ao resto de concelleiros que falan, direille Sr. Rodríguez Escudero que cando os contratos de colaboración público-privada se informan fano pola Intervención Xeral da comunidade autónoma efectivamente antes de ser aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, pero teñen unha característica que non teñen o resto de contratos e é que van á Intervención Xeral do Estado para que tamén os avale. Curiosamente este tamén foi, e tivo a aprobación da Intervención Xeral do Estado, e saben vostedes quen era os que gobernaban o goberno de España que foi quen avalou este modelo de contratación do hospital? O goberno do Sr. Zapatero, é dicir, o goberno socialista, o goberno dos seus compañeiros socialistas foron os que avalaron a legalidade e a fórmula deste modelo de colaboración público-privada. Entón non nos veñan agora a criticar por algo que vostedes tiñan previsto no goberno bipartito e que despois avalaron estando no goberno de España, goberno socialista.

Leccións as xustas, as xustas porque hai moita hipocrisía e tamén houbo moita

mentira ao longo da vida deste hospital, dicíase que ía ser un hospital hiper raquíutico, literalmente había declaracións deste goberno que dicía que era hiper raquíutico e que dende logo era a metade do que necesitaba Vigo, pero vírono? Claro como non queren ir nunca a el, non o viron, non viron que hai 280.000 metros cadrados de superficie, non viron que hai 15.000 metros cadrados de muros de formigón, 12 millóns de quilos de aceiro, 75.000 metros cadrados de fachada, 100 quilómetros de tubaxes, 6.431 metros cadrados adicados a urxencias, non é un hospital hiper raquíutico, é un hospital que está dimensionado para as necesidades desta cidade e que por fin vaino ter e a pesares de vostedes.

Tamén menten cando dicían que non ía ter laboratorio e ademais se teñen medo os vigueses é por culpa, precisamente, da irresponsabilidade deste goberno municipal dicíndolle que ían morrer no hospital porque nontiñan laboratorio, vostede como médico non pode referendar esas declaracións porque sabe perfectamente que é mentira, que vai ter laboratorio, 455 metros cadrados de laboratorio que funcionará as 24 horas do día e os 365 días do ano e que atenderá tódalas necesidades porque o laboratorio CORE, o central, que estará no Meixoeiro e é público, vai atender o 80% da súa actividade aos dos centros de primaria, e vostede sábena Sr. Rodríguez Escudero e chócame moito que poida dicir esas barbaridades que dixeron algúns deste goberno municipal

Terá laboratorio e será máis eficiente e estará dotado coa mellor tecnoloxía ao servizo de tódolos vigueses.

Piden a reversión sabendo o custe que iso supón porque critican a fórmula das concesionarias, pero se vostedes son os campións da privatización dos servizos públicos, se o teñen todo concesionado no concello de Vigo, se non hai servizo público que non teñan concesionado, pois revertan, non lles gusta reverter, teñen toda a posibilidade de reverter tódolos contratos do Concello, todo o que está concesionado revértano. Por que non o fan? Porque están convencidos de que funciona ben, e ademais porque din que é moi caro, pero ao que vostedes lles gusta é pagar as concesionarias e despois dicir, cando hai outra administración que utiliza o mesmo modelo que entón si que teñen que reverter, son vostedes os que continuamente dánlle cartos extra ás concesionarias, por certo á concesionaria dos aparcadoiros 6.500.000 de euros, á mesma que ten o aparcadoiro do hospital de Vigo, curiosamente, 6.500.000 euros de tódolos vigueses, e agora 3,9 millóns ás

outras concesionarias tamén, iso é o que vostede sabe facer e logo piden reversión, non señores, nos imos defender aos vigueses e á sanidade pública da cidade, non lles caiba ningunha dúbida.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Decía ao principio da miña intervención que era unha moción, creo que a ninguén nos gustaría ter que presentala aquí pero loxicamente o facemos por principios políticos, éticos e de responsabilidade cidadá, porque non quixéramos que o nacemento dun novo hospital en Vigo fracasase.

Hoxe tamén fracasou para min outro concepto básico que é a valoración sobre vostede, Sra. Muñoz, eu cría que vostede viña aquí a este foro cidadá de representación cuns criterios éticos, que creo que deben estar por riba de todo. Vostede hoxe decepcionoume dende o punto de vista técnico, tiña un bo concepto de vostede dende o punto de vista técnico, e dende o punto de vista persoal defraudoume totalmente porque vostede mentiu, e iso creo que máis alá das valoracións persoais, políticas, sociais, etc. que podamos ter cada un de nós, pero non se pode e non se debe mentir, porque vostede non me está mentindo a min, está mentindo aos cidadáns e o reflexo desa mentira a teñen vostedes na soidade inmensa dos sete concelleiros, como lle dicía anteriormente.

Primeiro, tecnicamente estame respondendo a unhas cousas que eu non dixen, co cal eu creo que vostede tiña un discurso preparado que precisamente polo carácter institucional que lle quixen dar a miña primeira intervención, fracasou, non sei quen lle escribiu o discurso, a resposta, pero está respondendo a cousas que eu non dixen. Polo tanto, creo que está mal o tema.

Segundo vostede mentiu, por un tema persoal, cando unha persoa ten un posto de responsabilidade política e institucional, ten a obriga de valorar tódolos aspectos para un proxecto e é o que fixemos dende a Secretaria Xeral do SERGAS para valorar cal era o mellor modelo, e este valorámolo, como non podía ser doutra forma, sería unha irresponsabilidade non facelo, e fixémoslo, e estivemos véndoo e precisamente polo que vimos descartámolo, e iso tamén está escrito, en declaracións posteriores ás miñas que di vostede, polo tanto mentiu selectivamente, dixen que ese proxecto e modelo depreciámolo, a partires de aí todo mentira, porque é mentira política que o hospital teña as camas que vostedes dicían, que teña os recursos que ía ter, que sexa público, mentira, é privado porque



o activo, e vostede sabe o que é o activo, corresponde á concesionaria, non nin moito menos ao SERGAS ata dentro de 20 anos como mínimo.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 4.09.2015 (Rex. Nº 119072/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.**

### **6.1(149).-DECLARACIÓN INSTITUCIONAL REFERENTE Á CRISE MIGRATORIA E A SITUACIÓN DOS REFUXIADOS QUE CHEGAN A EUROPA.**

PRESIDENCIA: Hai un asunto urxente que lles propoño ao Pleno que é unha declaración institucional que obra en poder dos voceiros dos tres grupos, sobre a crise migratoria e humanitaria e a situación dos refuxiados que están chegando a Europa. É unha declaración institucional na que propoño ós 27 concelleiras/os que aceptemos incluso sen votación, na que propoñemos a necesidade de facer fronte a este drama humano que está a suceder en Europa, recabando accións na Unión

Europea, Goberno de España, comunidades autónomas, concellos, coa coordinación correspondente no ámbito dos concellos estamos a propoñer a coordinación da FEMP, que agrupa a 8.000 concellos de España e baixo a dirección do Goberno de España como corresponde nun tema de política internacional desta envergadura. É unha proposta que lle fago ao Pleno para a súa aceptación.

ANTECEDENTES.- Por consenso dos tres grupos políticos acórdase a inclusión da seguinte Declaración Institucional,

“Soamente o conflito en Sirya provocou o desprazamento de 4.000.000 de persoas segundo Axencia da ONU para refuxiados (ACNUR). En Turquía permanecen ao redor de 2.000.000. Líbano, Iraq, Xordania, Exipto e outros países norteafricanos repártense case a totalidade do resto.

Algúns refuxiados preferiron continuar camiño, por iso, entre outras nacionalidades, moitos sirios forman parte das 264.500 persoas que chegaron a territorio da Unión Europea a través do Mediterráneo dende xaneiro ata o 14 de agosto deste ano 2015, segundo ACNUR.

A traxedia de Lampedusa en outubro de 2013, na que morreron 368 persoas, marcou un desgraciado fito na Unión Europea. As reaccións dos dirixentes comunitarios e nacionais inducíronnos a pensar que se poñerían en marcha solucións para que non volvесе repetirse unha traxedia humana desas dimensións. Por desgracia, dous anos despois seguimos asistindo a mortes non só no Mediterráneo, senón en todo o territorio europeo, de persoas inocentes cuxo único propósito é fuxir da guerra ou da miseria. Hoxe a traxedia é que miles de persoas desesperadas que foxen da morte, están dispostas a arriscar a súa vida e, en demasiadas ocasións, perdela.

Non podemos aceptar como inevitables as traxedias humanas que viven os refuxiados nin as mortes de persoas que se afogan no Mediterráneo ou asfixíanse encerrados nun camiión. Non os podemos deixar a mercé dos traficantes de persoas sen escrúpulos no camiño cara a un futuro mellor, porque se non teñen outra alternativa na súa fuxida, seguirán arriscando as súas vidas.

Aínda que Europa non estea a acoller en termos relativos o maior número de refuxiados nesta crise humanitaria, o certo é que as capacidades de moitos países se están a ver desbordadas. Nesta crise, a ruta de entrada a Europa encóntrase lonxe de España. Maioritariamente, as vías de entrada con destino aos países do Norte áchanse en Grecia e Italia. Non obstante, a crise está a poñer a proba a todos os dirixentes europeos porque case todos eles se están a ver afectados por ela nunha ou outra medida.

A dimensión da crise é inabordable por ningún país en solitario. Nestas circunstancias é necesario que todos os países se involucren ao máximo en buscar

solucións aos problemas e dende a Comisión europea fixéronse propostas para que todos os países da Unión actúen conforme ao principio de solidariedade, e que debe obrigar aos gobernos a ter unha actitude especialmente proactiva e solidaria.

Dende logo que non existen fórmulas sinxelas para acometer todas as actuacións que é necesario abordar para mitigar un problema que resulta de máxima complexidade na súa raíz e nas súas derivadas. Son necesarias medidas nacionais, europeas e internacionais, medias a curto, medio e longo prazo, plans e perspectivas novas para un problema que se manifestou como nunca o fixera.

A corporación municipal, quere contribuír con decisión, con iniciativa e dende a mellor disposición ao diálogo, na achega dalgunhas propostas que van na liña de dar pasos adiante. Debemos apartarnos do ensimesmamento ou a resignación que non conducen máis que á repetición dos problemas e, por suposto, debemos de abandonar unha posición que non está en consonancia co sentir maioritario dunha cidadanía española que si é solidaria. Aínda está viva na memoria a solidariedade que outros mostraron cos que tamén tiveron que fuxir de España por motivos da guerra e posterior persecución que viviu o noso país. Virar as costas aos que hoxe o necesitan é inxusto en si mesmo, e, ademais un torpe precedente ante futuras situacións de crise que si poidan poñer en cuestión a capacidade do noso país.

Seguramente non serán as únicas propostas válidas e viables, pero si consideramos que son os mínimos para comezar a traballar na boa dirección.

Por todo iso, a corporación municipal do Concello de Vigo comprométese a colaborar na atención ás persoas refuxiadas, instando ao Goberno de España a que deseñe ao respecto con urxencia, un Plan de acollida humanitaria que contemple prazas de acollida dignas, posibilidades de escolarización para os/as menores, atención sanitaria e social, en colaboración coas Comunidades Autónomas e a FEMP. Igualmente insta ao Goberno de España a:

- Apoiar todas as vías diplomáticas existentes e promover a creación de cantas resulten necesarias para actuar con determinación na busca da pacificación dos países en conflito.
- Traballar en favor dunha política integral de inmigración e asilo na Unión Europea, na que se priorice ás persoas e os dereitos humanos. A Unión debe contar coas competencias para abordar en común os instrumentos de ordenación dos fluxos migratorios, a integración e a cooperación con terceiros países, así como unha autoridade capaz de adoptar decisións executivas cando a situación o requira.
- Reforzar, dende unha perspectiva europea e nacional, o diálogo e a cooperación cos países do Norte de África que permitan unha axeitada atención aos refuxiados e seguir traballando para evitar a actuación dos traficantes que poñan en perigo as súas vidas.
- Reforzar así mesmo a cooperación cos países en conflito e cos que acollen un maior número de refuxiados, complementando a asistencia de ACNUR e a Unión Europea.

- Aceptar os solicitantes propostos pola Comisión Europea e aumentar de forma inmediata o presuposto destinado ao asilo e a acollida de refuxiados.
- Desenvolver unha campaña de sensibilización á poboación española sobre a necesidade de contar cunha política de asilo como parte esencial da democracia, o respecto á dignidade humana e aos dereitos humanos, e que procure previr a aparición de actitudes racistas e xenófobas.
- Aprobar o antes posible o regulamento da Lei 12/2009 de 30 de Outubro reguladora do dereito de asilo e a protección subsidiaria.

Igualmente o Concello de Vigo comprométese a sumarse a denominada rede de cidades - refuxio preparando dispositivos de acollida en invitando a cidadanía a implicarse e colaborar na medida das súas posibilidades na atención e axuda as persoas refuxiadas desenvolvendo unha mesa de apoio a refuxiados para realizar un traballo estable e permanente que poña en marcha diferentes medidas para a súa atención e apoio.”

*A anterior Declaración Institucional aprobouse por asentimento dos membros presentes da Corporación.*

## **PARTE DE CONTROL**

### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

#### **1.1(150).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 23 de xullo e o 3 de setembro de 2015.

**1.2(151).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 23 de xullo e o 3 de setembro de 2015.

**1.3(152).- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA REFERENTES AO NOMEAMENTO E RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL DA ALCALDÍA E DOS GRUPOS MUNICIPAIS. EXPTE. 25, 26, 31 E 36/1102 . (REXISTRO PLENO 1158, 1159, 1160 E 1161/1101).**

ANTECEDENTES.- Dáse conta das seguintes Resolucións da Alcaldía:

*Resolución do número e réxime do persoal eventual da Alcaldía.*

“O artigo 12 da Lei 7/2007, do 14 de abril, pola que se aproba o Estatuto dos Empregados Públicos configura como persoal eventual o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, sólo realiza funcións expresamente calificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos presupuestarios consignados para este fin.

O réxime de dito persoal para o ámbito local atópase regulado nos artigos 104 e 104 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, complementada para os concellos de gran poboación, como o de Vigo, polo disposto no Título X de dita norma, no marco dos límites derivados da reforma local.

Conforme ao disposto no artigo 127.1 h) LRBRL corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para acordar o número e réxime do persoal eventual, polo que esta Alcaldía-Presidencia en exercizo das competencias legalmente atribuídas, formula a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Adscríbense á Alcaldía en réxime de dedicación de xornada completa tres persoas que ostentarán a condición de persoal eventual, unha como Secretario/a particular, cunha retribución bruta anual de 30.079,94 €, outra, como Director/a de Comunicación cunha retribución bruta anual de 35.312,75 € e outra como director

de Gabinete da Alcaldía cunha retribución bruta anual de 43.671,42 €

Segundo.- A dedicación plena do devandito persoal implicará, ademais do cumprimento da xornada laboral ordinaria, a incompatibilidade para calquera actividade pública ou privada por conta allea ou propia.

Terceiro.- As retribucións anuais brutas deste persoal aboaranse en catorce pagas e revisaranse anualmente na mesma proporción que as do resto do persoal ó servizo do Concello.

Cuarto.- A condición de persoal eventual implicará en todo caso a aplicación do réxime que para o mesmo contempla o artigo 12, Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación, podendo ser libremente nomeados e cesados consonte ao citado precepto.

Quinto.- Dispoñer que o nomeamento do persoal eventual se realice por Resolución da Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias atribuídas polo artigo 124.4, apartados b) e i), debendo publicarse a citada resolución no diario oficial que corresponda, xuntamente coas retribucións e réxime de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial.

Sexto.- Establecer asimesmo a súa inclusión réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis LRBRL cunha retribución bruta anual de 35.312,75 €dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número de los puestos de trabajo reservados a personal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

Sétimo.- Notificar o presente acordo á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior e Xefatura do Servizo de Recursos Humanos aos efectos oportunos.”

*Resolución de nomeamento do persoal eventual da Alcaldía.*

“En sesión de data 15 de xuño 2015, a Xunta de Goberno Local acordou determinar o número e réxime do persoal eventual correspondente á Alcaldía ao servizo do Concello de Vigo, dentro dos termos do contemplado nos vixentes Orzamentos Municipais e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo.

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como ás condicións de nomeamento e

cese do mesmo e nos arts. 104 e 104 bis da LRBRL; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, á persoa proposta por esta Alcaldía para o posto de Secretaria.

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Secretaria do Alcalde	Xornada completa	30.079,94 euros.	Rocio Fernández Gil

SEGUNDO.- Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, á persoa proposta por esta Alcaldía para o posto de Director/a de Comunicación

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Directora de Comunicación	Xornada completa	35.312,75 euros.	Mónica Rodríguez Daponte

CUARTO.- Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data.15.06.2015.

QUINTO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local e establecer así mesmo a súa inclusión no réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número dos postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

SEXTO.- Notifíquese a presente á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, interesados/as e grupos políticos municipais do PSOE e BNG, aos efectos oportunos."

*Proposta de determinación do número, réxime e retribucións do persoal eventual dos grupos políticos municipais.*

"O artigo 12 da Lei 7/2007, do 14 de abril, pola que se aproba o Estatuto dos Empregados Públicos configura como persoal eventual o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos presupuestarios consignados para este fin.

O réxime de dito persoal para o ámbito local atópase regulado nos artigos 104 e 104 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, complementada para os concellos de gran poboación, como o de Vigo, polo disposto no Título X de dita norma, no marco dos límites derivados da reforma local.

Conforme ao disposto no artigo 127.1 h) LRBRL corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para acordar o número e réxime do persoal eventual, polo que esta Alcaldía-Presidencia en exercizo das competencias legalmente atribuídas, formula a seguinte

**PROPOSTA:**

Primeiro.- Adscríbense ao grupo político municipal socialista en réxime de dedicación de xornada completa 7 persoas que ostentarán a condición de persoal eventual, catro asesores/as cunhas retribucións brutas anuais de 30.079,98 €. e tres auxiliares administrativos/as cunhas retribucións brutas anuais de 21.495,18 €.

Segundo.- Adscríbense ao grupo político municipal do Partido Popular en réxime de dedicación de xornada completa 2 persoas que ostentarán a condición de persoal eventual, un asesor/a cunhas retribucións brutas anuais de 30.079,98 €, e un auxiliar administrativo/a cunhas retribucións brutas anuais de 21.495,18 €.

Terceiro.- Adscríbese ao grupo político municipal Marea de Vigo en réxime de dedicación de xornada completa 1 persoa que ostentará a condición de persoal eventual, un auxiliar administrativo/a cunhas retribucións brutas anuais de 21.495,18 €.

Cuarto.- A dedicación plena do devandito persoal implicará, ademais do cumprimento da xornada laboral ordinaria, a incompatibilidade para calquera actividade pública ou privada por conta allea ou propia.

Quinto.- As retribucións anuais brutas deste persoal aboaranse en catorce pagas e revisaranse anualmente na mesma proporción que as do resto do persoal ao servizo do Concello.

Sexto.- A condición de persoal eventual implicará en todo caso a aplicación do réxime que para o mesmo contempla o artigo 12 Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación, podendo ser libremente nomeados e cesados consonte ao citado precepto.

Sétimo.- Dispoñer que o nomeamento do persoal eventual se realice por Resolución da Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias atribuídas polo artigo 124.4, apartados b) e i), debendo publicarse a citada resolución no diario oficial que corresponda, xuntamente coas retribucións e réxime de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial.



Oitavo.- Establecer así mesmo a súa inclusión no réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número de los puestos de trabajo reservados a personal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

Noveno.- Notificar o presente acordo á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos; Grupo político municipal do PSdeG-PSOE, Grupo político municipal do Partido Popular e Grupo político municipal Marea de Vigo para os efectos oportunos.”

*Resolución de nomeamento do persoal eventual do grupo municipal Socialista.*

“En sesión extraordinaria de data 19 de xuño 2015, a Xunta de Goberno Local acordou determinar o número e réxime do persoal eventual correspondente aos grupos políticos municipais do Concello de Vigo, dentro dos termos do contemplado nos vixentes Orzamentos Municipais e Relación de Postos de Traballo.

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como ás condicións de nomeamento e cesamento do mesmo e nos arts. 104 e 104 bis da LRBRL; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ás persoas propostas polo Grupo municipal Socialista, seguidamente relacionadas con cargo aos postos indicados:

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Asesor/a Alcaldía	Xornada completa	30.079,98 euros.	Gallego Sanromán, Leticia
Asesor/a Alcaldía	Xornada completa	30.079,98 euros.	Rodríguez Calviño, Patricia
Auxiliar eventual	Xornada completa	21.495,18 euros	López Villar, Ana Belén
Auxiliar eventual	Xornada completa	21.495,18 euros	Solleiro Sanz, Iago

Segundo.- Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data.19.06.2015.

Terceiro.- Dar conta á Xunta de Goberno Local e establecer así mesmo a súa inclusión no réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número dos postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

Cuarto.- Notifíquese a presente á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, interesados/as e grupo político municipal do PsdeG-PSOE.”

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

**1.4(153).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 23.07.2015 REFERENTE AO NOMEAMENTO DOS MEMBROS E VOCAIS VECIÑAIS NOS ÓRGANOS REITORES DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS MUNICIPAIS. EXPTE. 1163/1101**

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2015 a Alcaldía ditou a seguinte Resolución,

“O Pleno do Concello, na súa sesión de data 29.06.2015, ó amparo do sinalado no artigo 38.c do RD 2568/1986 de 28 de novembro, acordou a distribución dos distintos grupos municipais os dez membros da Corporación que constituirán xunto co Alcalde, que ostentan a Presidencia, os órganos reitores dos Consellos de Goberno dos seguintes Organismos Autónomos Municipais: Parque Natural das Ciencias-VigoZoo, Instituto Municipal de Deportes, Escola Municipal de Artes e Oficios e Padroado do Museo Municipal.

Téndose comunicado a esta Alcaldía, polo grupo municipal Socialista, polo grupo municipal do Partido Popular e polo grupo municipal Marea de Vigo os concelleiros que lle corresponden, resolvo:

Primeiro.- Nomear membros dos órganos reitores dos órganos colexiados que se citan ós seguintes concelleiros/as:

a) Xunta Reitora do Instituto Municipal de Deportes:

En representación do Grupo Político Municipal Socialista:

D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Ángel Rivas González  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Concelleiro Suplente:

D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

En representación do Grupo Político Municipal do Partido Popular:

D<sup>a</sup> Elena Muñoz Fonteriz  
D. Diego Gago Bugarín  
D. José Manuel Figueroa Vila

En representación do Grupo Político Municipal de Marea de Vigo:

D<sup>a</sup> Margarida López Barreiro.

Concelleiro suplente:

D. Xosé Lois Jácome Enriquez

b) Consello do Parque Natural das Ciencias-Vigozoo:

En representación do Grupo Político Municipal Socialista:

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Carlos López Font  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Fernández Pérez

Concelleiro suplente:

D. Cayetano Rodríguez Escudero

En representación do Grupo Político Municipal do Partido Popular:

D<sup>a</sup> Elena Muñoz Fonteriz  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera  
D<sup>a</sup> Elena González Sánchez

En representación do Grupo Político Municipal de Marea de Vigo:

D. Xosé Lois Jácome Enríquez.

Concelleiro suplente:

D. Rubén Pérez Correa

c) Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios:  
En representación do Grupo Político Municipal Socialista:

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup> Eugenia Dolores Blanco Iglesias  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez

Concelleiro suplente:

D. Jaime Aneiros Pereira

En representación do Grupo Político Municipal do Partido Popular:

D. Diego Gago Bugarín  
D<sup>a</sup> Elena González Sánchez  
D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera

En representación do Grupo Político Municipal de Marea de Vigo:

D<sup>a</sup> Margarida López Barreiro

Concelleiro suplente:

D. Rubén Pérez Correa

d) Padroado do Museo Municipal

En representación do Grupo Político Municipal Socialista:

D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup> Eugenia Dolores Blanco Iglesias  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Olga Alonso Pérez

En representación do Grupo Político Partido Popular

D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera

Segundo.- Nomear vocais veciñais dos órganos reitores dos órganos colexiados aos que se citan:

a) Xunta Reitora do Instituto Municipal de Deportes:

En representación do Grupo Político Municipal Socialista:

D<sup>a</sup> Elena Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup> Gerardo Díaz Quintas  
D. Gorka Gómez Díaz  
D. Alberto Cameselle Alves

En representación do Grupo Político Municipal do Partido Popular:

D. Alejandro Pérez Davíla  
D. Fernando Costas García

En representación do Grupo Político Municipal de Marea de Vigo:

D. Carlos Rodríguez Paz.

b) Consello do Parque Natural das Ciencias-Vigozoo:

En representación do Grupo Político Municipal Socialista:

D. Iván García Costas  
D<sup>a</sup> Pilar Blanco Abeigón  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Iglesias Fandiño  
D<sup>a</sup> Diana Román Iglesias

En representación do Grupo Político Municipal do Partido Popular:

D. Abdón Comesaña Rodríguez  
D. Emilio Rodríguez Rodríguez

En representación do Grupo Político Municipal de Marea de Vigo:

D<sup>a</sup> Iolanda Pérez Zúñiga.

c) Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios:

En representación do Grupo Político Municipal Socialista:

D. Daniel del Valle Corrochano  
D<sup>a</sup> Pilar Blanco Abeigón  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Iglesias Fandiño  
D. Ramón Alonso Lago

En representación do Grupo Político Municipal do Partido Popular:

D. Santiago Varela Vidal  
D<sup>a</sup> Pilar González Rodríguez

En representación do Grupo Político Municipal de Marea de Vigo:

D<sup>a</sup> Alexandra Fernández Gómez.

Terceiro.- Dar conta da Resolución ao Pleno.

Cuarto.- Comunicar este acordo ós Concelleiros/as afectados/as e ós Secretarios dos anteditos Organismos Autónomos para o seu coñecemento e efectos.”

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

**1.5(154).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 31.07.2015 DE ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DO RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO CONCELEIRO D. CARLOS LÓPEZ FONT. EXPTE. 1164/1101**

ANTECEDENTES.- Con data 31 de xullo de 2015 a Alcaldía ditou a seguinte Resolución,

“Mediante Resolución da Alcaldía, de data 6.07.2015, determinábase que D. Carlos López Font desempeñara as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva.

Mediante escrito do voceiro do grupo municipal do Socialista de data 31.07.2015, entrada no Rexistro Xeral na mesma data, nº rexistro 1162/1101, manifesta a súa renuncia ao réxime de dedicación exclusiva con efectos a partires do día 31.07.2015.

En virtude dos antecedentes expostos e segundo o art. 75.5 da LBRL, RESOLVO:

Primeiro.- Aceptar a renuncia do réxime de dedicación exclusiva do concelleiro do grupo municipal Socialista D. Carlos López Font con efectos a partires do día 31.07.2015.

Segundo.- Notificar a presente Resolución ó interesado, á Unidade de Persoal deste Concello, á Tesourería e á Intervención Xeral.

Terceiro.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de editos do Concello.

Cuarto.- Dar conta ó Pleno na próxima sesión que este órgano realice.”

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

**1.6(155).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 18.08.15 REFERENTE AO NOMEAMENTO DOS MEMBROS CORPORATIVOS NA COMISIÓN PARITARIA DE SEGUIMENTO DO CONVENIO E NA COMISIÓN PARITARIA DE FORMACIÓN. EXPTE. 1165/1101**

ANTECEDENTES.- Con data 18 de agosto de 2015 a Alcaldía ditou a seguinte Resolución,

“O Pleno do Concello de Vigo, en sesión do 29 de xuño de 2015, prestaba aprobación á proposta da Alcaldía de data 22 de xuño de 2015 sobre a designación como membros corporativos na Comisión Paritaria de Seguimento do Convenio e representantes do Concello na Comisión Paritaria de Formación.

De conformidade co escrito presentado polo grupo municipal do Partido Popular na Secretaría Xeral do Pleno, esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Nomear como membros corporativos na Comisión Paritaria de Seguimento do Convenio, ós seguintes concelleiros:

Polo Grupo Municipal Socialista:

D. Javier Pardo Espiñeira  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font

Polo Grupo Municipal do Partido Popular:

-D<sup>a</sup> Elena Muñoz Fonteriz

Segundo.- Nomear como representantes do Concello na Comisión Paritaria de Formación, ós seguintes concelleiros:

Polo Grupo Municipal Socialista:

D. Javier Pardo Espiñeira

D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. David Regades Fernández

Polo Grupo Municipal do Partido Popular:

-D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera

Terceiro.- Notificar a presente Resolución ós voceiros dos grupos políticos municipais.

Cuarto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente Resolución de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que quede enterado da mesma.”

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

**1.7(156).- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 26.07.15 DE DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 17221/332 (1149/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 26 de xullo de 2015 a Alcaldía ditou a seguinte Resolución,

“De conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, RD 2568/1986, do 28 de novembro, esta Alcaldía-Presidencia:

RESOLVE:

Primeiro.- Delegar na Concelleira Delegada da Área de Educación, dona OLGA ALONSO SUÁREZ, as atribucións precisas para a Presidencia do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV).



Segundo.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data deste Decreto, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente se publicará na rede de Intranet do Concello ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.

Terceiro.- Da presente resolución deberá darse conta ó Pleno da Corporación na próxima sesión que realice, ó Consello Escolar Municipal e demais interesados.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

## **2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

## **3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non houbo.

## **4.- MOCIÓNS.**

### **4.1(157).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL PARA QUE DE FORMA SUBSIDIARIA PROPORCIONE UNHA ALTERNATIVA DE APARCADOIRO NO NOVO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO. REXISTRO PLENO 1167/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de agosto de 2015, número 1167/1101, a concelleira do grupo municipal Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“O novo Hospital Álvaro Cunqueiro está situado nunha zona que non sofre dunha elevada densidade de construcións que poidera limitar os metros cadrados de aparcadoiros dispoñibles para usuarios/as e traballadores/as como parte do servizo

público que supón a sanidade.

Neste contexto, o cobro polo aparcadoiro é unha mostra de acumulación por desposesión, beneficiando exclusivamente ás concesionarias, e prexudicando economicamente aos traballadores/as e usuarios/as do hospital, sen poder ser xustifico doutro xeito.

Pagar por aparcar no aparcadoiro do hospital supón imposto á enfermidade co que se estaría a gravar aos enfermos/as e ás súas familias, e equivale no caso dos traballadores e traballadoras a un recorte significativo na súa nómina.

Por todo o exposto anteriormente, instamos ao Concello de Vigo a utilizar as súas competencias de administración local para que de forma subsidiaria:

- Proporcione unha alternativa para aparcar no Novo Hospital Álvaro Cunqueiro que sexa totalmente gratuita estudando se fose necesaria a de adquisición de terreos municipais para resolver a actual situación que están a padecer os veciños e veciñas de Vigo e a súa área de influencia.”

Con data 1 de setembro de 2015, a Comisión Informativa de Transporte, Proxectos, Emprego, Economía, Parques e Participación ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

PRESIDENCIA: Entendo que hai unha emenda do grupo municipal Socialista, que se reparta aos grupos.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: O novo hospital de Vigo, Álvaro Cunqueiro, está situado nunha zona que non sofre dunha elevada densidade de construción que puidera limitar os metros cadrados de aparcadoiros dispoñibles para usuarios/as e para para traballadores/as, como parte do servizo público que supón a sanidade. Neste contexto o cobro polo aparcadoiro é unha mostra de comulgación por desposesión beneficiando exclusivamente ás concesionarias e prexudicando economicamente ás traballadoras/es, usuarios/as do hospital, sen poder dende logo ser xustifico doutro xeito. Para pagar por aparcar no aparcadoiro do hospital, supón un imposto á enfermidade co que se estaría a gravar ao enfermos/as e as súas familias equivale, no caso dos traballadores/as un recorte significativo na súa nómina.

Por todo isto, instamos ao Concello a utilizar as súas competencias na administración local para que de forma subsidiaria proporcione unha alternativa para aparcas no novo hospital que sexa totalmente gratuíta, estudando se fose necesaria a adquisición de terreos municipais para resolver a actual situación que están a padecer os veciños/as de Vigo e a súa zona de influencia. Solicitando a Área de Urbanismo que se fagan informes dos terreos lindeiros ao do hospital.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Quero empezar dicindo que aínda non compartimos algunhas das cuestións que fan na súa proposta o grupo municipal Marea de Vigo, si compartimos o fondo e a parte dispositiva desa moción e polo tanto imos apoiar esa moción que presenta o grupo municipal Marea de Vigo, por que? Como expliquei antes aquí cada administración ten as súas competencias, e ten que exercer as súas competencias porque ten esa obriga e a cada unha debémoslle esixir o que está no ámbito desas competencias. Da mesma forma que ao SERGAS hai que esixirle que garanta a asistencia sanitaria, pública, gratuíta e a seguridade de tódolos pacientes, e dende logo dende este grupo municipal seguiráselle esixindo e apoiando tódalas medidas que se teñan que tomar para garantir esa seguridade, é competencia tamén do goberno municipal prestar e dotar de servizos, tódalas zonas da cidade, porque vostede parecen seguir pensando que as zonas da cidade son só o centro de Vigo, a rúa Rosalía de Castro, non, a cidade, Vigo é tamén toda a zona rural e polo tanto, Valladares e Beade tamén están dentro do término municipal, e se o saben e o teñen tan claro non sei porque non lle dotan de tódolos servizos.

A verdade, como dicía antes, non se dotan dos servizos porque houbo unha negativa dende o primeiro momento, porque houbo un incumprimento, porque ese reparto de competencias entre administracións é o que xustificou a sinatura dese convenio que se incumpriu reiteradamente e no que quero dicir aquí, ademais, que se pon de forma literal que o Concello de Vigo levará a cabo a execución das infraestruturas urbanísticas precisas que garantan os servizos necesarios para a construción e o funcionamento do hospital, esa é a competencia municipal e por moito que intenten facer ver o branco negro, o branco é branco e segue sendo branco e a competencia para facer un aparcadoiro alternativo tena, o Concello, o aparcadoiro principal público e gratuíta, que existe no proxecto dende o primeiro

momento e non sei se poden referir aquí unha intervención inicial que dixeron que se os vigueses soubesen que se había escondido, que estaba incluído o aparcadoiro no proxecto, falso, está no contrato dende o primeiro momento e estivo a súa disposición e vostedes non lle fixeron ningún caso ata agora que viron unha fórmula para, unha vez máis, opoñerse a todos, utilizando aos cidadáns e non exercendo as súas competencias, e as competencias do Concello é habilitar os servizos urbanisticamente o dio a Lei de bases de réxime local que lle recomendo que se repasen porque seguramente hai tempo que non a ven.

Polo tanto, hai que asumir as responsabilidades de cada un, nos esixiremos a cada un o que temos que esixirlle e esiximos tamén e falamos coa Xunta de Galicia que se habiliten prezos especiais na medida en que é o único aparcadoiro que hai ata o de agora porque nese proxecto non tiña porque haber un aparcadoiro, se constrúe e onde aparcarían os vigueses agora? Na rúa, no campo, non son serios. Sigán dicindo mentiras, segan incrementando a bola, segan exercendo a irresponsabilidade que é o único que vostedes saben facer, cantos hospitais construíron con aparcadoiro, Sr. Regades? Cantos? Dígame cantos.

A realidade é que estamos aquí para solucionarlle os problemas aos cidadáns, é a nosa responsabilidade e dende logo é a súa, e vostedes non serven para solucionarlle os problemas aos cidadáns, só serven para crealos e facer declaracións grandilocuentes, pero ao final non xestionar nada, puxeron cero euros para a infraestrutura máis importante que se fixo na cidade na súa historia, non lles interesou, e aínda así insisten en pasarlle a pelota a outra administración pública. Nós seguiremos pedindo á Xunta de Galicia que teñan en conta ós profesionais, seguiremos pedindo á Xunta que teña os enfermos crónicos, pero tamén seguiremos pedindo a este goberno municipal que ten unha parcela de 15.000 metros cadrados que lle estivo ocultando a tódolos vigueses, eses 15.000 metros cadrados, 15.000 razóns de ocultar a tódolos vigueses, que tiña unha parcela preparada para aparcadoiro e que rexeitou facela, negouse a facela para, crear este problema que temos neste momento, que non o ten nin o grupo Popular nin a Marea de Vigo, nin o Socialista, téñeno tódolos vigueses/as. Polo tanto, imos seguir pedíndolles que dentro das súas competencias as exerza e faga o que teña que facer.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Muñoz, cando se refire a tódolos vigueses, se refire a estes, non? Pois todos estes vigueses e cidadáns da área sur de Pontevedra estaban manifestándose na súa contra, da decisión que vostedes tomaron sobre o hospital, e de verdade, cariñosamente, reflexione sobre o que dixo hoxe, cando remate este Pleno volva ler o que dixo neste Pleno, porque de verdade non sei por onde comezar, que vostede se cuestione e descoñeza a obriga de que un hospital ten que ter aparcadoiro, xa é o colmo. Pero Sra. Muñoz que mentira e hipocrisía é esta dun novo aparcadoiro? Pero cando falaron vostedes do aparcadoiro, pero cando falaron vostedes de infraestruturas? Díciallo anteriormente, se vostedes o día que colocan a primeira pedra no hospital din aos vigueses que van cobrar polo hospital, vostedes non rematan o hospital. Pero de que me fala? De que me fala de competencias, vostedes están a facer abandono de tódalas competencias en materia de política social non pagándoas dende a Xunta de Galicia e a está a pagar este Concello, pero de que me fala? O rexeitamento Sra. Muñoz é cara unha aparcadoiro, hospital privado que vostede concesionaron, e vostede o que ten que entoar aquí diante dos vigueses é a “mea culpa” de que vostede foi a que asinou o informe para convertelo de público a privado.

Polo tanto, isto é así, e o ámbito do hospital é supramunicipal, vostedes nunca falaron dun aparcadoiro e ademais, é que é tan sinxelo como que o máis indignante, de verdade, vostede tense que facer a reflexión de se debe continuar aquí, eu non lle vou pedir nada, pero vostede ten que facela reflexión de se debe continuar aquí, porque vostede representa o peor da política do Partido Popular á hora de traer aquí os argumentos do Sr. Feijóo en contra dos vigueses, pero si llo dixeron nas eleccións! Se é que vostede e o problema que ten os que se sentan ao seu lado é que non se decataron do resultado, se é que non é cuestión de presumir dun 17,-7, se que é cuestión da realidade, de que deben analizar politicamente que vostedes perderon votos, concelleiros, e o meu compañeiro o Sr. Rodríguez Escudero facía como un futurible de ían ter catro concelleiros e non é así, o día 4 de setembro se houberen tido as eleccións municipais vostedes terían cero concelleiros, Sra. Muñoz, porque vostedes están sometendo aos vigueses ao maior roubo que se poder facer, e cando se entra nun hospital hai que pagar por un aparcadoiro, e toda a recadación diaria dese aparcadoiro, día tras día é un imposto á saúde, porque hai que ir obrigatoriamente a ese aparcadoiro, e porque vostede

despois de dúas intervencións aínda non dixo o que debería dicir, calquera representante do pobo vigués aquí, e é que mañá o Sr. Feijóo poña o aparcadoiro gratuito, é así. Vostede o que están a conseguir é o rexeitamento de tódolos vigueses e eu non sei que reflexión faría vostede a noite do 3 de setembro, pero isto é así.

Aquí hai un aparcadoiro o dicía na anterior moción, o aparcadoiro é noso, é dos cidadáns, forma parte dunha instalación que imos pagar os galegos e os vigueses, e polo tanto temos que utilizado, basta xa de mentiras, de historias, de convenios, historias que se está a inventar vostede, como non se lle ocorreu en campaña electoral a vostede falar dun aparcadoiro alternativo ao hospital? Porque ademais vostede se contradí, vostede é a que di un aparcadoiro alternativo pero se hai un aparcadoiro que se pode utilizar mañá? Dígame cal é o motivo para que vostede non vote a favor do aparcadoiro.

En relación cos propoñentes da moción a min resúltame indignante, creo que o que dixeron os cidadáns o outro día é o contraio e a verdade vostede hoxe son aquí o salvador, o flotador, a un Sr. Feijóo que non sei se sabe nadar pero dende logo estalle facendo a cobertura de apoio. Os mesmos argumentos na medida na que a Sra. Muñoz comparte con vostedes a moción dígolles o mesmo, de verdade no seu caso o peor que me podería pasar é que a Sra. Muñoz estivera de acordo cunha moción que eu presentase.

Polo tanto, dígolles tamén o mesmo, o aparcadoiro e todos aquí se fósemos de esquerdas, os que somos de esquerda pedímolos, os que falsamente son de esquerdas ao final axudan ao Sr. Feijóo e presento a emenda de substitución.

**PRESIDENCIA:** O grupo Socialista presenta unha emenda de substitución que di “instar ao Presidente da Xunta de Galicia a que de forma inmediata se dirixa á empresa concesionaria do novo hospital de Vigo para que se proceda a declarar gratuito, de libre acceso o aparcadoiro do novo hospital de Vigo”. Na intervención da voceira de Marea de Vigo, por favor, refírase á aceptación desta emenda ou non, como vostede considere.

**SRA. LÓPEZ BARREIRO:** Sobre a emenda que acaba de anunciar, nós estamos de acordo en que se inclúa na nosa emenda, estamos de acordo en que tanto o

Partido Popular como o Partido Socialista son os responsables de que haxa un aparcadoiro gratuíto en Vigo. É verdade Sra. Muñoz que o aparcadoiro estaba no inicio do proxecto, que non se dixo gran cousa ata o de agora, pero de todas maneiras paréceme dun cinismo extraordinario que o Partido Popular agora veña dando leccións de que está a favor da gratuidade da Sanidade, do aparcadoiro, cando fostes vos os que puxestes todo o que hai enriba da mesa, ou sexa o gran hospital que se fixo coas condicións que todo mundo, os 200.000 vigueses se manifestaron o outro día en contra de todo isto, é dun cinismo tremendo que agora veñades dándolle clases aos demais de que vos estades polo aparcadoiro gratuíto, pola Sanidade gratuíta e por todo o demais. Eu creo que non vou seguir falando porque se dixo suficientemente aquí, o que si me encanta é que o Partido Popular e o Partido Socialista teñan opinións encontradas neste tema, porque a ver se así saímos do atranco dunha vez, e non gobernando xuntos votando en moitos sitios, lugares fora deste Concello, a favor porque lémbrolle ao Sr. Font, de que este hospital se fixera así o Partido Socialista ten bastante responsabilidade, porque lémbrolle que na Lei 15/97, o Partido Socialista aprobou que “a prestación e xestión dos servizos sanitarios e socio-sanitarios poderá levarse a cabo ademais de con medios propios, mediante acordos, convenios ou contratos con persoas ou entidades públicas ou privadas”. Gracias a isto estamos onde estamos agora, e isto foi de acordo co Partido Socialista e iso non quere dicir que nós, dende o Grupo Marea de Vigo, sabemos que todas maneiras nestas cousas o Partido Socialista está a anos luz do Partido Popular, pero dende logo podería estar bastante mais a favor de quen debería de estar.

PRESIDENCIA: Pronúnciase sobre a emenda que non a acepta.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Eu acéptoa se vai incluída.

PRESIDENCIA: É unha emenda de substitución.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: De substitución non.

PRESIDENCIA: Sra. López Barreiro, son vostedes os que van votar co grupo Popular,

dicindo que permaneza un aparcadoiro de pago no hospital de Vigo, van votar o Grupo Marea de Vigo e o Grupo do Partido Popular xuntos dicíndolle aos 200.000 manifestantes do outro día en Vigo, que teñan e que se queden sen aparcadoiro gratuíto porque non quere o Grupo de Marea de Vigo e o Grupo do Partido Popular que o Sr. Feijóo teña que decretar mañá mesmo, aprobado por este Pleno, a gratuidade total dese aparcadoiro, porque se mañá o Sr. Feijóo decreta a gratuidade do aparcadoiro do hospital, o problema está resolto, pagado cos fondos públicos de Galicia, que é o que lle corresponde porque é un hospital que ten atención e da atención a 27 municipios do sur de Galicia, da grande área de Vigo. Agora vemos a confluencia do Grupo de Marea e o Grupo do Partido Popular, votando xuntos apoiando ao Sr. Feijóo e a un aparcadoiro de pago en Vigo.

PRESIDENCIA: Votos a favor da proposta do Grupo Municipal de Marea? 10. Votos en contra da proposta, a favor para que o Sr. Feijóo faga un aparcadoiro gratuíto en Vigo e o decrete mañá?

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Non terxiverse por favor a moción que nós presentamos. Nós estamos de acordo coa vosa moción.

PRESIDENCIA: Señora concelleira, rematou, imos votar.

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:



Rexeitar a Moción presentada, en data 26.08.2015 (Rex. Nº 1167/1101), pola concelleira do grupo municipal Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.2(158).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO PLENO A CREACIÓN DUN GRUPO DE TRABALLO ENTRE O GOBERNO LOCAL E VITRASA PARA ANALIZAR OS RESULTADOS DO PLAN DE TRANSPORTE AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO E ESTUDAR A INTRODUCCIÓN DE MELLORAS. REXISTRO PLENO 1168/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de agosto de 2015, número 1168/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Piñeiro López, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

“O actual plan de transporte público establecido polo Goberno municipal e Vitrasa para dar servizo ao novo hospital público Álvaro Cunqueiro non foi exposto ao público nin aos grupos da oposición para facilitar un necesario periodo de estudio e alegacións que poderían telo mellorado no seu conxunto. Este plan é unha obriga exclusiva do Concello de Vigo e está a ser aplicado desde hai xa tres semanas.

No transcurso dese tempo, os usuarios e veciños teñen feito obxeccións e suxerencias que, dun lado, evidencian carencias obxectivas no servizo e, doutra banda, veñen a completar o devandito plan propoñendo melloras na súa eficiencia.

Nin o goberno municipal nin Vitrasa teñen manifestado a súa vontade de ampliar os percorridos, frecuencias ou mesmo liñas dispostas para facilitar a mobilidade dos cidadáns ata o novo hospital metropolitano de Vigo.

O grupo municipal do Partido Popular ven suliñando durante todo este tempo a necesidade de correxir de xeito urxente algunha destas carencias, tales como:

– A adaptación dos horarios das novas liñas e frecuencias das mesmas aos horarios laborais do persoal do centro sanitario.

-O alongamento das liñas actuais, ou a disposición de novas liñas, para evitar os obligatorios trasbordos que agora mesmo son inevitables desde dúas terceiras partes do territorio municipal, con parroquias enteiras sin

servizo directo como Teis, Candeán, Sampaio, Cabral, Coruxo, Saiáns, Oia ou Comesaña, entre outras.

-O estudo de posibles bonos que abaraten o servizo ou mesmo o convirtan en gratuito para determinados colectivos de pacientes, familiares de enfermos crónicos ou usuarios habituais do hospital.

Polo anteriormente exposto, instamos ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte

#### ACORDO:

Crear un grupo de traballo urxente entre o goberno local e Vitrasa, coa participación da federación de asociacións de veciños e dos grupos da oposición municipal, para analizar os resultados do devandito plan de transporte ao hospital público Álvaro Cunqueiro de Vigo e estudar a introducción de melloras á maior brevidade posible.”

Con data 1 de setembro de 2015, a Comisión Informativa de Transporte, Proxectos, Emprego, Economía, Parques e Participación ditaminou favorablemente dita proposta.

#### DEBATE.-

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Nestes intres urxe facilitar aos cidadáns o transporte axeitado e rápido que necesitamos todos para achegarnos ao Álvaro Cunqueiro, se temos en conta as liñas e frecuencias existentes nestes momentos, dende Teis, Cabral, Saians, Oia, Navia, Poulo, Zamáns, Candean, Castrelos, San Paio e Coia é imposible que a mobilidade que se ofrece cubra as necesidades de tódolos veciños/as da cidade. Lembramos que os profesionais do hospital teñen contratado un transporte privado para ir a traballar por falla de transporte público polas mañás, quéixanse os cidadáns que a día de hoxe ir e volver en autobús supón dúas horas, escoiten aos cidadáns Sr. Caballero, a través do seus representantes elixidos tan democraticamente como foi vostede con maioría absoluta.

Son as parroquias as que a través das súas asociacións as que coñecen a realidade, no movemento veciñal Sr. Alcalde, houbo sempre e seguirá habendo persoas que por riba de cartos e ameazas ruíns, primen as necesidades veciñais, déixese de

“palmeros” que compra vostede para que lle aplaudan en tódalas partes. É coñecido por tódolos cidadáns que dende que se silenciou o movemento veciñal non existe dende o Concello coñecemento real do que acontece nin das necesidades cidadáns. Estes veciños que vostede trata de silenciar, entregaron no seu día ao Sr. Julio Calviño, concelleiro de tráfico con vostede, un estudo completo das necesidades de cara ao transporte público e como solucionado feito por tódalas parroquias. A soberbia non lles deixou telo en conta e o transporte está como xa sabemos tódolos usuarios.

Dende o Partido Popular, este Partido Popular que avoga pola sanidade pública, polo transporte público e por un aparcadoiro público que vostede pode facer, instamos ao goberno con maioría absoluta en Vigo, xa o digo para que non mo digan catro veces, a crear unha mesa de traballo onde estean VITRASA, goberno municipal, Marea de Vigo, Federación Veciñal, Partido Popular e Entidades relacionadas cos enfermos crónicos, minusválidos, sen teito etc. porque non chega que se solucione o transporte tamén hai que falar dos dereitos dalgúns pacientes, das instalacións de marquesiñas que está totalmente abandonado, demostre que lle preocupan os cidadáns, deixe de boicotear o hospital, ademais dos aparcadoiros faga algo útil e non xogue politicamente cos enfermos da cidade de Vigo. De vía libre aos usuarios para que poidan utilizar os terreos do Concello para poder aparcar, sexa vostede xeneroso, e vou aproveitar que quedan dous minutos, simplemente para preguntar se hai que ser tan groseiro neste Pleno para poder vir a el, porque eu estou verdadeiramente sorprendida, eu nunca fun concelleira, estou realmente sorprendida da grosería que hai neste Concello, de verdade que si, eu non sei se lles pagan a algúns por facelo ou se realmente o teño que pedir para que me paguen por facelo tamén, espero que me conteste.

PRESIDENCIA: Eu esíxolle respecto aos membros deste Pleno.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Isto é un circo promovido por vostede.

PRESIDENCIA: Eu esíxolle respecto aos membros deste Pleno.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Eu recomendaría a partires de agora unha lectura literal

das mocións porque senón parece ser que puidera haber interpretacións un tanto estrañas.

Respecto á moción presentada, a Marea de Vigo dentro dos seus principios fundamentais ten a participación cidadá e dos diferentes colectivos sociais e políticas en tódalas áreas de decisión da nosa cidade. As carencias do novo hospital son múltiples e afectan a tódolos ámbitos do servizo, moitas, senón todas destas deficiencias son produto dun modelo que está totalmente...

PRESIDENCIA: Señor concelleiro, esta moción trátase do plan de transporte.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Agora mesmo vou a elo.

PRESIDENCIA: Lémbrollo, devolvéille o tempo pero hai unha parte do Regulamento que di que nos atañamos as cuestións.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: É un apunte para contextualizar nada máis.

O cambio dun proxecto totalmente público a este eufemismo fixo que o proxecto orixinal sufrise uns recortes que só poden ser explicados polo sistema de control da concesionaria. Este modelo é un fracaso pola cesión dun sector estratéxico para o noso país como a saúde pública, pero tamén un fracaso porque nin sequera se cumpriron os criterios que teoricamente se buscaban, que é un supoñer serían un aforro as arcas públicas mantendo a calidade do servizo.

Para paliar no posible estas carencias a día de hoxe, é necesario que esta institución faga todo o posible para mellorar o servizo, todo que estea dentro das posibilidades do Concello debe ser realizado coa máxima axilidade posible no que poderíamos chamar unha política de redución de danos para que a cidadanía que sinta polo menos, dende esta Corporación tómanse tódalas medidas posibles para que ese intento do hospital deixe de ser, na medida do posible, unha burla para as usuarias/os.

O Consello de Participación Cidadá dentro dos seus consellos sectoriais, consta dunha comisión denominada Concello Municipal de Transporte Urbano Colectivo de Viaxeiros, o que piden vostedes na súa moción non é máis que a activación dese Consello Sectorial e polo tanto unha maior participación dos axentes vivos da

cidade nas políticas que ten que desenvolver esta Corporación. Polo tanto, neste votación e cumprindo a nosa intención de facer unha política sempre construtiva e deixando de lado algunhas contradicións nas que están a caer, terán o noso voto a favorable.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade é que eu tiven bastante dúbidas de como contestar esta moción, tiven dúbidas porque pensei, despois de estar esta mañá falando en varias mocións do hospital, falando deste hospital privado que nós levamos reclamando que fora público dende hai moito tempo, eu pensei que o Partido Popular neste Pleno comezaría pedindo desculpas, polo insultos que o Vicepresidente o Sr. Rueda lle fai aos cidadáns, pedindo desculpas polo que o Presidente do Goberno o Sr. Feijóo lle fai aos cidadáns e pedindo desculpas polo que a voceira do Partido Popular lle fai aos cidadáns, pero todo o contrario, insúltannos e ao mesmo tempo chámannos groseiros. Eu non dou crédito, pensei que comezarían desculpándose, pedindo perdón ás viguesas/es polo feito de construír un hospital privado cando o resto das cidades de Galicia teñen un hospital público, eu pensei que o Partido Popular pediría perdón polas declaracións do Sr. Feijóo dicindo que eran ingratos tódolos que se manifestaban, pensei que o Partido Popular ía pedir perdón polas declaracións do Sr. Rueda que dicía que os manifestantes eran carroñeiros e demagogos, non só os manifestantes senón tódolos que convocaban esta manifestación, pensei que o Partido Popular pediría perdón polas verbas da Sra. Muñoz por chamar ao Alcalde axitador por convocar esta manifestación, gracias Presidente desta cámara, gracias Alcalde por convocar esta manifestación. Non podedes dar a volta, non podedes dicir que este goberno non está cos cidadáns, este goberno estivo nesta manifestación cos cidadáns da área.

Non podedes dicir que non estamos coa xente, estamos cos vigueses/as, señores do Partido Popular teñen que facer unha reflexión, cando se equivoca un debe pedir perdón, eleccións de democracia cando acabamos de votar en maio e acaban de perder seis concelleiros, cando acabamos de votar e os cidadáns de Vigo dinlle que perderon a confianza con vostedes, a verdade é que non o podo entender.

Estes escasos concelleiros, estes sete concelleiros do Partido Popular en Vigo apoian ao Sr. Feijóo nas súas declaracións cando tiñan que apoiar as máis de

200.000 persoas que se manifestaron na cidade de Vigo, o Sr. Feijóo di que é indigno toda a xente que se manifestou na cidade de Vigo, que son irresponsables, que a xente que convoca a manifestación a prol da sanidade pública é irresponsable e indigna.

PRESIDENCIA: Sr. Regades, o tema vai de transporte.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Transporte ao hospital de Vigo, claro, unha persoa que xa lle digo antes de que a descualifiquen, un veciño de Teis, D. Gabriel Fernández Barreiro, estudou no colexio público Frián de Teis, escribenos un facebook, non é militante do Partido Socialista, xa lles aviso aos señores do Partido Popular e da Marea de Vigo, non descualifiquen nin chamen a este señor “palmeiro” porque é un acto público que fai, escribe falando do transporte público no seu facebook “estou ingresado no Álvaro Cunqueiro, quero deixar constancia da miña experiencia, son un paciente oncolóxico que por desgracia ingresei neste negocio de hospital. Un hospital que quero darlle as grazas aos profesionais del e non á dirección privada que ten, os profesionais son unha marabilla, e eles igual que nós estamos a sufrir as consecuencias dunha apertura falsa e política por motivos electorais, que saiba a cidadanía que aquí cobran por todo menos por respirar, o servizo privado de cociña é un desastre, se queres bebidas tes que pagalas, se queres ver a televisión son 1,8 céntimos a hora, internet 0,98 euros a hora, un auga 1,08 euros, negamos a auga, medio litro á hora con estes datos fagan vostedes contas, non falo do aparcadoiro porque grazas ao Concello pódese vir ao autobús, agora os señores do Partido Popular falan de manipulación, isto é unha vergoña e un negocio ilexítimo que intentan sangrar a tódolos cidadáns cos nosos cartos, que nos queda dunhas míseras pensións que temos de enfermidade”. Isto é o que di, eu saio á rúa, o Alcalde sae á rúa e ninguén fala das deficiencias do transporte, falan das deficiencias do hospital por que? Porque despois de pedir os datos numerosas veces ao hospital temos liñas cada 10 minutos, garantida a liña 6 a 12, a H1, a H2.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Eu de verdade que estou verdadeiramente sorprendida de que se arroguen á representación de toda esa manifestación, eu tamén iría se o Sr. Alcalde, que gañou con maioría absoluta, dime que vou morrer indo a ese

hospital, eu tamén iría a esa manifestación. Mente cando fala, claro que iría, porque está mentindo cando di que corre risco a saúde da persoas, non me creo o que acaba de ler, levo moito tempo escoitando cousas que fai o Partido Socialista, non me creo nada do que acaba ler, estou segura de que está tramado porque é como levamos moitas persoas vendo como traballa vostede, entón non me creo nada. Eu si lle pido ás persoas e ao público perdón polo escenario que estamos dando, polo circo mediático que estamos facendo aquí e que está avalado e provocado totalmente polo Sr. Alcalde, diso si lle pido perdón.

Cando se fala de medo, cando se lle di ás persoas que o votaron, porque son moitas os que o votaron por suposto que si, e iso esixe moita responsabilidade Sr. Alcalde, as maiorías absolutas igual que dan representación tamén a quitan non se esqueza vostede, hai que ter seriedade cos veciños, non se lles pode mentir, se a min me di vostede se o voto, que vou morrer nese hospital eu tamén vou a manifestación, está vostede mentíndolle á xente, todo o tempo. Non me creo nada do que dixo.

*(No momento da votación atópase ausente o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero)*

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 26.08.2015 (Rex. Nº 1168/1101), polo

concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Piñeiro López, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.3(159).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A INCLUÍR NO PROXECTO DE ORDENANZAS FISCAIS UNHA REBAIXA NOS IMPOSTOS E TAXAS MUNICIPAIS DE, Ó MENOS, UN 2%. REXISTRO PLENO 1169/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de agosto de 2015, número 1169/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Desde o grupo municipal do Partido Popular sempre defendemos, tendo en conta a carga impositiva excesiva que soportan os vigueses, a necesidade de que se baixen os impostos e taxas municipais. Esta reivindicación é o motivo polo que este ano 2015 baixáronse os impostos un 1,4%.

Nestas datas están a prepararse as ordenanzas municipais para o ano 2016. Estes orzamentos están a elaborarse nun contexto económico moi distinto ao dos últimos anos de crises que se estivo vivindo.

É o momento por tanto, de que os cidadáns perciban nos seus petos de forma clara esa mellora da situación económica despois dos sacrificios que estiveron asumindo nestes anos. É leste o motivo polo que tanto desde o goberno de España como desde o goberno autonómico xa se anunciaron rebaixas de impostos que se incluírán nos seus orzamentos para o 2016.

Entendemos que desde o goberno municipal débese seguir nesa liña, non só por esa mellora da situación económica, senón pola boa situación financeira do Concello á que continuamente fan referencia os responsables municipais.

É, por tanto, imprescindible que se de un paso máis na rebaixa impositiva realizada a instancia deste grupo municipal neste ano e inclúase nos orzamentos para o ano 2016 unha rebaixa do 2% de todos os impostos e taxas municipais. Esta rebaixa é asumible e compatible co importante reforzo que se debe realizar tanto das políticas sociais como dos investimentos que necesitan os cidadáns.

A esta medida débese sumar o establecemento de bonificacións fiscais que atendan ás necesidades de colectivos especiais, sociais e económicos da nosa cidade.



Polo anteriormente exposto, instamos o Pleno da Corporación á adopción do seguinte

ACORDO:

“Instar o goberno municipal a incluír no proxecto de ordenanzas fiscais para o ano 2016 unha rebaixa lineal dos impostos e taxas municipais de, polo menos, un 2%, e articular bonificacións fiscais que teñan en conta a situación de colectivos específicos.”

Con data 1 de setembro de 2015, a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Despois desta intervención do Sr. Regades na que non falou nada do transporte público ao hospital, espero que na intervención do concelleiro socialista polo menos poidamos falar de impostos e das taxas que van a pagar tódolos vigueses o próximo ano.

A verdade é que vostedes teñen unha preocupante obsesión por subirlle os impostos ao vigueses/as, están obsesionados por subir impostos, é o que queren facer, fixérono tódolos anos dende que gobernan, ata que chegou o ano 2013 en setembro no momento de aprobar as ordenanzas fiscais para o ano 2014 e, de repente, non se sabe moi ben por que, din que os van conxelar, logo falaremos do concepto que teñen vostedes de conxelación de impostos, pero nese momento, en setembro de 2013, declara o Alcalde de Vigo que o Concello decidiu por primeira vez na historia non aplicar o IPC para axudar aos cidadáns e que isto en efecto é a maior redución de impostos municipais que houbo na cidade e ademais xustificouno en que a situación do concello así o permitía.

Isto é o que fixeron no ano 2013 para os orzamentos do ano 2014, presumindo desa baixada impositiva que facían, desa conxelación de impostos, pasou o ano 2015 no que efectivamente baixouse os impostos porque pediuno este grupo municipal, dende logo coa esixencia deste grupo municipal e agora neste momento no que se está empezando a recuperar a economía para o 2016 como é a súa

obsesión, volven outra vez cunha subida impositiva. E cando se propoñen esa subida impositiva e din, como facemos para subir os impostos? Ten que buscar unha excusa porque evidentemente hai buscar unha excusa para poder subir os impostos, que pasa? O IPC que usaban ata o de agora non lles valía do último ano porque o IPC do último ano baixou, e iso obrigáballes a baixar os impostos que era o que tiñan que ter feito a tódolos vigueses, pero como non lles chegaba ese ano buscaron o horizonte temporal suficiente para conseguir o que pretendían que era subir os impostos un 1,1% a tódolos vigueses.

Despois vou facer referencia a esa subida ou desa excusa do IPC que están utilizando, pero agora tamén quero facer referencia a unha subida que me parece particularmente grave e é a do IBI rústico, era do 0,3 e pasa a ser o 0,66% coa subida que fan máis que duplicar, pero o grave non é a subida do IBI rústico o grave é por que a fan, e fana porque hai unha sentenza do Tribunal Supremo que di que non se pode cobrar aos cidadáns o IBI urbano naquelas parcelas que están pendentes de desenvolvemento nun Plan especial, e como iso é o di a sentenza do Tribunal Supremo hai que cambialo e hai que catalogar, quitar e deixar de cobrar a tódolos cidadáns o IBI urbano, que é moito máis alto, e cobrarlle o IBI rústico. E que fan vostedes? Lonxe de respectar a votade da norma que di que xa que eses terreos os usuarios non poden facer nada con eles porque están suxeitos a un desenvolvemento urbanístico e polo tanto na práctica non valen nada porque non poden facer nada con eses terreos, o que fan é vulnerando esa filosofía do non imos cobrar polo que non vale, e aténdose ao criterio de capacidade económica, como vostede ben sabe, que é un dos criterios que se utilizan en materia impositiva, o que fan é duplicalo, acercándoo o máis que puideron o IBI rústico ao urbano e vulnerando o espírito desa sentenza para seguir recadando de tódolos vigueses.

Simplemente quero deixar aquí constancia de que non estamos de acordo co novo padrón que aprobaron, con ese cambio e ese paso de parcelas do IBI urbano ao rústico, cremos que hai moitas máis parcelas que hai que pasar ao IBI rústico e que non se pode seguir cobrando aos vigueses cando hai pendente o desenvolvemento do Plan parcial, desgraciadamente como esta cidade é un caos a nivel urbanístico, pois aí viron vostedes que había un gran risco de perder moitos fondos e entón fixeron esa reasignación.

Aquí non se constrúe ningunha vivenda nova dende hai moitos anos, e iso sábeno tódolos vigueses, pero como dicía buscaron a escusa do IPC para subir os impostos do IPC dende o ano 2012 ao ano 2015, pero eu creo que non se fixaron ben e non leron cal é a normativa aplicable, que é a día de hoxe nesa famosa lei que antes non sabían moi ben como se chamaba, pois lles digo é a Lei de desindexación da economía española, que é moi fácil o que di, que non se pode utilizar o IPC para revalorizar entre outras cousas as taxas municipais, é exactamente o que vostedes fan ao longo de todo o expediente, iso o presentamos nas nosas alegacións e aquí está a lei na que textualmente di que “o criterio dos prezos, que non se poden utilizar a modificación en virtude de índice de prezos ou fórmulas que o conteñan”, non é posible porque non é legal.

Polo tanto, a escusa que se buscaron é ilegal, señor concelleiro, e esperamos que a retiren.

SR. PÉREZ CORREA: Nós imos tentar, creo que é un criterio de deberíamos utilizar todos, ser fieis ao que se propón nesta moción, non a aseveración sobre o que teñen que ver outro tipo de cousas como poden ser a proposta de novas ordenanzas e prezos e taxas, que a Marea de Vigo xa formulou as súas emendas que nos consta que están sendo estudadas polo concelleiro de Facenda.

Nós imos ao contido desta moción coa que non estamos de acordo. Primeiro porque dentro do noso credo ideolóxico, si posiblemente moitos da xente de Marea de Vigo somos comunistas iso non hai ningún problema que saiba eu polo menos de legalidade dende o ano 1976, e dentro do noso credo existe unha cousa que é a fiscalidade progresiva, e dentro do noso credo foi unha pelexas que historicamente o Partido Comunista introduxo na proposta de Constitución, que naquel momento levaba o Sr. Solé Tura dentro da proposta para o proxecto de construción española e, por iso o artigo 31 introduce o criterio de fiscalidade progresiva na que nos cremos. Nós estamos en contra das baixadas xeneralizadas de impostos como estamos en contra da subidas xeneralizadas de impostos e pensamos que esta moción o que introduce e precisamente unha trampa. Trampa en primeiro lugar porque nos últimos anos temos nesta cidade, en tódalas grandes cidades que estaban en situación catastral como a nosa, a maior subida da historia da maior taxa que é o IBI, foi argumentada polo Partido Popular, esa subida do 10% que

significou que tardaremos moitos anos en poder volver a recuperar unha contribución relativamente normal con ese incremento do 10% que en teoría era temporal e que durante moitos anos foise consolidando e agora forma parte do recibo que tódolos anos pagan os veciños/as de Vigo, pero que en teoría se introducía como algo temporal para precisamente esa situación de crise que se vivía naquela altura. Polo tanto, o primeiro reclamarlle ao Partido Popular que desapareza dunha vez por todas a subida do 10% que dende hai catro anos se introduce no IBI que como sabemos é o imposto que máis supón dos gastos das familias viguesas.

Logo porque tamén entendemos que as ordenanzas municipais non só agora neste exercicio senón en tódalas lexislaturas non existe unha baremación como nós pensamos que existen noutros concellos que se ten que introducir para que o pago de impostos e taxas sexa en base ao nivel de renda, e que ese criterio tamén se aplique non só no IBI introducindo tamén o valor catastral e outro tipo de factores correctores, agora mesmo só existe a cuestión da familia numerosa, nós pensamos que hai que ir, e algunha emenda que puxemos xa nese sentido para ir a outro tipo de fiscalidade progresiva que non só contempla cuestións das familias numerosas senón o nivel de renda das familias monoparentais, ou incluso o nivel de renda da persoa física que paga ese imposto.

Polo tanto, nós imos votar en contra desta moción entendendo que unha rebaixa xeneralizada nun contexto no que o Partido Popular está reducindo tamén os orzamentos da Xunta de Galicia, do Estado, dende logo quedaría completamente unha situación absolutamente dantesca de pedir unha rebaixa nalgunha administracións e non noutras.

Logo está a cuestión que a nós tamén nos preocupa, que se introduza, e nos estamos de acordo niso, que se introduza unha subida anunciada do IPC do prezos públicos para o Concello de Vigo do 1,1%, collendo de maneira “torticeira” eses tramos de IPC entre abril de 2012 e 2015, pero aí creo que nós imos facer unha achega, primeiro porque consideramos que esa suba non ten sentido despois do proceso electoral, como tampouco entendíamos que antes do proceso electoral se deran esas supostas conxelacións que logo como estamos vendo a estamos a pagar vía achegas as concesionarias en moitos casos.

Polo tanto, imos votar en contra desta moción porque o espírito é absolutamente

contrario á fiscalidade progresiva que ten que defender a esquerda, e por suposto que tamén, nas propostas que estamos a introducir de reforma das ordenanzas fiscais para o 2016 introduciremos cal é para nós ese baremo que ten que facer que algunha xente incluso se lle incrementen os impostos e que a outra xente, a maioría dos vigueses/a se lle reduza e incluso se lle exima do pago no caso das rendas por debaixo do salario mínimo interprofesional.

SR. ANEIROS PEREIRA: O texto da moción propón unha rebaixa de polo menos o 2%, con tódolos respectos Sra. Muñoz pero de que nos está a falar? A proposta que fan é como mínimo temeraria e demagóxica, paráronse a facer as contas do que supón en termos recadatorios esa baixada de polo menos o 2%? paráronse a facer as contas? Díganos, que partidas de gasto recortarían, que partidas? Díganos, para facer unha proposta de redución de impostos sería, teñen que dicir en que partida de gastos van recortar ese polo menos 2%. Son vostedes un perigo, están cambiando o nome do seu partido, e o partido do perigo, o partido da privatización, igual que co hospital queren privatizar as arcas públicas, non lles basta só con matar á sanidade pública senón que tamén queren baixar e matar as arcas públicas, os cartos públicos co que pagamos as necesidades de tódolos vigueses. Por favor sexan serios, non fagan propostas demagóxicas.

Que fai este goberno municipal en cambio? Este goberno continua coa súa política de axuda ás familias e de bonificación aos cidadáns de Vigo, saben canto gastamos en beneficios fiscais para as familias de Vigo? Pois máis de 6 millóns de euros nestes últimos anos. A rebaixa de impostos no ano 2015 e no ano 2014 e tamén no ano 2013 supuxo tamén unha redución do 5% da carga impositiva para as familias, mentres vostedes na Xunta de Galicia, si Sra. Muñoz, soben o canon de SOGAMA ao 34% só no ano 2014, nada máis e nada menos que o 34%. Por certo, canon de SOGAMA o que fai fronte este concello de Vigo sen repercutilo aos cidadáns, sabe canto pagamos os cidadáns do canón de SOGAMA? Mais de 8 millóns de euros, Sr. Fidalgo, se quere como lle gusta a precisión doulle a cifra exacta, 8.351.000 euros que paga este Concello de Vigo a SOGAMA pola subida da concelleira aquí sentada. Subiron o imposto de hidrocarburos ao máximo, elevando o prezo do gasóleo para os transportistas e para os profesionais, subiron o imposto sobre actos xurídicos documentados ao máximo, subiron un 2,7% do canón da auga e ademais

introduciron a novidosa medida tristemente para os cidadáns do copago educativo e do sanitario.

Que fai tamén o goberno do Sr. Rajoy? Miremos tamén cara o Estado, pois o Goberno do Sr. Rajoy nada máis e nada menos que así para 13 millóns de traballadores, que se di pronto, elimina os beneficios fiscais en función da renda para aqueles que ganan 14.000 euros que supón para as arcas públicas un ingreso de máis de 6.000 millóns de euros, cunha repercusión media por contribuínte, por traballador, unha suba de impostos polo tanto, de 240 euros por traballador e, non é un dato que invente eu, non é un dato que parta dunha estimación miña, é un dato que figura na memoria dos orzamentos xerais do Estado. Polo tanto, esa anunciada baixada de impostos do Sr. Rajoy é en realidade unha subida de impostos e sobre todo unha subida de impostos para as persoas que traballan, para a clase traballadora, está claro que o que queren un goberno de prexudicar aos traballadores e queren ós traballadores máis pobres.

Polo tanto, esta é a política do Partido Popular, unha teoría de ilusionismo financeiro que aparenta baixar impostos cando en realidade o que está a facer é subir os impostos a tódolos contribuíntes e máis aos traballadores con esta eliminación dese beneficio fiscal.

Este goberno municipal continúa coa súa política de conxelación, de mantemento da presión fiscal e de axuda aos cidadáns, as persoas que o necesitan, baixamos os impostos e sen embargo non recortamos nos beneficios fiscais ás familias, o importe dos beneficios fiscais no IVE para as familias numerosas, sabe en canto está? 275.000 euros, cun conxunto de beneficios fiscais de 520.000, no imposto de vehículos bonificamos aos vehículos menos contaminantes e os de menor peso contaminante, no imposto sobre a plusvalía bonificamos as transmisións entre determinadas persoas unidas por vínculos de parentesco, bonificamos a taxa do lixo para aquelas persoas con necesidades económicas e tamén para as familias con necesidades e nomoparentais, é aquí onde temos estas medidas. Bonificamos a entrada no Instituto Municipal dos Deportes para as instalación deportivas.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que hai que recoñecerlles e hai que recoñecerlle Sr. Aneiros, a capacidade que ten para dicir o contraio da realidade e estar convencidos e parecer convencidos de que se cren que din a verdade. O que

é unha baixada de impostos que vai facer o goberno de España para vostede é unha subida, e o que vostedes van facer que é subirlle os impostos a tódolos vigueses para vostedes é unha conxelación, hai que pedir unha revisión do dicionario da Real Academia da Lingua Española adaptado ao seu grupo municipal porque realmente é chocante. Cando os vigueses reciban o recibo do IBI do ano que ven e vexan que pagan máis no ano 16 que no ano 15 a ver que pensan da súa conxelación real, porque a realidade é que vostedes van subir os impostos e as taxas e a verdade é que neste momento no que se está a iniciar a recuperación económica e no que se llo poden permitir, e como están facendo outras administracións que é baixar os impostos, que o está a facer o goberno de España, si baixar, e a Xunta de Galicia, si, iso si é baixar, vostedes queren subir. É ilegal a subida que propoñen e ademais é inxusta, ademais se tanto presumen de débeda cero, que dende logo nós non compartimos que teñamos débeda cero, temos débeda que se reduciu pero non temos débeda cero, se tanto presumen da situación financeira extraordinaria e que somos o Concello máis saneado de España, o Concello de Vigo, entón porque soben os impostos, si somos os máis saneados, os que temos mellor saúde financeira por que seguen obrigando a tódolos vigueses a facer sacrificios e cobrándolles máis impostos. Dende logo, é moi pouca vergoña política porque seguen subíndolles e dinlles á cara que os conxelan, pois non, nós queremos que se baixen como mínimo un 2%, porque entendemos que se poderían baixar aínda máis, máis dun 2%, porque o custe, que sería aproximadamente de 2 millóns de euros, claro que o temos calculado Sr. Aneiros, o que pasa é que nós o que cremos é que vostedes están ocultando a situación financeira real do Concello, que teñen que tapar moitos buratos, que teñen que darlle moitos cartos ás concesionarias aínda, non aos 6.500.000 de euros, non aos 3,9 millóns de euros que aprobamos hoxe cos seus votos, e cos que nos non estamos de acordo, moito máis que terán que tapar e están a utilizar para tódolos vigueses. Claro que queremos e que cremos que se poden baixar os impostos, vostedes que defenden a cidade, esta subida é inxusta, é ilegal, vai en contra dos intereses dos cidadáns e da cidade, esa que din tanto defender, claro que as palabras son gratis porque se cobrarán vostedes cargaríanllas a tódolos vigueses.

*(No momento da votación atópase ausente o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero)*

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 26.08.2015 (Rex. Nº 1169/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.**

##### **4.A.1(160).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A QUE DEIXE DE BOICOTEAR A POSTA EN MARCHA DO HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO E TRABALLE DE XEITO URXENTE NA MELLORA DOS SERVIZOS BÁSICOS. REXISTRO PLENO 1195/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 4 de setembro de 2015, número 1195/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,



## MOCIÓN

“A posta en marcha do novo hospital público de Vigo Álvaro Cunqueiro ten suscitado unha grande expectación na cidade, pola súa complexidade e magnitude, e tamén pola dimensión do equipamento, que prestará servizo dende Vigo a unha poboación superior aos 600.000 habitantes de toda a zona sur da provincia de Pontevedra.

Nas primeiras semanas de actividade no centro hospitalario, o equipo técnico do Sergas está a tratar de solventar todos os problemas derivados de esta complexa operación e ten solicitado o diálogo e a axuda tanto de profesionais como das institucións públicas.

O Concello de Vigo ten boicoteado este equipamento de grande transcendencia para Vigo e a súa área metropolitana desde o primeiro momento. Deste xeito, a institución municipal negoulle ao Sergas os terreos, non se colaborou na posta en marcha dos viais de acceso, nin coa chegada ao centro de servizos esenciais como a electricidade, auga, saneamento ou gas.

Este grupo municipal do Partido Popular está a traballar coa Xunta de Galicia e co Concello de Vigo na elaboración de propostas para solucionar calquera demanda social e cidadá relacionada co novo hospital. Lamentablemente non sucede así co goberno municipal, que estes días mesmo chegou a utilizar de xeito lamentable o pasamento dunha paciente para xerar unha alarma social inxustificada.

Como queira que a poboación viguesa ven demandando a corrección de todos os problemas e a mellora dos servizos anexos ao complexo sanitario, o grupo municipal do Partido Popular presenta perante o Pleno Municipal de Vigo a seguinte:

### MOCIÓN URXENTE:

Instar ao goberno municipal a que deixe de boicotear a posta en marcha no novo hospital público de Vigo Álvaro Cunqueiro e traballe de xeito urxente na mellora de servizos básicos para este centro como a creación de aparcamentos alternativos ou a mellora xeral dos accesos.”

### DEBATE.-

PRESIDENCIA: Había unha moción urxente de Marea de Vigo que entendo que queda subsumida na declaración institucional, na que está recollida o espírito desa moción urxente e polo tanto aceptada de forma global na declaración institucional. Hai unha moción urxente do grupo do Partido Popular á que debo dicir que se lle

propuxo que alterara a orde do día, no sentido de que renunciaran a unha das súas mocións ordinarias para presentar unha moción urxente que non é urxente, non hai tal urxencia. Pero críamos que se podería debater esta cuestión sobre o hospital, e se lle propuxo verbalmente ao grupo do Partido Popular que fixera exactamente o mesmo que fixo o grupo do Partido Socialista, o Grupo Socialista renunciou a unha moción que ía presentar e presenta unha sobre o hospital que foi aprobada, porque non queremos sentar o precedente de que se utilicen as mocións urxentes como un artificio para presentar unha moción máis. Polo tanto como había tempo, e o grupo Socialista fíxoo, porque a moción do hospital que presenta e se debateu polo grupo Socialista foi presentada o pasado venres, no momento no que o grupo do Partido Popular presentaba unha urxente, había tempo para facelo por vía ordinaria e falamos con eles para que renunciaran a unha moción das ordinarias e puxeran esa urxente que lles parecía tan importante, dado que a resposta foi que non a partires de aí cumpre a votación da urxencia e polo tanto procedemos, imos votar a urxencia.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Unha cuestión de orde, quería intervir antes desa votación.

PRESENCIA: Señora concelleira as palabras as da o Presidente neste Pleno, e a palabra voulla dar, pero espero a que lla dean, hai unha cortesía parlamentaria, vostede pida a palabra eu voulla dar porque é unha moción de orde e voulla dar, pero espere que o Presidente dea a palabra.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Unha moción urxente presentada por este grupo municipal ao que se lle obrigou a presentar unha moción urxente nunha hora, dándolle un ultimátum de que tiña que ser antes das once da mañá do venres despois da Xunta de Voceiros, presenta unha moción urxente e despois se lle rexeita, hai diferenza entre moción ordinaria e moción urxente, e no estamos dispostos a substituír ningunha moción ordinaria das que presentamos por unha moción urxente porque perde o seu sentido, a súa moción probablemente non era urxente e por iso a transformaron en ordinaria, a nosa si o era, seguimos mantendo que é urxente e polo tanto votaremos a favor da urxencia aínda que vostedes a tiren para abaixo como están tirando tódalas mocións que se presentan por parte deste grupo

municipal.

PRESIDENCIA: Señora concelleira, a nosa moción era sobre o hospital exactamente igual que a súa, e nós consideramos que tiña a urxencia e era moi importante e renunciámos a unha ordinaria e propuxemos unha moción que se debateu, que foi a moción 5.4 que presenta o grupo Socialista se redacta o venres e se presenta quitando unha moción ordinaria que íamos a poñer, se lles di a vostedes que estamos dispostos a aceptar esta moción, que vostedes consideran urxente, supoño que é importante, asumindo o mesmo criterio porque había tempo para facelo, e vostedes decidiron que non, sabe por que? Porque queren aproveitar as mocións urxentes para poñer unha máis da que lle corresponde, e iso é un principio que xa avisamos que non imos a consentir. Eu pódolle dicir que considero que a moción que presentaba Marea era unha moción urxente, nas circunstancias e no momento o era, fixemos unha declaración institucional decidiron retirala, poderían tela presentado e eu particularmente houbera votado que si, esta é unha moción que vostede poderían haber introducido exactamente igual que fixemos nós, pero decidiron que non, que tiñan outras prioridades e polo tanto no a introduciron. Cumpre polo tanto, votar a urxencia.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Entón pido que se inclúa na orde do día esa proposta de moción aínda que se vote que non é urxente porque non está incluída na orde do día por decisión unilateral do Presidente.

PRESIDENCIA: Imos votar a urxencia.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font,

Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a urxencia da moción.

## **5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

## **6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

PRESIDENCIA: Debo facer unha observación con respecto ás preguntas do Grupo Municipal de Marea de Vigo, que presenta unha pregunta que ten catro preguntas subsumidas, e polo tanto consideramos que son catro. Despois presenta outras dúas, significa que presenta seis preguntas, parece razoable que renunciem a dúas, e propoñan as outras catro. O Grupo Popular ten dúas polo tanto ímoslles dar a palabra ao Grupo de Marea de Vigo para a formulación, unha a unha, das catro preguntas que considere.

### **6.1(161).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO ÁS CESIÓNS OBRIGATORIAS A FAVOR DO CONCELLO DA PROMOTORA IFER.**

SR. PÉREZ CORREA: Discrepamos dese criterio, pero como sabemos como funciona este concello, simplemente a pregunta sería, se se efectuaron ou vanse efectuar as cesións obrigatorias, gratuitamente, libres de cargas do solo dimanante do aproveitamento urbanístico que corresponde a este Concello por exceder do susceptible de aprobación privada nos termos establecidos no apartado b) do artigo 18 do mesmo corpo legal, na seguinte actuación, unidade de execución I/04 unión cervexeira da promotora IFER S.L.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Respondendo ao cumprimento legal que é ao que vostede fai referencia, cumpríronse tódolos requisitos legais que eran de aplicación nese momento.

**6.2(162).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. JÁCOME ENRÍQUEZ, RELATIVO A DATA DE INICIO DO CURSO DA ESCOLA INFANTIL DE NAVIA.**

SR. JÁCOME ENRIQUEZ: Vai estar mañá, día 9 de setembro, a Escola Infantil de Navia aberta e en condicións para o inicio do curso escolar, tal e como se lle informou aos pais/nais dos nenos/as matriculados?

SRA. ALONSO SUÁREZ: Abriremos no mesmo momento en que teñamos autorización da Xunta de Galicia. Isto mesmo se lle informou ás familias, trasládennlle vostedes esta mesma pregunta ao Presidente da Xunta de Galicia, que é a que está boicoteando a apertura das escolas municipais de Vigo.

**6.3(163).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO AO USO DO GALEGO POLOS CARGOS DO CONCELLO.**

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Ten a intención o goberno municipal de cumprir e facer cumprir a Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística, de 17 de maio de 1989, concretamente no seu artigo 11, do capítulo I, onde di que os cargos do concello se expresarán, normalmente en galego nos actos públicos tendo en conta que este Pleno é público?

SR. BLANCO IGLESIAS: Normalmente xa nos estamos expresando en galego.

**6.4(164).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO ÁS DENUNCIAS PRESENTADAS SOBRE O ALBERGUE MUNICIPAL.**

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Nos últimos días, usuarios do Albergue Municipal, situado na rúa de Marqués de Valterra, trasladaron ao Grupo Municipal do Partido Popular copia das denuncias presentadas no propio albergue e tamén no Rexistro deste Concello, aludindo a graves problemas de funcionamento no devandito centro.

PRESIDENCIA: Lea a pregunta, aquí non hai exposicións.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Tendo en conta todo o que poñía alí, cales son as medidas adoptadas por este goberno de Vigo perante as denuncias interpostas por usuarios do Albergue Municipal, tralas investigacións das mesmas que supoñemos terán levado a cabo?

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: A que goberno se refire? A que goberno se está a referir a señora concelleira?

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: O que ten maioría absoluta responsabilidade total neste cidade do que sucede.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: O único goberno da cidade de Vigo.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Que se adica a privatizar aos pobres.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Acaba de dicir vostede unha barbaridade, que privatiza aos pobres, vostedes os do Partido Popular, que nin en A Coruña, nin en Santiago de Compostela, nin en Ferrol, nin en ningún sitio de Galicia foron capaces de crear un albergue e din que privatizamos aos pobres, está dicindo unha

barbaridade, non merece nin que lle conteste, unha barbaridade.

Non hai ningún problema no Albergue, o que hai é unha autorización por parte de vostedes, e onte comprobeino directamente, están utilizando dunha forma totalmente irresponsable a unha persoa que ten problemas mentais, son vostedes uns irresponsables, non teñen nin idea, inviteina a que foran alí, vaia alí, vaia a ver como funciona o Albergue, que foi o Partido Socialista e foi o Goberno de Vigo o que creou ese Albergue, competencia da Xunta de Galicia, impórtalles a vostedes os pobres nada, “cero patatero”, deixen polo menos traballar aos que si nos preocupamos polas persoas.

**6.5(165).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO AO DESPRAZAMENTO DO SERVIZO DALGÚNS POLICIAS .**

SR. GAGO BUGARÍN: Vou facer unha pregunta oral e outra escrito, empezo pola escrita.

PRESIDENCIA: Primeiro as escritas que teñen prioridade.

SR. GAGO BUGARÍN: En relación á visita de varias policía locais a toda a planta, que foron recibidos por min, pregunto se se vai poñer en marcha algunha comisión de información ou investigación para determinar cales son os criterios polos que se desprazaron do servizo a 100 policía e que manteñen a algún deles en reclamacións por vías xudiciais.

SR. LÓPEZ FONT: As decisións están adoptadas dentro da legalidade e o bo criterio

**6.6(166).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO AOS**

## **INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA EN VIGO.**

SR. GAGO BUGARÍN: A pregunta oral é, vai seguir esixindo o Alcalde de Vigo na súa defensa dos intereses da cidade que a Deputación de Pontevedra invista 50 millóns de euros en Vigo.

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e cincuenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.